Sobre os novos problemas xurdidos na estrada LU-651, na serra do Courel, logo do derrubamento que sufriu hai máis de dous anos
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 11594 (12/POC-001953)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa Olalla e Rodil Fernández, Olalla
Sobre a valoración por parte do Goberno galego do *Informe sobre violencias sexuais 2023*, as súas conclusións e as actuacións que vai impulsar para reforzar e ampliar recursos de prevención e de atención ás vítimas
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 11602 (12/POC-001954)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria
Sobre as causas de que non permaneza en Galicia unha alta porcentaxe dos profesionais que rematan a súa formación MIR
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2024
María Elena Candia López
Vicepresidenta 1ª

CSV: BOPGDSPG-RAMIUGhsZ-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 11136
Data envio: 13/09/2024 09:13:38.098

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Iria Carreira Pazos** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a situación da Hospitalización a Domicilio.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Hospitalización a Domicilio é unha opción o tratamento de pacientes que está gañando un maior desenvolvemento nos últimos anos e que supón unha mellora en moitos puntos a respecto da hospitalización tradicional. Permitir que as pacientes se atopen no seu domicilio e ambiente habitual, mellora a autonomía das pacientes ao tempo que se incrementa a súa calidade de vida e se humaniza o proceso asistencial.

Non obstante, esta opción require dunhas características que non permiten que sexa aproveitada por toda a poboación. Ademais da propia patoloxía e condicións de cada paciente e de aceptar este modelo de hospitalización, é preciso unha rede de apoio con persoas que asuman o seu coidado máis directo mais tamén outros coidados máis especializados coma a realización de curas ou a administración de medicación. Tamén son precisos os medios materiais, cunha vivenda que reúna as condicións e cunha liña de teléfono accesible. Mais a pesar destas limitacións, a hospitalización a domicilio é unha opción demandada por moitas pacientes, en todas as áreas sanitarias, atopando non obstante con restricións no acceso que van moito máis aló das intrínsecas deste modelo.

A Estratexia HADO 2019-2023 recolle no seu eixo 4 o obxectivo de acadar a cobertura de toda a poboación de referencia, mais isto dista de ser real. Son moitos os concellos, os que se atopan máis afastados dos hospitais de referencia, que a día de hoxe



CSV: BOPGDSPGb6rAdJGvkz4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

non contan con servizo de hospitalización a domicilio, xerando unha inequidade entre as pacientes baseada unicamente no seu lugar de residencia. Preocupadas por esta grave situación de desigualdade, desde o BNG impulsamos un acordo para garantir a cobertura de toda a poboación a través da Hospitalización a Domicilio antes do remate da lexislatura, acordo que saíu adiante de xeito unánime. Pese a ese acordo, o certo é que a día de hoxe unha parte da poboación galega continúa sen ver garantido ese dereito.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

– Cal é o grao de desenvolvemento e implantación da Hospitalización a Domicilio no territorio?

– Por que aínda non se garante este servizo a toda a poboación galega que o puidese utilizar?

– Cales son as previsións para a súa implantación na totalidade da Galiza?

– Considera que a dotación de recursos humanos e materiais é suficiente para o seu desenvolvemento? Cales son as previsións de dotación de novo persoal?

Santiago de Compostela, 13 setembro de 2024

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

**Montserrat Prado Cores**

Deputadas do G.P. do BNG



CSV: BORSUDPCg-67ADsVCVsi7-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 11136
Data envío: 13/09/2024 09:13:38.098

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Iria Carreira Pazos na data 13/09/2024 09:04:02**

**María Montserrat Prado Cores na data 13/09/2024 09:04:29**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2024 11:00:30
Nº Rexistro: 11149
Data envio: 13/09/2024 11:00:30.063

PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

**Víctor Baladrón Lamas, Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Más, Pablo Prieto Perille, Alberto Pazos Couñago, María Felisa Rodríguez Carrera, Roberto Rodríguez Martinez e Katherinie Varela Fernández**, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario popular de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta oral para a súa resposta oral na Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

A Xunta de Galicia ven desenvolvendo a Estratexia Retorna a través da consellería de Emprego, Comercio e Emigración en colaboración con outros departamentos da administración autonómica. Implementando diferentes medidas de apoio para as persoas galegas residentes no exterior que contribúan ao retorno a Galicia.

Unha das medidas integrada, é a liña de axudas ao retorno emprendedor, que teñen por obxecto o auto emprego para a persoa retornada, aproveitando a experiencia e coñecementos adquiridos no seu país de orixe.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1.- Cal é o balance das convocatorias de liñas de axuda ao retorno emprendedor da Secretaría Xeral da Emigración?

2.- Como foi a evolución desta medida desde a súa posta en marcha?

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Víctor Baladrón Lamas na data 13/09/2024 10:41:36**

**Paula Prado del Rio na data 13/09/2024 10:41:59**

**Julio García Comesaña na data 13/09/2024 10:42:08**

**Alberto Pazos Couñago na data 13/09/2024 10:42:19**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

**Argimiro Marnotes Fernández na data 13/09/2024 10:42:28**

**Pablo Prieto Perille na data 13/09/2024 10:42:44**

**Paula Mouzo Mas na data 13/09/2024 10:42:52**

**María Felisa Rodríguez Carrera na data 13/09/2024 10:43:05**

**Roberto Rodríguez Martínez na data 13/09/2024 10:43:22**

**Katherinie Varela Fernández na data 13/09/2024 10:43:47**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BORISUBPG-RAMNJGc3-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2024 11:30:52
Nº Rexistro: 11155
Data envio: 13/09/2024 11:30:52.883

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández** e **Ariadna Fernández González**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a aplicación do novo decreto de valoración da dependencia e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza modificou o pasado ano o decreto que regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a autonomía e atención á dependencia co obxectivo, segundo o propio Goberno galego, de axilizar os tempos e trámites de valoración e simplificar a burocracia.

Recentemente, o Colexio Oficial de Traballo Social de Galiza denunciaba publicamente que a aplicación práctica da nova normativa estaba a causar máis demoras aínda das que xa existían previamente, sobre todo no primeiro dos trámites, a valoración do grao de dependencia.

Esta situación, sinalan desde o COTSG, débese a que o novo decreto esixe agardar pola aprobación do Plan Individualizado de Actuación (PIA) para a obtención do grao (Artigo 21 do Decreto) e, malia fixar un prazo máximo de 6 meses para ditar resolución e para practicar a súa notificación, a realidade é que os trámites tardan máis dun ano.

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2024 11:30:52
Nº Rexistro: 11155
Data envio: 13/09/2024 11:30:52.883

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Segundo os últimos datos publicados polo IMSERSO, en Galiza o tempo medio de agarda desde a solicitude da dependencia até a prestación do servizo sitúase en 386 días (agosto de 2024), un tempo medio de espera que continúa incrementándose.

Desde o Bloque Nacionalista Galego levamos anos denunciando esta situación que supón unha vulneración dos dereitos fundamentais das persoas dependentes e das súas familias.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Como cre que está a ser a Xunta de Galiza a aplicación do novo decreto de valoración da dependencia?

- Cónstalle ao Goberno galego o incremento das demoras na tramitación como denuncia o COTSG?

- Que medidas ten previsto adoptar o Goberno galego para garantir que a tramitación da dependencia cumpre cos prazos legalmente estabelecidos no noso País?

- Vai dotar de máis profesionais os Equipos de Valoración?

Santiago de Compostela, 13 de setembro 2024

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Ariadna Fernández González**

Deputadas do G.P. do BNG



CSV: BORISDIPCGAWJEGHsZ-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2024 11:30:52
Nº Rexistro: 11155
Data envio: 13/09/2024 11:30:52.883

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 13/09/2024 11:18:02**

**Ariadna Fernández González na data 13/09/2024 11:18:10**



CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2024 11:32:48
Nº Rexistro: 11158
Data envio: 13/09/2024 11:32:48.444

PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

**Víctor Baladrón Lamas, Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Más, Pablo Prieto Perille, Alberto Pazos Couñago, María Felisa Rodríguez Carrera, Roberto Rodríguez Martinez e Katherinie Varela Fernández**, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario popular de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta oral para a súa resposta oral na Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior**

A Secretaría Xeral da Emigración ten, entre outros obxectivos, o de manter o contacto das persoas galegas residentes no exterior coa súa comunidade de orixe: Galicia.

Para iso, a Xunta de Galicia promove diferentes programas, que posibilitan que persoas de todas as idades poidan vir a Galicia a coñecer a realidade actual, o patrimonio, a realizar tramos dos diferentes Camiños, a realizar voluntariado ou a visitar aos seus familiares, entre outras.

Sen dúbida, é unha experiencia única e, a maiores, constitúe unha oportunidade para que poidan valorar un retorno á nosa Comunidade Autónoma.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1.- Cales son os programas dos que dispón a Secretaría Xeral da Emigración para manter os vínculos coas persoas galegas residentes no exterior?

2.- Cal é o balance e o número de persoas participantes nos últimos anos?

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2024.

**Asinado dixitalmente por:**

**Víctor Baladrón Lamas na data 13/09/2024 11:26:01**

**Pablo Prieto Perille na data 13/09/2024 11:26:22**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2024 11:32:48
Nº Rexistro: 11158
Data envio: 13/09/2024 11:32:48.444

PARLAMENTO DE GALICIA

**Paula Prado del Rio na data 13/09/2024 11:26:38**

**María Felisa Rodríguez Carrera na data 13/09/2024 11:26:55**

**Roberto Rodríguez Martínez na data 13/09/2024 11:27:05**

**Argimiro Marnotes Fernández na data 13/09/2024 11:27:26**

**Katherinie Varela Fernández na data 13/09/2024 11:27:37**

**Alberto Pazos Couñago na data 13/09/2024 11:28:00**

**Julio García Comesaña na data 13/09/2024 11:28:22**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2024 11:45:40
Nº Rexistro: 11160
Data envío: 13/09/2024 11:45:40.684

PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

**Víctor Baladrón Lamas, Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Más, Pablo Prieto Perille, Alberto Pazos Couñago, María Felisa Rodríguez Carrera, Roberto Rodríguez Martinez e Katherinie Varela Fernández**, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario popular de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta oral para a súa resposta oral na Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

Estatuto da cidadanía española no exterior, aprobado mediante a Lei 40/2006, do 15 de decembro, configúrase como un marco xurídico que garante ás persoas residentes no exterior o exercicio dos seus dereitos e deberes constitucionais, establece no seu artigo 5 a asistencia e protección, por parte da Administración Xeral do Estado e as súas comunidades autónomas, no marco das súas respectivas competencias, daquelas persoas residentes no exterior que se atopen en situación de necesidade.

A Xunta de Galicia, en materia de emigración, establece como unha das súas áreas de actuación prioritaria a atención socio-asistencial digna para todas as persoas galegas residentes no exterior.

Estamos a falar de diversos programas co obxectivo de paliar a carencia de medios económicos e afrontar as necesidades básicas de subsistencia e atención socio-sanitaria.

Con isto, o goberno autonómico, a través da consellería de Emprego, Comercio e Emigración pretende, nunha actuación coordinada co Goberno central, consolidar unha política de atención e protección das persoas galegas residentes no exterior.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta:

1.- Que valoración fai a Xunta de Galicia das medidas adoptadas en material social a favor das persoas galegas residentes no exterior?

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2024

**Asinado dixitalmente por:**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BORISUPG-6AMHtGhsZ-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Víctor Baladrón Lamas na data 13/09/2024 11:42:53**

**Roberto Rodríguez Martínez na data 13/09/2024 11:43:11**

**María Felisa Rodríguez Carrera na data 13/09/2024 11:43:22**

**Paula Prado del Rio na data 13/09/2024 11:43:35**

**Pablo Prieto Perille na data 13/09/2024 11:43:51**

**Katherinie Varela Fernández na data 13/09/2024 11:43:59**

**Paula Mouzo Mas na data 13/09/2024 11:44:08**

**Argimiro Marnotes Fernández na data 13/09/2024 11:44:21**

**Alberto Pazos Couñago na data 13/09/2024 11:44:33**

**Julio García Comesaña na data 13/09/2024 11:44:59**

CSV: BOPGDSPG-6AMHTChsZ-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2024 11:54:18
Nº Rexistro: 11162
Data envío: 13/09/2024 11:54:18.115

PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

**Víctor Baladrón Lamas, Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Más, Pablo Prieto Perille, Alberto Pazos Couñago, María Felisa Rodríguez Carrera, Roberto Rodríguez Martinez e Katherinie Varela Fernández**, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario popular de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta oral para a súa resposta oral na Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

A Xunta de Galicia puxo en marcha no ano 2018 a Estratexia Galicia Retorna. Con diversas liñas de actuación e, en colaboración con todos os departamentos da administración autonómica, ten por obxecto brindar ás persoas retornadas o apoio necesario para a súa chegada á nosa comunidade e garantir o seu benestar.

O Goberno galego, a través da Secretaría Xeral da Emigración, conta cunha liña de axudas asistenciais para os emigrantes galegos retornados e os seus fillos, coa finalidade de apoialos á hora de facer fronte aos gastos derivados da seu regreso a Galicia.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta:

1.- Cal foi a evolución e cal é a finalidade das axudas extraordinarias ao retorno que ofrece a Secretaría Xeral da Emigración?

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Víctor Baladrón Lamas na data 13/09/2024 11:52:01**

**Paula Prado del Rio na data 13/09/2024 11:52:14**

**María Felisa Rodríguez Carrera na data 13/09/2024 11:52:33**

**Roberto Rodríguez Martínez na data 13/09/2024 11:52:45**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2024 11:54:18
Nº Rexistro: 11162
Data envío: 13/09/2024 11:54:18.115

PARLAMENTO DE GALICIA

**Pablo Prieto Perille na data 13/09/2024 11:53:02**

**Katherinie Varela Fernández na data 13/09/2024 11:53:10**

**Paula Mouzo Mas na data 13/09/2024 11:53:20**

**Argimiro Marnotes Fernández na data 13/09/2024 11:53:27**

**Julio García Comesaña na data 13/09/2024 11:53:36**

**Alberto Pazos Couñago na data 13/09/2024 11:53:45**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2024 12:03:22
Nº Rexistro: 11164
Data envio: 13/09/2024 12:03:22.374

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

**Víctor Baladrón Lamas, Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Más, Pablo Prieto Perille, Alberto Pazos Couñago, María Felisa Rodríguez Carrera, Roberto Rodríguez Martinez e Katherinie Varela Fernández**, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario popular de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta oral para a súa resposta oral na Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

A atracción de talento á nosa comunidade é un dos principais obxectivos da Estratexia Retorna posta en marcha pola consellería de Emprego, Comercio e Emigración no ano 2018.

Para iso, anualmente o goberno galego convoca, entre outros programas, as Bolsas Excelencia Mocidade Exterior. Unha liña de axudas dirixida aos máis novos que residen fóra da nosa comunidade que brinda a oportunidade de cursar un máster na universidade pública galega.

Esta formación complementaria trae consigo diferentes finalidades, xa que incentiva que fixen a súa residencia na nosa comunidade, a incorporación ao mercado laboral galego unha vez rematados os seus estudos e, a maiores, a aportación de riqueza e talento ao noso tecido empresarial.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta oral:

1.- Cal é o balance das Bolsas Excelencia Mocidade Exterior convocadas pola Secretaría Xeral da Emigración?

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Víctor Baladrón Lamas na data 13/09/2024 12:01:00**

**Paula Prado del Rio na data 13/09/2024 12:01:13**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

**María Felisa Rodríguez Carrera na data 13/09/2024 12:01:28**

**Roberto Rodríguez Martínez na data 13/09/2024 12:01:46**

**Pablo Prieto Perille na data 13/09/2024 12:01:57**

**Katherinie Varela Fernández na data 13/09/2024 12:02:07**

**Paula Mouzo Mas na data 13/09/2024 12:02:16**

**Argimiro Marnotes Fernández na data 13/09/2024 12:02:26**

**Julio García Comesaña na data 13/09/2024 12:02:38**

**Alberto Pazos Couñago na data 13/09/2024 12:02:48**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2024 12:48:42
Nº Rexistro: 11170
Data envío: 13/09/2024 12:48:42.198

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Oscar Insua Lema** e **Cristina Fernández Davila**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre o desdobramento da aula de 5º de educación infantil do CEIP A Xunqueira 2 de Pontevedra.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comunidade educativa do CEIP A Xunqueira II denunciou publicamente a situación da aula de 5º de educación infantil, na que a Consellaría de Educación non atendeu unha demanda de desdobramento por facer unha interpretación burocrática e restritiva das rateos de alumnado.

A realidade é que nesta aula danse unhas circunstancias específicas con 24 escolares matriculadas, e 3 nenas e nenos con necesidades educativas especiais. Atendendo a esta situación, o centro educativo leva pedindo o desdobre da aula desde antes de xuño a través de solicitudes á inspección, envío de informes, solicitude de coidadoras, envío de informes médicos e varias reunións coa inspección para trasladarlle a dificultade de exercer unha docencia individualizada e de calidade nestas circunstancias.

Como medida paliativa diante das demandas do centro, a administración educativa anunciou o envío dunha mestra/e a tempo parcial con 12/13 horas de docencia ou apoio educativo: desdobres, apoio na aula, coeducación ou subgrupos...

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2024 12:48:42
Nº Rexistro: 11170
Data envio: 13/09/2024 12:48:42.198

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta claro que estamos diante dun parche que non resolve a demanda, xa que esta docente só estaría nunha parte da xornada, e non porque estea compartido con outro centro: sería contratado pola Xunta a media xornada e logo marcharía para a casa.

É absolutamente incongruente esta solución proposta pola consellaría, tendo en conta que existe unha aula libre e sería moi doado aproveitala desdobrando o grupo de 5º en dous grupos de 12 con unha mestra/e a tempo completo para cada grupo.

Desde o BNG consideramos a actitude da Xunta un exemplo de racanaría e insensibilidade. Por iso apoiamos as demandas da comunidade educativa e queremos que o parlamento galego se posicione ao respecto.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

Considera a Xunta razoables e xustas as demandas do CEIP A Xunqueira 2 de Pontevedra?

Considera o goberno galego que se dá unha atención educativa axeitada e que ten en conta a atención á diversidade e ao alumnado con necesidades educativas especiais no caso da aula de 5º de educación infantil?

Vai a Xunta atender as demandas da comunidade educativa do CEIP A Xunqueira 2 de Pontevedra e, en consecuencia, dotar o centro con un mestre/a con horario completo para poder facer o desdobramento da aula de 5º de educación infantil?

Santiago de Compostela, 13 de setembro 2024

CSV: [overlapping, illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2024 12:48:42
Nº Rexistro: 11170
Data envio: 13/09/2024 12:48:42.198

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Cristina Fernández Davila**

Deputado e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Bará Torres na data 13/09/2024 12:42:10**

**Cristina Fernández Davila na data 13/09/2024 12:42:23**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2024 13:18:44
Nº Rexistro: 11178
Data envío: 13/09/2024 13:18:44.238

PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

**Víctor Baladrón Lamas, Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Más, Pablo Prieto Perille, Alberto Pazos Couñago, María Felisa Rodríguez Carrera, Roberto Rodríguez Martinez e Katherinie Varela Fernández**, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario popular de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta oral para a súa resposta oral na Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

A Estratexia Galicia Retorna, desde a súa posta en marcha na nosa comunidade, xa comenzou a dar os seu froitos. Cada ano son máis os galegos e galegas que deciden regresar tras un longo ou curto período fóra da súa casa.

Conscientes de que os retornados aportan talento, o goberno galego leva anos reforzando a súa aposta por ese regreso, e faino a través da ambiciosa Estratexia Retorna 2023-2026, que da continuidade á posta en marcha no ano 2018, incrementando as partidas e actuacións.

Un dos puntos desta Estratexia é a xestión integral do retorno a través da Oficina de Asesoramento e Seguimento, un servizo que presta atención personalizada nas áreas social, educativa e laboral, coa finalidade de que, desde a súa orixe, poidan ter un contacto directo e único para facilitar a súa chegada e así comezar unha nova vida en Galicia.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta oral:

1.- En que medidas se foi adaptando este servizo en función das demandas das persoas usuarias?

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Víctor Baladrón Lamas na data 13/09/2024 13:08:15**



CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2024 13:18:44
Nº Rexistro: 11178
Data envio: 13/09/2024 13:18:44.238

PARLAMENTO DE GALICIA

**Paula Prado del Rio na data 13/09/2024 13:14:22**

**María Felisa Rodríguez Carrera na data 13/09/2024 13:14:35**

**Roberto Rodríguez Martínez na data 13/09/2024 13:14:49**

**Katherinie Varela Fernández na data 13/09/2024 13:15:11**

**Paula Mouzo Mas na data 13/09/2024 13:15:42**

**Julio García Comesaña na data 13/09/2024 13:15:51**

**Alberto Pazos Couñago na data 13/09/2024 13:16:06**

**Argimiro Marnotes Fernández na data 13/09/2024 13:16:24**

CSV: BORISDDG-RAWw0-8Z-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2024 13:19:09
Nº Rexistro: 11180
Data envío: 13/09/2024 13:19:09.659

**A Mesa do Parlamento**

**Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle** e **Cecilia Vázquez Suárez,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

A hepatite C é unha enfermidade hepática que pode causar unha infección que nunha alta porcentaxe é asintomática, pero pode producir tamén un fallo hepático fulminante. Ademais, nunha elevada porcentaxe de casos, a infección aguda evoluciona á cronicidade con graves consecuencias para a saúde da persoa que a padece.

Aproximadamente un 15-25% das persoas infectadas eliminan o virus espontaneamente nun prazo de seis meses, sen necesidade de tratamento algún. O 75-85% restante desenvolverán a infección crónica e entre o 60% e o 70% das que padecen a infección crónica sofren unha hepatopatía crónica; entre un 5% e un 20% contraen cirrose e entre un 1% e un 5% falecen por cirrose ou cancro de fígado.

Dende Galicia empregamos como marco xeral o "Plan estratéxico para a abordaxe da hepatite C no sistema nacional de saúde", elaborado por un grupo de expertos designados polo Ministerio de Sanidade, Servicios Sociais e Igualdade no 2015. Pero, dende o ano 2022, contamos cunha Estratexia para a eliminación da hepatite C en Galicia.

Segundo a planificación para a eliminación da Hepatite C en Galicia, en 2023 comezouse a realizar o cribado entre as persoas nacidas entre 1963 e 1974. Deste

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

xeito, dende a Consellería de Sanidade anunciouse que se aspira e a eliminar a enfermidade na comunidade autónoma galega en 2026.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que avances ten realizado a Xunta de Galicia para conseguir o obxectivo fixado coa Estratexia para a eliminación da hepatite C en Galicia?

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 13/09/2024 13:06:36**

**Raquel Arias Rodríguez na data 13/09/2024 13:06:48**

**Víctor Baladrón Lamas na data 13/09/2024 13:07:01**

**Nicole Grueira Fernández na data 13/09/2024 13:07:12**

**Dolores Hermelo Piñeiro na data 13/09/2024 13:07:29**

**Argimiro Marnotes Fernández na data 13/09/2024 13:07:40**

**Noelia Pérez López na data 13/09/2024 13:07:52**

**Ethel Vázquez Mourelle na data 13/09/2024 13:08:04**

**Cecilia Vázquez Suárez na data 13/09/2024 13:08:20**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2024 13:19:40
Nº Rexistro: 11182
Data envío: 13/09/2024 13:19:40.628

**A Mesa do Parlamento**

**Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle** e **Cecilia Vázquez Suárez,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

En 2022 saltou aos medios a aparición dunha nova epidemia, producida polo virus do mpox, comunmente coñecida como varíola do mono. Dende o inicio do brote en 2022, notificáronse un total de 8.104 casos confirmados de infección por mpox en 17 comunidades autónomas, 7.521 en 2022.

O pasado 14 de agosto a Organización Mundial da Saúde declarou a emerxencia de saúde pública de importancia internacional polo brote de mpox. Ante a alarma xerada por esta declaración, unha semana máis tarde, o Ministerio de Sanidade reuniu ás comunidades autónomas no marco da Comisión de Saúde Pública para reforzar a información e as medidas para a detección e control da varíola do mono.

O Centro Europeo para a Prevención e o Control de Enfermidades (ECDC, polas súas siglas en inglés) actualizou o luns 9 de setembro os datos sobre a situación epidemiolóxica, apuntando que se rexistran máis de 20.000 casos e 600 mortes nos Estados membros da Unión Africana no que vai de 2024.

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
**Data asento: 13/09/2024 13:19:40**
**Nº Rexistro: 11182**
Data envio: 13/09/2024 13:19:40.628

PARLAMENTO DE GALICIA

Dende este Grupo Parlamentario queremos coñecer as medidas que se están tomar a nivel autonómico para previr a propagación desde virus, así pois, por todo o anteriormente exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1.- Que medidas leva posto en marcha a Xunta de Galicia para frear o virus do mpox?

2.- Valoran poñer en marcha un proceso de vacinación para os grupos de risco?

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 13/09/2024 13:12:18**

**Raquel Arias Rodríguez na data 13/09/2024 13:12:30**

**Víctor Baladrón Lamas na data 13/09/2024 13:12:50**

**Nicole Grueira Fernández na data 13/09/2024 13:13:02**

**Dolores Hermelo Piñeiro na data 13/09/2024 13:13:11**

**Argimiro Marnotes Fernández na data 13/09/2024 13:13:23**

**Noelia Pérez López na data 13/09/2024 13:13:34**

**Ethel Vázquez Mourelle na data 13/09/2024 13:13:47**

**Cecilia Vázquez Suárez na data 13/09/2024 13:14:03**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2024 13:51:36
Nº Rexistro: 11187
Data envio: 13/09/2024 13:51:36.056

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Oscar Insua Lema**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a necesidade de incremento do cadro de persoal no xulgado de primeira instancia e instrución de Celanova.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Celanova único no partido xudicial que abrangue os concellos de A Bola, Cartelle, Celanova, Gomesende, A Merca, Quintela de Leirado e Ramirás esta atendido, ademais do persoal dependente da administración do Estado, por dúas funcionarias do corpo de xestión procesual, dúas do de xestión procesual e unha única persoal do corpo de auxilio xudicial, encargada esta última non só de asistir a sala un ou dous dias por semana, senón tamén das citacións e notificacións propias dos procedementos xudiciais, e tamén do Rexistro Civil.

Como consecuencia desta infradotación de persoal e segundo os datos publicado polo Consello Xeral do Poder Xudicial correspondentes ao pasado exercicio 2023, o número de asuntos pendentes na sección civil incrementouse nun 28%, na sección penal o incremento dos procedementos en tramitación medrou nun 41% e nunha materia tan delicada e sensible como é a violencia sobre a muller o aumento foi superior ao 100%. Actualmente e como teñen denunciado distintas organización sindicais o número de asuntos pendentes de resolver en materia de "Memoria Histórica" é de 610 o que de facto está provocar o colapso da oficina xudicial.

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O cadro de persoal permanece invariábel dende hai anos a pesares do notable incremento da entrada de asuntos, pasándose na orde civil dos 288 de 2017 aos 473 do 2023, o que malia o esforzo das traballadoras, reflectido no medre dos asuntos resoltos, a pendencia neste período multiplicouse por 3. Incremento do número de asuntos pendentes que non só se produciu na orde civil, pois na sección penal foi tamén dun 54%, e o número de executorias en tramitación tamén medrou en máis dun 50%.

Así pois, os datos contidos nas estatísticas do Consello Xeral do Poder Xudicial evidencian que o incremento da pendencia non é algo puntual deste exercicio, senón que se debe a un déficit estrutural do cadro de persoal e a súa falla de adecuación ao aumento da carga de traballo e das reformas lexislativas e procesuais habidas, sendo necesario ampliar o actual cadro de persoal.

En todo caso, con carácter inmediato procede adoptar as medidas de reforzo -demandadas polo propio Consello Xeral do Poder Xudicial tras a inspección realizada no ano 2022- que permitan a tramitación ordinaria dos asuntos e eviten a crecente demora na resolución dos procedementos que se tramitan no Xulgado de Celanova, sen prexuízo da saúde, física e mental, das traballadoras actualmente sometidas a un estrés continuo derivado de ter que atender un crecente número de expedientes cos mesmos recursos.

Por todo o exposto, formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Ten constancia a Xunta de Galiza do incremento do número de asuntos en tramitación no Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Celanova?



CSV: BOPGDSPGPaMWJGTrs2-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2024 13:51:36
Nº Rexistro: 11187
Data envio: 13/09/2024 13:51:36.056

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cal é a razón pola que se produce ese incremento dos asuntos pendentes de resolución pese ao tamén notable incremento do número de asuntos resoltos?

Que medidas adoptou a Xunta de Galiza para atender o elevado incremento de procedementos ingresados no xulgado mixto de Celanova?

Considera a Xunta de Galiza que os centenares de expedientes relativos a "memoria histórica" pendentes de resolver exixen da adopción de medidas de reforzo do cadro de persoal?

Tras a inspección realizada no ano 2022, o servizo do CXPX concluíu na necesidade de adoptar medidas de reforzo no Xulgado de Celanova?

En caso afirmativo, atendeu a Xunta de Galiza a recomendación realizada polo servizo de inspección do CXPX?

Con que medidas de reforzo contou o Xulgado de Celanova na última década?

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2024

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Oscar Insua Lema**

Deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 13/09/2024 13:44:45**



CSV: BORISUDEGRAM4JGT7S2-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2024 13:51:36
Nº Rexistro: 11187
Data envio: 13/09/2024 13:51:36.056

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Óscar Insua Lema na data 13/09/2024 13:44:53**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

**Roberto Rodríguez Martínez, Gonzalo Trenor López, Carmen María Pomar Tojo, María Deza Martinez, Cristina Campero Dorado, José Luis Ferro Iglesias, Argimiro Marnotes Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro e Rubén Lorenzo Gómez** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

O Executivo que dirixe Pedro Sánchez parece obsesionado en manter as autoestradas estatais en Galicia como as máis caras de España o que repercute en contra do intereses dos usuarios destas vías e do conxunto das galegas e dos galegos.

Parece evidente que garantir unhas autoestradas máis accesibles non é unha prioridade para o Goberno estatal. Ademais de bloquear a transferencia da AP-9 a Galicia, e subir ano tras ano o prezo das pexes estatais, tampouco parece disposto a aplicar os descontos comprometidos.

O propio ministro de Transportes, Óscar Puente, nunha recente comparecencia no Senado avanzou que non autorizará de forma inmediata estas rebaixas. Non haberá bonificacións este ano, nin na AP-9, nin para a única autoestrada de España que non ten ningunha bonificación: a AP-53, que une Santiago con Lalín.

Deste xeito demóstrase que para o PSOE non ten valor nin o acordo que apoiaron os socialistas galegos no Parlamento de Galicia, nin o compromiso electoral que manifestaron nas últimas eleccións autonómicas. Tamén se demostra, como advertimos, que unha vez máis o BNG deu o seu apoio a Sánchez a cambio de nada.

É polo que, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular, formulamos a seguinte pregunta:

1º.- Que valoración fai a Xunta de Galicia do incumprimento dos compromisos do Goberno de España que non aplicará de forma inmediata os descontos comprometidos nas autoestradas estatais en Galicia?

Santiago de Compostela, 13 de setembro 2024.

CSV: BOPGDSPG-RJWHDSkz-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 11190
Data envio: 13/09/2024 14:29:18.512

PARLAMENTO DE GALICIA

**Asinado dixitalmente por:**

**Roberto Rodríguez Martínez na data 13/09/2024 14:21:01**

**Carmen Pomar Tojo na data 13/09/2024 14:21:30**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 13/09/2024 14:21:41**

**Gonzalo Trenor López na data 13/09/2024 14:21:56**

**María Deza Martínez na data 13/09/2024 14:22:13**

**Cristina Campero Dorado na data 13/09/2024 14:22:31**

**José Luis Ferro Iglesias na data 13/09/2024 14:22:59**

**Argimiro Marnotes Fernández na data 13/09/2024 14:23:28**

**Dolores Hermelo Piñeiro na data 13/09/2024 14:23:39**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 11194
Data envio: 13/09/2024 16:27:42.741

PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

**Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Más, Pablo Prieto Perille, Alberto Pazos Couñago, María Felisa Rodríguez Carrera, Roberto Rodríguez Martinez e Katherinie Varela Fernández**, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 1ª ; Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

A Unidade de Policía Nacional Adscrita á Comunidade Galega conta cun catálogo de efectivos de 500 policías pero, a día de hoxe, o número real de efectivos da UPA é de 346.

Cónstanos que en diferentes ocasións e por varias vías o Goberno galego ten reclamado ó Ministerio de Interior a cobertura de prazas vacantes desta unidade para poder desempeñar e exercer as competencias que ten encomendadas.

Galicia, en termos xerais, é unha comunidade segura e non cabe dúbida que manterse así depende, en boa medida, de contar cos efectivos da copos e forzas de seguridade do Estado necesarios.

Polo exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta para a súa resposta en Pleno:

Cales son os efectivos dos que dispón neste momento a Unidade de Policía Nacional Adscrita a Galicia?

Santiago de Compostela, a 13 de setembro de 2024

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 11194
Data envio: 13/09/2024 16:27:42.741

PARLAMENTO DE GALICIA

Santiago de Compostela, 13 de  setembro 2024.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Prado del Rio na data 13/09/2024 16:25:08**

**Paula Mouzo Mas na data 13/09/2024 16:25:31**

**Pablo Prieto Perille na data 13/09/2024 16:25:47**

**Katherinie Varela Fernández na data 13/09/2024 16:25:54**

**Alberto Pazos Couñago na data 13/09/2024 16:26:02**

**Julio García Comesaña na data 13/09/2024 16:26:12**

**María Felisa Rodríguez Carrera na data 13/09/2024 16:26:23**

**Roberto Rodríguez Martínez na data 13/09/2024 16:26:42**

**Argimiro Marnotes Fernández na data 13/09/2024 16:27:16**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 11224
Data envio: 16/09/2024 09:09:20.695

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Cristina Fernández Davila** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a desatención que sofre a veciñanza de Salvaterra de Miño pola falta de médicos/as no seu centro de saúde.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O centro de saúde de Salvaterra de Miño, un ano máis, atópase sen dar atención sanitaria a máis das 10.000 veciñas e veciños do municipio.

A falta de médicos/as no centro fai que o venres, día 13 de setembro, colgaran na porta un cartel que di:

"ANTE A AUSENCIA DE FACULTATIVOS/AS CITAS QUEDAN ANULADAS, SÓ SE ATENDERÁN URXENCIAS".

Unha situación que volta a pechar o centro sanitario ás citas ordinarias, agás as urxencias pola mañá, sen ter información sobre durante canto tempo vai ser o peche ou si será unha situación transitoria ou permanente.

Pese a que o Conselleiro de Sanidade asegura que durante o verán non houbo ningunha incidencia destacable e que estivo todo controlado, o certo é que en todo o País a atención sanitaria baixou aínda máis a súa calidade, nunha situación de caos, con restricións de facultativos/as en todos eles.



CSV: BORISDPG-R0Mju0Vz-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A non cobertura do persoal facultativo durante as vacacións de verán, fai que ás persoas que quedan sen asignación de médico/a, corran maior risco na súa saúde: que non fagan revisións periódicas de enfermidades crónicas e que perdan tempo en detectar aquelas que poden ser graves, incluso mortais. Sen ter en conta aquelas consultas básicas que precisamos todas as persoas para receitas, analíticas, ou consultas de doenzas sinxelas. As doentes deberán achegarse a urxencias, colapsando un servizo que non está precisamente para iso e si para cuestións imprevistas e inmediatas.

Tamén hai que lembrar que a poboación de Salvaterra de Miño, xa está a desprazarse a Ponteareas cando o seu centro de saúde pecha e as urxencias pediátricas son desviadas ao Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo.

Se ao final as doentes teñen que dirixirse ao PAC de Ponteareas ou ao Hospital de referencia, estes aínda soportan máis urxencias das que corresponde e teñen capacidade, tendo en conta o número de concellos e a poboación de referencia. Deste xeito prodúcese un colapso importante na súa xestión e unha espera para os doentes excesiva cando o persoal sanitario debe saír a atender urxencias ou a persoas dependentes no seu domicilio, en ocasións ata 4 ou 5 horas, se falamos de Ponteareas.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Que accións pensa levar a cabo o Goberno Galego para garantir os dereitos sanitarios da poboación de Salvaterra de Miño para abrir de novo as consultas de Medicina de Familia e así poder garantir unha atención de calidade?

- Como pensan resolver a substitución do persoal facultativo en caso de baixas por enfermidade, vacacións ou permisos?



CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 11224
Data envio: 16/09/2024 09:09:20.695

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Pensan reforzar con persoal facultativo o PAC de Ponteareas sabendo que debe atender tamén a todas as persoas doentes que virán de Salvaterra de Miño?

- Van suprimir a atención preventiva a persoas que padecen enfermidades crónicas, como por exemplo a Diabetes?

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2024

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

**Montserrat Prado Cores**

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Cristina Fernández Davila na data 16/09/2024 09:01:47**

**María Montserrat Prado Cores na data 16/09/2024 09:01:59**

Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Julio Ernesto Abalde Alonso**, **Silvia Longueira Castro e Patricia Iglesias Rey**, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

Comeza un curso escolar tinguido polos anuncios grandilocuentes da Consellaría de Educación e do propio presidente da Xunta de Galicia, pero sen ningún avance destacado a respecto do que é a política educativa desenvolvida polo goberno do PP na Xunta de Galicia.

Mentres, a Consellería anuncia a bombo e platillo o Plan MEGA (Mellora Educación Galega) anunciando a incorporación de máis mestres e persoal de apoio. O propio Conselleiro manifestou na súa comparecencia no Parlamento, que este Plan MEGA era un paso de xigante cara a educación do futuro, cunha maior atención personalizada ao alumno, e vencellando a calidade propia do ensino coa igualdade de oportunidades.

Os centros reciben promesas da reforzos, maioritariamente debido a incorporación do persoal do Plan PROA+, impulsado e financiado polo Goberno central ata o 2028, pero xa terían que ter recibido ese persoal que é consecuencia do número de alumnos, a cuantificación nas de ratios do alumnado con necesidades educativas (NEE) que a Consellería debera ter planificado antes do inicio do curso. E mentres tanto a planificación da Consellería está a producir unha redución do profesorado especialista AL e PT nun número significativo de centros galegos. En definitiva, parece un gran proxecto pero sobre todo é unha gran mentira.

A día de hoxe, debido á falta de previsión, pouca ou nula dotación de recursos -sobre todo humanos- e polo continuo incumprimento dos acordos acadados

CSV: BOPGDSPG-RADUHG6-1-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cosas organizacións sindicais, moitas familias aínda non saben onde van a ter escolarizados aos seus fillos/fillas.

Incluso existen casos nos que as familias teñen que ver como os seus fillos son escolarizados en centros distintos.

Nesta situación complicada e complexa atópanse os pais e nais dos centros educativos da Laracha. No CEIP Alfredo Brañas, CEIP de Caión e no CEIP Ramón Otero Pedraio hai a día de hoxe familias esperando, dende o mes de xullo, a que dende a Xefatura Territorial se escolarice aos seus fillos/fillas.

Chegando a situación onde, dentro da mesma familia, un fillo ou filla é escolarizado nun centro do Concello da Laracha e outro/s fillo/s en centros distintos da mesma localidade. Todo posiblemente para non ter que dotar a eses centros de novas aulas por desdobre por superación das ratios aplicadas e non conceder máis persoal.

Por todo isto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Ten pensado a Xunta de Galicia tomar medidas para permitir o reagrupamento dos fillos/as das familias da Laracha nun único centro?

Santiago de Compostela, 16 de setembro do 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Abalde Alonso na data 16/09/2024 08:54:55**

CSV: BORISUDPG-RADUHGG-7-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 11230
Data envio: 16/09/2024 09:12:49.427

**Silvia Longueira Castro na data 16/09/2024 08:55:04**

**Patricia Iglesias Rey na data 16/09/2024 08:55:12**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2024 09:36:59
Nº Rexistro: 11233
Data envio: 16/09/2024 09:36:59.534

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Iria Taibo Corsanego**, **Mercedes Queixas Zas** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre as obras que se están a levar a cabo na estrada AC-400, na contorna da Pedra da Vella ou Pedra Pereirosa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Neste momento estanse a levar a cabo as obras de instalación dunha parada de autobús na estrada AC-400, de titularidade autonómica, nas inmediacións da denominada Pedra da Vella ou Pedra Pereirosa, na parroquia de Celas.

As obras de instalación da marquesiña están a elevar a beirarrúa de xeito que a Pedra quedará ocultada parcialmente, ademais de que a elevación resulta excesiva tamén por motivos relacionados coa accesibilidade de persoas con problemas de mobilidade.

Por outra banda, a beirarrúa pecha totalmente o acceso á finca lindeira, feito polo que a veciña propietaria xe presentou unha reclamación ante a Xunta de Galiza. Ademais, o remate lateral da beirarrúa dificulta o acceso dos vehículos á Estrada a Castelo.

A Pedra Pereirosa figura no Catastro de Ensenada como antiga linde entre as parroquia de Celas e o couto de Vinseira Grande. Esta pedra é un elemento natural singular e cun valor simbólico para o lugar da Vinseira, a parroquia de Celas e o Concello de Culleredo e a súa contorna, que merece unha atención que non está a ter e que reclama a veciñanza.



Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2024 09:36:59
Nº Rexistro: 11233
Data envío: 16/09/2024 09:36:59.534

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 2ª:

O goberno galego ten previsto corrixir a altura excesiva da beirarrúa que vai acoller a instalación dunha parada do autobús nas inmediacións da Pedra Pereirosa, na estrada AC-400, de titularidade autonómica, ademais de ter en conta o acceso da veciñanza ás fincas lindeiras coa beirarrúa?

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2024

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**
**Mercedes Queixas Zas**
**Luis Bará Torres**
Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iria Taibo Corsanego na data 16/09/2024 09:32:27**

**Mercedes Queixas Zas na data 16/09/2024 09:32:36**

**Luis Bará Torres na data 16/09/2024 09:32:45**

Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2024 11:29:20
Nº Rexistro: 11241
Data envio: 16/09/2024 11:29:20.072

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Ramón Fernández Alfonzo**, **Xosé Manuel Golpe Acuña** e **Cristina Fernández Davila**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre o estado do centro IES de Fene.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O IES de Fene, situado na parroquia de Barallobre deste Concello, alberga na actualidade a máis de 420 alumnos e alumnas da ESO, de 2 especialidades de bacharelatos (Científico-tecnolóxico, e Humanidades e ciencias sociais), 4 ciclos medios (Mantemento electromecánico, Soldadura e caldeiraría, Instalacións frigoríficas e de climatización, e máis Electromecánica de vehículos automóbiles), 1 ciclo superior (Mecatrónica industrial), así como FP básica (Mantemento de vehículos e Fabricación e montaxe),

O centro, con anos 42 de idade, consta de 3 edificios, todos eles con múltiples eivas e necesidades, que levan nun estado lamentábel tempo de máis, e que fai temer pola seguridade das persoas da toda a súa comunidade educativa.

De seguido relacionamos algunhas das máis graves, aínda que nos consta que na Consellaría de educación xa teñen coñecemento delas. De feito existe o compromiso de rehabilitar 1 dos 3 edificios. Compromiso que non só está sen concretar, senón que como pode comprobarse resulta insuficiente a todas luces.

O que falta, como é habitual na Xunta do Partido Popular, é unha aposta decidida por un ensino público, galego e de calidade, que para o caso de IES de Fene significaría un proxecto de rehabilitación e reforma dos tres edificios. Falta, polo tanto,



CSV: BOPGDSPG-5MUVGps2-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

vontade política. Vontade política acompañada das correspondentes partidas orzamentarias, loxicamente, para que non aconteza como tantas veces que a súa vontade queda apenas en meras declaracións de boas intencións que nunca se concretan.

1.- Tellados en moi mal estado.

2.- Fendas nos piares de cemento.

2.- Fendas nas fachadas e no interior dos edificios.

3.- Humidades en escaleiras, varandas enferruxadas, marcos de ventás apodrecidos, pingueiras nas aulas e mesmo enriba de cadros eléctricos, e chan mollado nas zonas de paso.

4.- Problemas coa calefacción, tubaxes subterráneas de ferro cun alto grao de corrosión.

5.- Portas de emerxencia que non abren ben.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

1. Ten coñecemento a Xunta de Galiza do mal estado dos 3 edificios do IES de Fene?

2. Por que a Xunta de Galiza desatende as demandas do Centro?

3. En que data ten previsto a Xunta de Galiza iniciar as obras que ten comprometidas?

4. Por que un edificio nada máis?

5. Non considera perigosas para as persoas as fendas nas paredes ou as pingueiras no taller de soldadura?



CSV: BOPGDSPGG5iMuVG4p3-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2024 11:29:20
Nº Rexistro: 11241
Data envio: 16/09/2024 11:29:20.072

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2024

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

**Xosé Manuel Golpe Acuña**

**Cristina Fernández Davila**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 16/09/2024 11:26:22**

**José Manuel Golpe Acuña na data 16/09/2024 11:26:30**

**Cristina Fernández Davila na data 16/09/2024 11:26:37**

Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2024 11:36:23
Nº Rexistro: 11244
Data envio: 16/09/2024 11:36:23.395

bng
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Ramón Fernández Alfonzo**, **Xosé Manuel Golpe Acuña** e **Cristina Fernández Davila**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre os recortes de profesorado no IES Ferrol Vello.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O IES Ferrol Vello é un centro especialmente maltratado pola Consellaría de educación da Xunta de Galiza. Un centro pequeno, con menos de 200 alumnos e alumnas, que parece ser considerado como un luxo que non nos podemos permitir.

Non de outro xeito se pode entender a negativa xa histórica da Xunta de Galiza a dotar ao centro do necesario pavillón para impartir as aulas de educación física.

Esta importante eiva ten sido compensada por parte dos sucesivos equipos directivos e docentes con un *plus* de atención e implicación que fan que este centro poida ser considerado efectivamente como un auténtico luxo en canto a educación integral e atención á diversidade.

Mais veñen de recibir un ataque directo á súa liña de flotación por parte da Xunta de Galiza do Partido Popular. A redución de 2 profesores supuxo a perda das aulas de latín e economía a poucos días do comezo do curso, o que significou para varias familias ter que decidir *in extremis* se cambiar as materias elixidas ou procurar outro centro.



CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mais nun centro pequeno como o IES Ferrol Vello, 2 profesores representan o 10% do seu cadro docente, e polo tanto moito máis que a perda das aulas de latín e de economía, que xa de por si é un grave problema para o futuro e a viabilidade do centro, senón que significa tamén a perda de moitas das horas que no centro dedicaban a programas como recreos dinámicos, titorías entre iguais, a posibilidade de substituír unha sanción de expulsión do centro pola separación no propio centro da persoa sancionada estando acompañada para realizar as tarefas, a perda dos recunchos da calma para o que viñan colaborando 2 profesores/as de garda, ou a posibilidade de constituír grupos de aprendizaxe específico de linguas, como xa ten acontecido en anos anteriores, que a Xunta "autoriza" cando non implica aumento de profesorado.

É dicir, o centro perde a posibilidade de impartir unhas optativas necesarias para o alumnado que se orienta cara as Ciencias sociais e as humanidades, e ademais vanse ver en grave risco toda unha serie de programas que se teñen demostrado efectivos e mesmo fundamentais para ofrecer un ensino integrador e verdadeiramente de calidade.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

1. É consciente a Xunta de Galiza de que o recorte imposto ao IES Ferrol Vello significa que non poidan impartir materias optativas necesarias para o alumnado que quere seguir o itinerario de Ciencias sociais de humanidades?

2. Como estima a Xunta de Galiza que pode afectar ás solicitudes de matrícula neste centro?

3. É a vontade da Xunta de Galiza reducir o alumnado deste centro para pechalo?



CSV: BOPGDSPG-SzAd7O9hs-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Que opinión lle merecen á Xunta de Galiza programas como os recreos dinámicos, a titoría entre iguais, os recunchos da calma, ou substituír as expulsións do centro pola permanencia no centro en aula separada mais dun xeito acompañado?

5. Como realiza a Xunta de Galiza a súa valoración destes programas no centro IES Ferrol Vello?

6. Considera a Xunta de Galiza posíbel manter estes programas con un 10% de profesorado menos?

Santiago de Compostela, 16 de setembro 2024

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**
**Xosé Manuel Golpe Acuña**
**Cristina Fernández Davila**
Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 16/09/2024 11:16:10**

**José Manuel Golpe Acuña na data 16/09/2024 11:16:20**

**Cristina Fernández Davila na data 16/09/2024 11:16:29**

CSV: BOPGDSPG-SzAd7vQhs-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2024 11:57:40
Nº Rexistro: 11260
Data envio: 16/09/2024 11:57:40.301

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Julio Ernesto Abalde Alonso**, **Silvia Longueira Castro e Patricia Iglesias Rey**, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

O pasado ano os representantes das persoas traballadoras e a Xunta de Galicia asinaron un acordo que, como manifestou o conselleiro na súa comparecencia no Parlamento, era un paso de xigante cara a educación do futuro, cunha maior atención personalizada ao alumno, e vencellando a calidade propia do ensino coa igualdade de oportunidades, e o cerne do programa Promociona do Plan MEGA.

No acordo fixábanse uns criterios de referencia para a agrupación de varios cursos nunha mesma aula para a fixación de novas ratios máximas de alumnado por aula. Aceptábase que a agrupación de cursos distintos nunha mesma aula só se levaría a cabo se a suma dos diferentes niveis daba lugar a un grupo máximo de 14 alumnos/as (se todos eran do mesmo ciclo) e de 12 (se eran de ciclos distintos).

A pesar do acordo, segundo veñen denunciando dende as federacións de ANPA, numerosos centros de ensino da provincia, sobre todos das zonas rurais que sofren un intenso descenso demográfico, estanse a producir agrupamentos de alumnado de cursos distintos que incumprirían eses criterios.

En varios casos non se respectan as novas ratios máximas de alumnado por aula nin se ten en conta a presenza de alumnado con necesidades especiais que debería contar coma dous alumnos ou coma tres, en función do grao de discapacidade.

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Esta situación de agrupamento prodúcese na inmensa maioría en centros situados en núcleos rurais da provincia da Coruña, e tamén nas outras provincias, os cales sempre contan cun mínimo de recursos para o alumnado, relegándoos a ser nenas e nenos de segunda, as familias séntense desprotexidas á hora de ofreces ás súas fillas e fillos unha educación de calidade no rural, como reiteradamente denunciamos os socialistas de Galicia no parlamento.

A maiores, nestes días a propia Federación de Mulleres Rurais de Galicia solicitoulle á Xunta de Galicia que mellore a dotación para este curso 2024/2025 de recursos humanos e materiais nas escolas rurais galegas a través de políticas centradas na loita contra o despoboamento do interior de Galicia. A modificación de cocientes na agrupación de nenos no nivel infantil e primaria, unido a falla de persoal de apoio para nenos e nenas con NEAE, está provocar unha diminución na calidade da educación e discriminación da escola rural e unha fuxida cara as zonas urbanas. Situación que se ve confirmada co peche de seis escolas unitarias, que se suma aos dos de anos anteriores.

A Consellaría de Educación di estar avaliando os datos para organizar as unidades escolares en función das matrículas centro a centro e tomar de decisións sobre agrupamentos. Isto e inadmisible xa que realizase a posteriori e tardiamente, mantendo aos familias na incerteza de onde escolarizará aos seus nenos e nenas, cando os datos de matriculación son coñecidas antes do verán.

Esta situación é consecuencia da redución de recursos humanos, para a escola en zonas rurais. Falta de profesorado que prexudica ao alumnado, pero tamén aos docentes, que ven como a súa carga de traballo está por riba do normal e do soportable. Non é o mesmos traballar nun aula con alumnado dun único curso, que traballar con alumnado de distintos cursos na mesma aula, sobre

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

todo cando no momento da programación do curso existe incerteza de como será a organización e a dotación de recursos, incerteza que fai que numerosas familias decida trasladar aos nenos a cidades próximas coa conseguinte despoboamento dos centros de ensino e do rural.

Por todo isto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cree a Consellería que a limitación de prazas ofertadas nos cursos iniciais de cada ciclo facilita o mantemento dos alumnos nos centros do rural e así garantir a súa sustentabilidade e non perda de alumnado?

2. Que previsións ten a Consellería de Educación de dotación de especialistas de NEAE nas escolas do rural?

3. Que medidas pensa adoptar a Consellería para que a educación do rural, ademais de calidade, sexa tamén equitativa e inclusiva garantindo a integración e a igualdade de oportunidades dos alumnados do rural e o das zonas urbanas?

Santiago de Compostela, 16 de setembro do 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Abalde Alonso na data 16/09/2024 11:54:22**

**Silvia Longueira Castro na data 16/09/2024 11:54:31**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2024 11:57:40
Nº Rexistro: 11260
Data envio: 16/09/2024 11:57:40.301

**Patricia Iglesias Rey na data 16/09/2024 11:54:39**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2024 12:06:53
Nº Rexistro: 11267
Data envio: 16/09/2024 12:06:53.825

PARLAMENTO DE GALICIA

**A Mesa do Parlamento**

**Juan M. Casares Gándara, Encarna Amigo Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Nicole Grueira Fernández, José Manuel Mato Díaz, Angel Rodríguez Conde, Cecilia Vázquez Suárez** e **Miguel A. Viso Diéguez,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.**

A Comunidade Autónoma de Galicia, encadrada na zona atlántica, posúe unhas condicións climatolóxicas caracterizadas por unha elevada pluviometría e unhas temperaturas suaves. Tales condicións traen canda si unha serie de problemas para o noso viñedo entre os que salienta unha alta incidencia de enfermidades provocadas por fungos, nomeadamente o mildiu, o oídio, a botrite ou podremia gris e mailo black rot ou podremia negra. Da presenza constante destas patoloxías derivan tanto perdas importantes nas colleitas, uns maiores custes de produción coma unha meirande contaminación medioambiental.

Por outra banda, a entrada en vigor da Xestión Integrada de Pragas determinou a obriga dun uso máis sostible dos produtos fitosanitarios cunha maior limitación de sustancias activas, a aplicación razoable daqueles que poden utilizarse e a necesidade dos servizos de técnicos que controlen as ditas aplicacións. Coma consecuencia, faise necesario desenvolver estratexias que permitan adaptarse a estas esixencias normativas e, ao mesmo tempo, manter viva unha actividade produtiva de gran importancia en Galicia.

Entre estas estratexias atópase a xeración de avisos fitosanitarios a partir de boletíns emitidos por organismos públicos, tal e como acontece en diferentes comunidades autónomas cara a mellorar a calidade dos viñedos, diminuír o uso de fitosanitarios e impedir perdas importantes na colleita. A este respecto, en Galicia dispoñemos do servizo de avisos fitosanitarios xerados pola Estación Fitopatolóxica do Areeiro que elabora semanalmente dende as súas propias fincas piloto; porén, non existe unha información que abranga a todas as zonas produtivas do país.

Nos últimos anos asistimos ó desenvolvemento de plataformas de alerta fitosanitaria, a través de softwares con base en índices climáticos preditivos, que poñen en alerta ao viticultor ante episodios de aparición de pragas e enfermidades. Porén, estas plataformas requiren da existencia de estacións meteorolóxicas achegadas á parcela

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2024 12:06:53
Nº Rexistro: 11267
Data envio: 16/09/2024 12:06:53.825

para garantir a súa fiabilidade ao tempo que supoñen un importante custe engadido ao viticultor.

Neste sentido, no ano 2018, a Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia (Evega), centro de investigación vitivinícola dependente da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal) da Consellaría do Medio Rural, planeou a creación dunha plataforma de avisos pública, a partir da información contrastada achegada por técnicos de campo e co apoio do desenvolvemento de modelos epidemiolóxicos adaptados ás condicións climáticas propias de Galicia de xeito que puidesen abranguer ao conxunto do viñedo galego.

Despois dunha primeira fase de traballo consistente na concepción e estudio da viabilidade do proxecto, no ano 2022 iniciouse a creación de Fitovit, unha plataforma web de axuda á toma de decisións de tratamentos fitosanitarios no viñedo galego co horizonte de funcionamento a finais do ano 2024. Esta plataforma permitirá predicir a incidencia das enfermidades máis recorrentes na viticultura galega en base a modelos epidemiolóxicos adaptados a cada zona do territorio e baseados no historial de parámetros (datos) recollidos por técnicos colaboradores.

Deste xeito, todos os viticultores galegos dispoñerán dunha información a tempo real que lle axude no proceso de toma de decisións sobre o momento de tratar os seus viñedos e, ao mesmo tempo, permitirá unha mellor xestión da súa explotación tanto dende o punto de vista económico, tecnolóxico, social e ambiental.

De acordo co anterior, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2024 12:06:53
Nº Rexistro: 11267
Data envio: 16/09/2024 12:06:53.825

PARLAMENTO DE GALICIA

Que previsións manexa a Consellaría do Medio Rural a respecto da posta en funcionamento da plataforma web pública Fitovit?

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Juan Manuel Casares Gándara na data 16/09/2024 10:47:09**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 16/09/2024 10:47:32**

**Enrique Barreiro Sánchez na data 16/09/2024 10:47:40**

**Cristina Campero Dorado na data 16/09/2024 10:47:58**

**Nicole Grueira Fernández na data 16/09/2024 10:48:09**

**José Mato Díaz na data 16/09/2024 10:48:20**

**Ángel Rodríguez Conde na data 16/09/2024 10:48:40**

**Cecilia Vázquez Suárez na data 16/09/2024 10:48:59**

**Miguel Ángel Viso Diéguez na data 16/09/2024 10:49:09**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2024 12:18:44
Nº Rexistro: 11273
Data envio: 16/09/2024 12:18:44.534

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Paulo Ríos Santomé** e **Luis Bará Torres**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, para que o Goberno galego dea explicacións e adopte as medidas oportunas ante a situación do transporte público no comezo do curso académico.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Neste comezo de curso atopámonos co agravamento dos incumprimentos e caos co que se desenvolve o sistema público de transporte por estrada de Galiza. Son moitos os casos e puntos do país nos que nos últimos días se veñen recollendo queixas dos usuarios e usuarias do servizo, con autobuses que non chegan ás paradas e nos horarios indicados e tamén moitas persoas que non poden acceder ao servizo por falta de prazas.

Isto, sen dúbida, acontece por unha mala planificación e falta de recursos por parte das empresas concesionarias dos contratos de transporte ante unha Xunta de Galiza que ven permitindo estas prácticas e situacións no pasado recente e no presente.

O transporte público debe ser unha peza chave no desenvolvemento dun país como Galiza, cunha forma de habitar o territorio particular que precisa dunhas conexións útiles e axíles para que os usuarios e usuarias deste servizo poidan utilizalo no desenvolvemento normal da súa vida, sexa para acudir a aulas, postos de traballo, citas médicas ou para a realización de calquera procedemento administrativo.

CSV: BORSUDRG-RAVDBGwZ-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2024 12:18:44
Nº Rexistro: 11273
Data envio: 16/09/2024 12:18:44.534

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Son moitas as queixas recollidas nos últimos anos por parte dos usuarios e usuarias, que demandan que as empresas concesionarias cumpran cos contratos que teñen asinados coa administración pública, e que esta tome medidas para garantir este cumprimento.

Moitos tamén son os exemplos que se poden poñer, onde os incumprimentos sistemáticos por parte das empresas concesionarias están a producir molestias e prexuízos nos usuarios e usuarias do transporte público.

Lonxe de solucionar a situación, a Xunta de Galiza ven esixindo diferentes reforzos alá onde a presión popular foi suficiente para que isto acontecese, mais estes reforzos non veñen a solucionar os problemas, xa que nin son reais, nin fan que se cheguen ás cotas que marcan os contratos e nin moito menos se habilitan mecanismos para superalas alá onde sería necesario.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

1. É consciente a Xunta de Galiza das deficiencias no servizo público de transportes agravadas co inicio do curso?

2. Que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza para esixirlles ás empresas concesionarias o cumprimento rigoroso dos contratos en vigor?

3. Que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza para favorecer a competencia no sector?



CSV: BORISDPG-RAVUBGwsZ-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. É coñecedora a Xunta de Galiza do número de queixas dos usuarios e usuarias do servizo de transporte público?

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2024

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**
**Luis Bará Torres**
Deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Bará Torres na data 16/09/2024 12:15:17**

**Paulo Ríos Santomé na data 16/09/2024 12:15:20**

CSV: BORISDPG-RAVUBGwZ-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2024 12:40:22
Nº Rexistro: 11282
Data envio: 16/09/2024 12:40:22.830

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Oscar Insua Lema, Secundino Fernández Fernández** e **Montserrat Valcárcel Armesto,** deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre a concentración parcelaria en Carnés e Cereixo (Vimianzo).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 1 de xuño de 2004 publicábase no DOG un aviso da Delegación Provincial da Coruña da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, polo que se anunciaba a toma de posesión provisional de fincas da zona de concentración parcelaria de Cereixo e de Carnés, no municipio de Vimianzo. Despois de catorce anos do decreto que iniciaba os traballos en 1990, estes parecían chegar ao seu fin.

Despois de outros doce anos, o 8 de xuño de 2016 , novamente o DOG publicaba un anuncio da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se daba publicidade da Resolución do 11 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, pola que se modificaba o acordo de concentración parcelaria da zona de Cereixo-Carnés (Vimianzo-A Coruña), dado que o Concello solicitara a cesión da titularidade de varios predios para diversos fins municipais, como equipamentos dotacionais, depuradoras, escolas, depósitos de madeira, fosas séticas, etc, predios que causaron baixa no fondo de terras da zona.

O 9 de maio de 2019 publicábase no DOG outro anuncio da Xefatura Territorial da Coruña, pola que se publicaba a resolución relativa á revisión cartográfica e



CSV: BORISDPC2BAUMOGsl-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2024 12:40:22
Nº Rexistro: 11282
Data envio: 16/09/2024 12:40:22.830

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

documental do Acordo de concentración parcelaria da zona de Cereixo-Carnés, pola cal se modificou dito acordo e se relacionaban varios predios coas novas medicións.

Así pois, no ano 2020 a Consellería do Medio Rural daba por finalizada administrativamente a concentración parcelaria na zona de Cereixo e de Carnés, ao aprobarse en firme o acordo deste proceso de reorganización do territorio que pasou de 9.341 parcelas iniciais a 2.112 predios, quedando pendente só de entregar os títulos definitivos de concentración aos 1.126 propietarios beneficiados por esta reestruturación de 372 hectáreas de superficie.

A Consellería de Medio Rural, a día de hoxe, non entregou os títulos de propiedade notariais de cada finca resultantes da reorganización desas terras, e cando todo indica que non existen mais reclamacións neste expediente, a situación actual e que cada día aparecen e xurden máis problemas de diversa índole entre a veciñanza afectada á hora de mercar ou vender, tendo que facer xestións complementarias ante a administración na Coruña, namentres non se expiden os títulos definitivos. Esta é a razón fundamental, pola que é necesario que a Consellería proceda coa maior brevidade posible á axilizar o peche do expediente coa entrega dos títulos de propiedade aos veciños das parroquias de Carnés e Cereixo e finalizar así o proceso de concentración parcelaria comezada nos anos noventa.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

-Cal é a razón pola que a Consellería de Medio Rural non realizou a entrega dos títulos definitivos da concentración parcelaria nas parroquias de Carnés e Cereixo, no concello de Vimianzo?



CSV: BORISDDC2BAUNCGs-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2024 12:40:22
Nº Rexistro: 11282
Data envio: 16/09/2024 12:40:22.830

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cal é a previsión do goberno galego para finalizar de forma definitiva a concentración parcelaria nestas zonas?

- Existe algún problema ou inconveniente que impida a finalización deste proceso de concentración parcelaria?

-É consciente a Consellería que a falta de títulos definitivos está a provocar problemas e inquedanzas entre a veciñanza á hora de realizar trámites de compra-venda cos seus predios?

- Despois de aprobarse en firme o acordo de reorganización hai cinco anos, considera a Consellería como normalizada na administración esta demora de entrega definitiva de títulos notariais dos predios?

Santiago de Compostela, 16 de setembro 2024

Asdo.: **Oscar Insua Lema**
**Secundino Fernández Fernández**
**Montserrat Valcárcel Armesto**
Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Óscar Insua Lema na data 16/09/2024 12:32:28**

**Secundino Fernández Fernández na data 16/09/2024 12:32:38**



CSV: BORISDPG-BAMOG-s-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2024 12:40:22
Nº Rexistro: 11282
Data envio: 16/09/2024 12:40:22.830

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Montserrat Valcárcel Armesto na data 16/09/2024 12:32:50**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2024 13:13:01
Nº Rexistro: 11292
Data envio: 16/09/2024 13:13:01.149

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Olalla Rodil Fernández** e **Montserrat Valcárcel Armesto**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a calidade da alimentación nas vivendas comunitarias do concello da Pontenova.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde as vivendas comunitarias que o Consorcio Galego de Benestar ten no concello da Pontenova puxéronse en contacto co G.P. do Bloque Nacionalista Galego para nos trasladar queixas a respecto da calidade da comida.

Estas vivendas contan cun servizo de comedor externo subministrado por unha empresa de cátering privada que, segundo se nos traslada, non está a cumprir cos estándares de calidade esixibles.

As vivendas comunitarias da Pontenova prestan servizo a persoas autónomas ou con dependencia grao I –de acordo coa información publicada no RUEPSS. Das 24 prazas das que dispoñen as dúas vivendas, só aparecen como ocupadas tres.

Cómpre lembrar que a alimentación é un servizo esencial cando falamos da calidade de vida e o benestar de persoas usuarias de centros sociais polo que a responsabilidade da administración pública é a de fornecer alimentos e menús da máxima calidade e co máis alto valor nutricional. Neste senso, é habitual recibir queixas



CSV: BOPGDSPGAFKpj9Vc3e7-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2024 13:13:01
Nº Rexistro: 11292
Data envio: 16/09/2024 13:13:01.149

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

naqueles casos en que o servizo se presta de maneira privatizada, a través de empresas de cátering que nin sequera son do mesmo concello en moitos casos.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Cónstanlle á Xunta de Galiza queixas pola mala calidade da alimentación nas vivendas comunitarias da Pontenova?

- Fixo algunha inspección nestes centros a Consellaría de Política Social?

- En caso afirmativo, cando e que deficiencias se detectaron, tanto na alimentación como doutro tipo?

- Que medidas prevé adoptar a Xunta de Galiza para garantir a máxima calidade dos alimentos e menús que se subministran en centros dependentes da Consellaría de Política Social e Igualdade?

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2024

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
**Montserrat Valcárcel Armesto**
Deputadas do G.P. do BNG



CSV: BORISDFCARMJPJ9VGsL-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 16/09/2024 13:11:23**

**Montserrat Valcárcel Armesto na data 16/09/2024 13:11:37**

CSV: BOPGDSPGAKMj9V6s7-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2024 13:30:32
Nº Rexistro: 11296
Data envio: 16/09/2024 13:30:32.198

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Cristina Fernández Davila** e **Ariadna Fernández González**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de profesorado e especialistas para dar unha atención educativa de calidade a todo o alumnado do CPI da Cañiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Neste comezo de curso as reclamacións dos centros educativos por falta de profesorado e especialistas para o alumnado NEAE (PT e AL), estánselle acumulando enriba da mesa ao Delegado Territorial de Educación en Pontevedra. Entre elas está a demanda do CPI da Cañiza, que precisa reforzar o seu cadro de persoal especialista para poder atender como é debido ao alumnado máis vulnerable ao mesmo tempo que este curso medrou o número de alumnado de 4º infantil e polo tanto precisarían desdobrar unha das aulas con 21 nenos/as e un deles con Necesidades Específicas de Apoio Educativo.

Con ese desdobre e unha aula a maiores de Infantil, o centro contaría con tan só 4 mestras/es e un só a maiores de apoio, é ben difícil que se poida atender a todo o alumnado matriculado nesta etapa, cunhas idades nas que precisan estar baixo unha estreita supervisión. Estes efectivos son con total evidencia insuficientes para esta tarefa.

A dirección do centro xa advertiu a Inspección e á Delegación Territorial esta situación dende que se organizaron as aulas e horarios para este novo curso, polo tanto, estes recursos solicitados deberan ter chegados antes do día 11, que provocou que as



CSV: BORISDPGZBGWHPHSZ-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2024 13:30:32
Nº Rexistro: 11296
Data envio: 16/09/2024 13:30:32.198

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

familias alarmadas, tiveran que organizar unha concentración diante do centro educativo como apoio a todo o alumnado que ten uns dereitos que a administración educativa estalles a negar.

A ANPA do centro, permanece tamén á espera da contestación da Delegación a un escrito presentado, apoiado polos pais e nais do alumnado, no que solicita este reforzo para o CPI A Cañiza, sabendo que sería preciso poder contar con este persoal de xeito estable e non provisional como agora fará a Consellaría, elixindo entre todos os centros (centos deles) que o precisan.

Debido ao non ser atendida esta petición da directiva do centro, na actualidade a nova xa ten chegado a todas as redes sociais e vai como mensaxe de texto entre todas as nais e pais e ao resto da comunidade educativa, ninguén entende o que está a acontecer e como se lle están negando os seus dereitos ao alumnado de Infantil, así como ao resto das nenas e nenos con Necesidades Específicas de Apoio Educativo.

Non é comprensible que mentres estas situacións se repiten a diario por decenas nos centros educativos de vilas e cidades neste comezo de curso, o Conselleiro de Educación siga alardeando de ter contratado o maior número de profesorado e especialistas da historia. Sacando peito de datos manipulados que o único que confirman é un continuísmo na súa estratexia de desmantelamento do ensino público.

Porque a realidade, segundo demostra este caso do CPI A Cañiza e outros moitos en todo o País, é outra ben diferente. A dirección do centro deberá deixar sen a atención que merecen os alumnos/as NEAE, e unha aula a medio atender.

Como fan sempre, deixan de lado e sen recursos ao alumnado máis vulnerable e que máis o precisa: neste caso os de infantil e os que precisan atención específica educativa.



CSV: BORISURCZBOMKIUGHSZ-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A comunidade educativa está demandando que se solvente esta situación surrealista que afecta á atención e inclusión do alumnado no concello da Caniza. Non queren que un centro de referencia como é o CPI, se vexa prexudicado coas medidas de recortes que aplica ano tras ano a Consellaría de Educación, en lugar de dotar de maiores e mellores recursos aos centros e ao alumnado.

Nun momento onde o material tecnolóxico e dixital abunda en todas as escolas, resulta curioso que non se conte con algo tan básico como o profesorado necesario para impartir as distintas materias e para dar o apoio imprescindible e pautado ao alumnado NEAE, algúns deles cunha gran discapacidade.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 4ª:

Vai a Consellaría de Educación autorizar o desdobre da aula de 4º de Infantil e reforzar o cadro de persoal no centro aumentando un profesor para atender esa aula e un especialista en Audición e Linguaxe para garantir os dereitos do alumnado con diversidade?

Santiago de Compostela, 16 de setembro 2024

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**
**Ariadna Fernández González**
Deputadas do G.P. do BNG



CSV: BORISDUPZBDMGHF-Z-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2024 13:30:32
Nº Rexistro: 11296
Data envio: 16/09/2024 13:30:32.198

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Cristina Fernández Davila na data 16/09/2024 13:24:52**

**Ariadna Fernández González na data 16/09/2024 13:25:02**

CSV: BOPKSURCZBCKUFGHsZ-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2024 13:43:32
Nº Rexistro: 11300
Data envio: 16/09/2024 13:43:32.579

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, **Sonia Vidal Lamas, Secundino Fernández Fernández**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre o anuncio realizado o día 14 de setembro de 2024 polo presidente Rueda sobre a dotación de prazas residenciais para maiores en Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado día 14 de setembro o presidente da Xunta anunciou un plan de máis de 14 millóns de euros para a construción, ampliación e reformas de residencias e centros para maiores en Ourense, indicando as localidades nos que se executarán eses investimentos.

O día do 7 de marzo de 2022 foi publicada no Diario Oficial de Galicia a resolución do 3 de febreiro de 2022 pola que se daba publicidade ao Acordo marco entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o desenvolvemento do Plan de investimentos para a construción, reforma ou ampliación de equipamentos sociais públicos municipais, con cargo a fondos europeos procedentes do mecanismo de recuperación e resiliencia, ao abeiro do Convenio do 27.8.2021 entre o Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 e a

CSV: BORISDOC-RyhMb1Ch6Z-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2024 13:43:32
Nº Rexistro: 11300
Data envio: 16/09/2024 13:43:32.579

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Comunidade Autónoma de Galiza. O prazo para a presentación de solicitudes finalizou o 22 de abril de 2022.

A achega prevista para o desenvolvemento do referido plan ascendía á suma de 18,520 M€, 13,890M€ correspondentes ao exercicio de 2022 e 4,630 M€ ao de 2023.

Malia as previsións contidas no Acordo subscrito entre a Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e a FEGAMP, non foi ate o 3 de abril de 2024 cando se procedeu á selección dos proxectos presentados. Entre os proxectos para a construción, ampliación ou reforma de residencias e centros de maiores estaban os dos concellos de A Teixeira, Chandrexa de Queixa, Os Blancos, Manzaneda, Verea, A Bola, Piñor, Laza, A Gudiña, Trasmiras, Xunqueira de Ambia, Ramirás, Avión, A Peroxa, Vilamarín e Carballeda de Avia, en Ourense.

No propio Acordo no que se seleccionaban os proxectos a executar con cargo ao fondos europeos determinábase que con carácter previo a súa execución asinaríase un convenio entre o Consorcio e os concellos beneficiarios das achegas. Como consecuencia da demora na tramitación do procedementos as achegas faríanse efectivas nos exercicios 2024 e 2025, isto é, dous anos despois do inicialmente previsto.

A tardía resolución do procedemento, máis de dous anos despois do peche de prazo de presentación de solicitudes, non só foi comunicado aos concellos atinxidos, senón tamén deu lugar a unha comparecencia do Presidente da Xunta na que manifestaba que a Xunta financiará a construción de 12 novas residencias



CSV: BORISDRG-RyAWIJ1Gh-Z-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2024 13:43:32
Nº Rexistro: 11300
Data envio: 16/09/2024 13:43:32.579

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de maiores, catro centros de día, un novo centro social e outro integral, que combinará os servizos de centro de día e residencia.

O pasado sábado o Presidente da Xunta celebrou un acto institucional no que anunciaba a construción de infraestruturas de residencias e centros de maiores e a mellora e ampliación doutras xa existentes en diferentes concellos da provincia de Ourense xerando certa confusión na cidadanía ao non saber se eran novas intervencións con fondos autonómicos ou era unha nova reprodución do xa anunciado había meses e anos; e por iso formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 5ª:

-O plan de investimentos para Ourense por importe de 14 millóns de euros anunciado polo Presidente da Xunta o pasado sábado 14 de setembro de 2024 inclúe algunha actuación distinta das derivadas do Convenio do 27.8.2021 entre o Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 e a Comunidade Autónoma de Galiza, ou é unha mera reiteración das actuacións derivadas deste Convenio?

-Das actuacións previstas nese Plan de Investimentos canto financia a Xunta de Galiza con fondos propios e canto está financiado con fondos europeos?

-Cal foi a razón da extraordinaria demora na selección dos proxectos a executar con cargo ao Convenio subscrito entre o Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 e a Xunta de Galiza?



CSV: BORISDCG-RyMNsIGdnZ-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Cónstalle a Xunta de Galiza se o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar formalizou o correspondente convenio con cada un dos concellos de Ourense con proxectos seleccionados?

-No seu caso, en que data se asinou o convenio con cada un dos concellos de Ourense?

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2024

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**
**Sonia Vidal Lamas**
**Secundino Fernández Fernández**
**Olalla Rodil Fernández**
**Noa Presas Bergantiños**
Deputados e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Sonia Vidal Lamas na data 16/09/2024 13:37:13**

**Noa Presas Bergantiños na data 16/09/2024 13:37:17**



CSV: BORISDPG-wRyMNi1Uv-Z-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2024 13:43:32
Nº Rexistro: 11300
Data envio: 16/09/2024 13:43:32.579

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Olalla Rodil Fernández na data 16/09/2024 13:37:30**

**Secundino Fernández Fernández na data 16/09/2024 13:37:44**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 16/09/2024 13:37:59**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 11337
Data envio: 17/09/2024 09:08:33.903

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Iago Suárez Fernández**, **Xosé Manuel Golpe Acuña** e **Mercedes Queixas Zas**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre as obras para unha mina de lousa na parroquia de Montefurado, en Quiroga.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai arredor de 2.000 anos levábase a cabo no territorio do concello que hoxe coñecemos como Quiroga unha das maiores obras de enxeñaría con que contamos no noso país. Lideraba o Imperio Romano o emperador Traxano cuxo mandato se estendía até territorio galaico. Para extraer unha reserva de ouro que se encontraba no río Sil, os romanos furaron un monte realizando galerías horizontais e verticais nun pronunciado meandro que o río fai pouco antes de converxer con outro río, o Bibei. Isto creou un túnel que aínda a día de hoxe se mantén e que representa un dos lugares máis dignos de conservación da Ribeira Sacra, a parroquia de Montefurado.

Un patrimonio que debe ser defendido por todas as Administracións e que, infelizmente, se ve ameazado por unha prospección mineira que podería facer colapsar o túnel romano. Estas obras para unha mina de lousa recomezaron hai semanas despois de anos de parálise e de denuncias e alegacións por parte da veciñanza da parroquia. Segundo se puido saber, a Xunta de Galiza outorgou unha concesión á empresa no ano 2019 para o inicio destas obras algo que se debe revisar por parte do goberno galego por se tratar dun territorio BIC e por estar na contorna do Camiño de Inverno así como por afectar directamente até catro núcleos de poboación que están a menos dun quilómetro da mina.



CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A defensa do túnel romano de Montefurado, da Camiño de Inverno e da veciñanza do lugar deben ser prioritarias para a Xunta de Galiza polo que é imperativo que o goberno galego reconsidere a súa posición e se poña do lado da defensa do noso patrimonio sen ningún tipo de escusa.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

- Como valora a Xunta de Galiza a actividade mineira que se está a iniciar na parroquia de Montefurado e na contorna do túnel romano, no concello de Quiroga?

- Sabe o Goberno galego que, de se iniciaren as obras, o túnel romano e o camiño de inverno resultarían gravemente danados?

- Coñece a Xunta que a canteira de lousa se encontra a menos dun quilómetro de varios núcleos de poboación?

- Que resposta dá á veciñanza dos núcleos de poboación afectados o Goberno galego?

- Coñecendo todas as afectacións negativas que este proxecto mineiro pode ter no territorio, considera a Xunta que as obras deberían paralizarse cando menos cautelarmente?

Santiago de Compostela, 17 de setembro 2024

CSV: BOPGDSPG-PAMM2G+8Z-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 11337
Data envio: 17/09/2024 09:08:33.903

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Iago Suárez Fernández**

**Xosé Manuel Golpe Acuña**

**Mercedes Queixas Zas**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Suárez Fernández na data 17/09/2024 09:01:29**

**José Manuel Golpe Acuña na data 17/09/2024 09:01:38**

**Mercedes Queixas Zas na data 17/09/2024 09:01:45**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2024 09:53:25
Nº Rexistro: 11350
Data envio: 17/09/2024 09:53:25.619

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Ramón Fernández Alfonzo**, **Xosé Manuel Golpe Acuña** e **Cristina Fernández Davila**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a situación no centro CEIP Nicolás del Río do Concello de Cedeira.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O CEIP Nicolás del Río na vila de Cedeira atópase moi preto da praia da Madalena e polo tanto é un edificio sometido á acción da área e do mar, así como a duras condicións climatolóxicas desde o momento mesmo da súa construción no ano 1972.

O deterioro dos edificios e das instalacións xa ven de vello, existindo desde hai 20 anos a promesa de construción dun novo centro escolar por parte da Xunta, ante as demandas reiteradas por parte da comunidade educativa e máis da totalidade da corporación municipal da altura.

A día de hoxe, malia as numerosas partidas económicas destinadas por parte do Concello para a súa conservación, máis de 150.000€ nos últimos anos, o estado dos edificios, patios e pavillón non fai máis que degradarse.

As queixas do equipo directivo e máis do concelleiro de educación, o compañeiro do BNG Noel López, teñen sido reiteradas sobre o estado do edificio e a necesidade urxente dunha reparación en profundidade das fachadas e das cubertas, xa que a entrada da auga no interior do colexio, en algún caso a través de focos eléctricos, e o deterioro e pequenos desprendementos da fachada son realmente alarmantes.



CSV: BOPGDSPG-FdMIMSh3Z-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2024 09:53:25
Nº Rexistro: 11350
Data envio: 17/09/2024 09:53:25.619

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O intercambio de correos electrónicos cos responsábeis da Consellaría de Educación a este respecto foi numeroso, mais tamén infrutuoso, xa que algúns dos correos enviados nunca foron contestados, do mesmo xeito que non se informa ao Concello nin do resultado das avaliacións realizadas polo equipo técnico da Consellaría, nin do comezo das obras iniciadas sen previo aviso, nin de en que consiste o proxecto que está a executarse, por certo, de xeito que prexudica gravemente a mobilidade do alumnado do centro que se ve na obriga de saír do recinto escolar para pasar dun edificio a outro.

Ao mesmo tempo, e na liña fixada pola Xunta do Partido Popular, a dotación de persoal, docente e coidadores, tamén é obxecto de recortes, a comezar pola eliminación dunha unidade de 6º de primaria, deixando dous grupos con 22 alumnos e alumnas cada un, é dicir, incumprindo os rateos establecidos no famoso acordo de xaneiro, demostrando que non foi máis que unha nova fraude do Partido Popular para continuar a súa política de recortes, e que neste centro concrétase, polo de pronto, nun titor e nun especialista menos.

Isto significa evidentemente menos horas do equipo docente, e polo tanto a imposibilidade de seguir con varios dos programas que até o curso pasado existían no centro, programas destinados a mellorar a atención e a educación dos nenos e nenas nun sentido integral.

O recorte chega ao comedor, un servizo que utilizan 220 nenos e nenas e que atenden na actualidade 2 persoas, por estar unha de baixa, dun cadro xa insuficiente de 3.

Mais o peor, o que máis se resinte, é a atención á diversidade funcional, deixando algunha persoa nunha situación máis que precaria, como o caso dunha nena de 7 anos altamente dependente que será privada da atención permanente que precisa. Neste caso o recorte en coidadores no último ano pasou de 3 a 1,5, pasando polos 2 que



CSV: BOPGDSPG-FdMhB4nZ-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2024 09:53:25
Nº Rexistro: 11350
Data envío: 17/09/2024 09:53:25.619

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

remataron o curso pasado despois dunha intervención máis que cuestionábel do Equipo de orientación específico que pasou por enriba do equipo de orientación do centro.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

1. Ten coñecemento a Xunta de Galiza das necesidades do CEIP Nicolás del Río?

2. Ten pensado a Xunta de Galiza incluír nos vindeiros orzamentos unha partida suficiente para resolver esas necesidades?

3. Que opinión lle merece á Xunta de Galiza a redución do persoal para a atención á diversidade funcional e á dependencia do CEIP Nicolás del Río?

4. Cantas persoas en opinión da Xunta de Galiza son necesarias para atender o servizo de comedor para 220 alumnos e alumnas?

5. Por que reducen o número de unidades en 6º de primaria tendo 22 persoas en cada unha das 2 unidades superviventes?

6. Que foi do proxecto para construír un novo centro escolar no Concello de Cedeira?

Santiago de Compostela, 17 de setembro 2024



CSV: BORISDDG-F4MMBhsZ-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2024 09:53:25
Nº Rexistro: 11350
Data envío: 17/09/2024 09:53:25.619

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

**Xosé Manuel Golpe Acuña**

**Cristina Fernández Davila**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 17/09/2024 09:48:25**

**José Manuel Golpe Acuña na data 17/09/2024 09:48:33**

**Cristina Fernández Davila na data 17/09/2024 09:48:41**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2024 11:09:49
Nº Rexistro: 11359
Data envio: 17/09/2024 11:09:49.555

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Rosana Pérez Fernández** e **Cristina Fernández Davila**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, relativa ás actuacións a desenvolver polo goberno galego para a mellora da calidade educativa dos centros de ensino do concello de Boiro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación de absoluta normalidade e de plena tranquilidade no comezo do curso escolar que a Consellaría de Educación se esforza en transmitir publicamente está moi lonxe da realidade de moitos centros educativos do noso país.

Nomeadamente, o novo curso está a amosarse con moitas dificultades na comarca do Barbanza, con varios centros de distintos concellos en permanente mobilización, mesmo antes de dar comezo oficial o presente ano académico.

No caso do concello de Boiro, os pais e nais do IES A Cachada veñen facendo reclamacións á administración educativa e manifestando as súas demandas por medio de reivindicacións públicas dende o mes de agosto sen que, a día de hoxe, atoparan ningunha resposta nos responsábeis da Consellaría nin viran solucionados os seus principais problemas.

O IES A Cachada conta cun importante número de alumnado con necesidades educativas especiais, 102 dun total de case 400 matrículas, ao que lle cómpre apoio específico e individualizado. Deses 102 alumnos e alumnas, nada menos que 16 presentan TEA, a maioría cunha discapacidade asociada.



CSV: BOPGDSPG-BAUUBZmZ4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2024 11:09:49
Nº Rexistro: 11359
Data envio: 17/09/2024 11:09:49.555

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para a atención dese alumnado, o profesorado especialista que está asignado ao centro é manifestamente insuficiente e, tanto os pais e nais do IES, como as ANPA do resto dos centros de Boiro, conscientes de que o problema non só afecta ao propio IES, reclaman unanimemente a dotación dun especialista en Pedagoxía Terapéutica para que se cumpra a normativa vixente en materia de inclusión e para que os nenos e nenas que o necesiten poidan estar atendidos consonte ás súas necesidades reais.

A Consellaría de Educación é sabedora da situación dende hai semanas, e tamén das mobilizacións das familias e das súas demandas. Polo tanto, non é de recibo que existindo unha problemática tan delicada e tan grave, queira facer ver que non ocorre nada e que casos como os do IES A Cachada só son “anécdotas”.

Como tampouco é razoábel, nin se trata dun asunto insignificante, que no CEIP de Abanqueiro, no mesmo concello, exista este curso un número maior de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais e que, pola contra, se lle reduza o horario do coidador co que xa contaban no curso anterior a tempo completo.

Neste caso, as familias non comprenden a incoherencia da decisión tomada e cal é a razón de que, habendo máis alumnado con NEAE, o coidador teña que repartirse entre o CEIP de Abanqueiro e o de Praia Xardín que, á súa vez, dispón dun coidador que tampouco lle é suficiente e que se ve agora reforzado dous días á semana polo de Abanqueiro ao que lle reducen a súa atención neste centro.

É evidente que a política da Consellaría e a máxima do Goberno galego de “facer máis con menos”, só está a provocar verdadeiros inconvenientes nos centros educativos e, sobre todo, está a impedir que o alumnado conte co profesorado que lle corresponde, nomeadamente nos casos máis vulnerábeis e que máis o necesitan nos que, moi lonxe da propaganda das autoridades educativas, os afectados e as súas familias están a vivir situacións verdadeiramente angustiosas e inxustificábeis.



CSV: BORISDPG-8AUUB2ctZ4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2024 11:09:49
Nº Rexistro: 11359
Data envio: 17/09/2024 11:09:49.555

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

. Que medidas vai tomar a Xunta de Galiza de cara ao presente curso 2024-25 para garantir o cumprimento da normativa relativa á inclusión do alumnado nos centros educativos do concello de Boiro, nomeadamente no IES A Cachada?

. Diante do alto número de alumnado nese centro con NEAE, vai dotar de xeito inmediato do profesorado especialista preciso para ofertar a atención debida a todos os nenos e nenas, nomeadamente a aqueles con necesidades específicas de apoio educativo e atención á diversidade?

. Vaille asignar sen máis demora un PT, tal e como solicita a totalidade da comunidade educativa de Boiro e tal e como é necesario para cubrir as necesidades existentes do alumnado?

. Por que razón reduciu o horario completo do coidador do que dispoñían no CEIP de Abanqueiro?

. Ten coñecemento de que neste curso hai nese centro incluso máis alumnado con necesidades educativas especiais que no anterior? De ser así, considera razoábel manter a tempo completo o coidador actual? Vai corrixir de inmediato a situación de recortes deste curso?

. Dada a insuficiencia da cobertura cun coidador, vai aumentar a dotación para o CEIP Praia Xardín?

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2024 11:09:49
Nº Rexistro: 11359
Data envio: 17/09/2024 11:09:49.555

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 17 de setembro 2024

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

**Cristina Fernández Davila**

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosana Pérez Fernández na data 17/09/2024 11:01:07**

**Cristina Fernández Davila na data 17/09/2024 11:01:17**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2024 11:36:49
Nº Rexistro: 11368
Data envio: 17/09/2024 11:36:49.003

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Ramón Fernández Alfonzo**, **Xosé Manuel Golpe Acuña** e **Mercedes Queixas Zas**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, sobre o estado da casa natal de Felipe Bello Piñeiro no Seixo, concello de Mugardos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Felipe Bello Piñeiro (O Seixo, Mugardos, 1886-1952) inicia a súa formación na Escola de artes e oficios de Ferrol, para posteriormente asistir á Academia de Bellas Artes de San Fernando en Madrid.

Algúns fitos importantes da súa vida que poderían destacarse son os seguintes: En maio de 1912 foi principal organizador no Centro Galego de Madrid da denominada Iª Exposición de Pintura Regional Gallega; en febreiro de 1922 adheriuse a Irmandade Nazonalista Galega de Risco e en maio de 1932 ao Partido Galeguista; no 1927 funda a "Sociedad de Amigos del Paisaje Gallego"; En 1942 Ingresa na Real Academia de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario.

Mais por enriba de todo Felipe Bello Piñeiro é recoñecido como un dos iniciadores e máximos representantes da corrente paisaxista da pintura galega así como un grande activista cultural, sobre todo na comarca de Ferrol.

Entre os seus numerosos cadros destacan as paisaxes do seu lugar de nacemento, O Seixo, no Concello de Mugardos, onde viviría a maior parte da súa vida nunha casa



CSV: BORISDPGRAUKZ6T5Z4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

situada no número 123 da avenida do Seixo que tiña un taller anexo hoxe coñecido como Capela da Milagrosa.

Esta edificación, segundo datos do catastro do ano 1879 e hoxe en estado ruinoso, é propiedade do Arcebispado de Santiago, e está catalogada no PXOM do Concello de Mugardos concorrendo nela distintos valores culturais mais aló dos da propia arquitectura, entre os que cabería salientar, na nosa opinión, os murais da autoría do propio Bello Piñeiro que adornan boa parte das estancias interiores da casa, e que veñen de ser revelados para o público en xeral polo historiador e tamén veciño do Seixo, o profesor Bernardo Máiz, que abundando no calamitoso estado do edificio alerta sobre a perda irreparábel que isto significa, produto do incumprimento por parte do arcebispado de manter o edificio, da súa propiedade, en boas condicións, até o punto de dar lugar a apertura dun expediente de execución por parte do Concello de Mugardos para garantir a seguridade dos viandantes, veciños e veciñas.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

1. Ten coñecemento a Xunta de Galiza do estado de conservación da casa natal de Bello Piñeiro no Seixo, Mugardos?

2. Estaría disposta a Xunta de Galiza a colaborar co Concello de Mugardos nun proxecto de rehabilitación desta propiedade?

3. Como valora a Xunta de Galiza o incumprimento por parte do arcebispado de Santiago de manter o bo estado de conservación desta propiedade?



CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2024 11:36:49
Nº Rexistro: 11368
Data envío: 17/09/2024 11:36:49.003

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2024

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

**Xosé Manuel Golpe Acuña**

**Mercedes Queixas Zas**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Golpe Acuña na data 17/09/2024 11:29:08**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 17/09/2024 11:29:16**

**Mercedes Queixas Zas na data 17/09/2024 11:29:23**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2024 11:49:11
Nº Rexistro: 11372
Data envio: 17/09/2024 11:49:11.728

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Secundino Fernández Fernández**, **Luís Bará Torres**, **Sonia Vidal Lamas**, **Montserrat Valcárcel Armesto** e **Ariadna Fernández González**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre a dotación de persoal na Oficina Rural de Viana do Bolo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Oficina Agraria Comarcal de Viana do Bolo, actualmente oficina rural dependente da Consellería do Medio Rural da servizo aos gandeiros e agricultores de tres concellos Viana do Bolo, A Veiga e Vilariño de Conso e tamén servizo veterinario de O Bolo.

Por dar un dato, a área xeográfica que abrangue esta oficina abarca uns 851 km2 e conta con 116 núcleos de poboación e unha poboación duns 5000 habitantes. As distancias existentes entre algúns núcleos coa vila de Viana, onde está situada a oficina, pode chegar aos 50 km e o tempo de desprazamento chega nalgúns casos a unha hora. Este datos poden explicar a magnitude da extensión superficial e as estradas que comunican esta zona montañosa do oriente ourensán.

Esta comarca a que da servizo esta oficina é a que máis explotacións gandeiras ten da provincia de Ourense e unha das que mais censo de vacún, ovino, cabrún e apícola ten no ámbito provincial de Ourense.

Por dar outro dato, tramítanse non ámbito desta oficina ao redor de 450 expedientes da PAC cada ano. Por outra banda tamén se tramitan un bo número de

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

incorporacións de xente moza ao sector e plans de mellora de explotacións agrarias e numerosos expedientes de todo índole; así como trámites relacionados coa gandería.

A proximidade a xente permite tamén que este sector se revitalizara nos derradeiros anos e que supuxera unha importante creación de emprego nesta comarca e fundamentalmente no concello de Viana do Bolo. O sector agrogandeiro e as mulleres e homes que traballan neste sector son fundamentais para a economía destes concellos, creando postos de traballo e sendo dunha especial importancia para o mantemento do territorio e para que estes núcleos de poboación continúen poboados e con vida. Sen o sector agrario as nosas parroquias morren e o abandono avanza.

As prazas de funcionario desta Oficina Rural son 4, dous administrativos, enxeñeiro e veterinario. Neste momento traballan tres persoas para dar servizo a todas as explotacións e o conxunto do sector, falla por cubrir unha praza de administrativo. Estas persoas funcionarias son: unha enxeñeira, un veterinario e unha administrativa. Malia a importancia desta oficina para a poboación destes concellos, dende que se xubilou un administrativo, que non foi substituído, vense arrastrando un déficit de persoal para atención ao público. Nun momento dado parecía que se ía resolver pola incorporación de dous administrativos, pero esta situación non durou moito tempo polo traslado de dito persoal a outros postos de traballo. Polo tanto, a día de hoxe a Oficina Rural de Viana do Bolo conta cunha persoa administrativa para atención ao público.

Esta situación de falla de persoal administrativo leva consigo que nalgúns momentos non haxa administrativo, por exemplo nas vacacións, cando colle días, etc.;. Dada esta situación dáse a situación de persoas titulares de explotacións que chegan e non podan ser debidamente atendidas por que non haxa persoal.

A Xunta de Galiza, gobernada polo PP, non pode condenar as mulleres e homes de Viana e da comarca a un servizo deficitario coa escusa dun falso aforro; xa que se



CSV: BOPGDSPG-3ZA4M4s9Z-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2024 11:49:11
Nº Rexistro: 11372
Data envío: 17/09/2024 11:49:11.728

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

xogan moitos postos de traballo e moita riqueza para esta zona. Non se pode ter unha oficina administrativa con rexistro sen persoal de atención ao público. O PP non pode escudarse en demagoxias e ten que dar unha atención adecuada a este sector económico tan importante para a esta comarca.

Dende o Bloque Nacionalista Galego sempre defendemos os servizos públicos de proximidade e sempre entendemos que a administración ten que estar para facilitar e dar un servizo adecuado a este sector agrario tan atacado e tan menosprezado.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

• Ten constancia a Xunta de Galiza dos graves problemas que está a causar a falla de persoal na Oficina Rural de Viana do Bolo?

• Cal e motivo polo que a Xunta de Galiza non toma as medidas necesarias para solucionar a falla de persoal na Oficina Rural de Viana do Bolo?

• Impórtalle a Xunta de Galiza os problemas que lles pode causar esta falla de persoal as persoas titulares das explotacións agrarias da Veiga, Vilariño de Conso, O Bolo e Viana?

• Vai cubrir a praza vacante de administrativo que hai na Oficina Rural de Viana do Bolo?

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2024



CSV: BORISDPCGZAMMkiaHZ-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2024 11:49:11
Nº Rexistro: 11372
Data envio: 17/09/2024 11:49:11.728

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Secundino Fernández Fernández**

**Luis Bará Torres**

**Sonia Vidal Lamas**

**Montserrat Valcárcel Armesto**

**Ariadna Fernández González**

Deputados e deputadas G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Secundino Fernández Fernández na data 17/09/2024 11:39:15**

**Luis Bará Torres na data 17/09/2024 11:39:24**

**Sonia Vidal Lamas na data 17/09/2024 11:39:46**

**Montserrat Valcárcel Armesto na data 17/09/2024 11:40:05**

**Ariadna Fernández González na data 17/09/2024 11:40:19**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2024 12:25:39
Nº Rexistro: 11377
Data envio: 17/09/2024 12:25:39.091



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paloma Castro Rey**, **Julio Ernesto Abalde Alonso** e **Silvia Longueira Castro**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** na **Comisión 4ª.**

Como acontece cada ano por estas datas, o inicio efectivo do novo curso escolar saca á luz eivas e necesidades educativas e de investimento nos diferentes centros de ensino do concello. Algunhas son vellas demandas da comunidade educativa non atendidas aínda pola Administración e outras son imprevistos non detectados nas fases previas de preparación do actual curso, ante as que un goberno que sexa áxil e estea comprometido de verdade coa imprescindible calidade do ensino público debe reaccionar aportando solucións no menor tempo posible.

De entre todas esas necesidades, unhas das máis sensibles e urxentes son as que teñen que ver coa plena integración e a adecuada atención na aula dos nenos e nenas con necesidades educativas especiais (NEE). Algo fundamental para eles e as súas familias, porque só así se pode garantir a súa verdadeira igualade de oportunidades presente e futura, pero tamén fundamental para o conxunto da sociedade, porque un país digno e totalmente democrático é aquel que non discrimina ou desatende a ningún dos seus cidadáns e cidadás en función da discapacidade ou dificultade que cada quen poda ter.

Tal e como están a denunciar os pais e nais do centro, no CEIP Xunqueira 2 de Pontevedra hai un grave problema deste tipo, ante o que urxe unha reacción e solución inmediata da Xunta de Galicia. A única aula do 5º curso de ensino infantil (4 anos) conta actualmente con 24 alumnos e alumnas, ao límite da súa capacidade legal sen alumnado NEE, pero entre os que hai tres menores

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2024 12:25:39
Nº Rexistro: 11377
Data envio: 17/09/2024 12:25:39.091



diagnosticados con trastorno do espectro autista (TEA), con graos de discapacidade de ata o 88 %, e un cuarto que xa acode a terapia ocupacional e está actualmente pendente de valoración polo servizo de neuroloxía pediátrica.

Trátase dunha situación claramente insostible, que impide levar a cabo de xeito efectivo a atención personalizada e especializada que require este alumnado e que impedirá, de non se solucionar, o normal desenvolvemento pedagóxico do conxunto do curso. Un grave problema ante o que a Consellería de Educación reaccionou dun xeito absolutamente insensible, raquítico e, sobre todo, inútil, asignando "medio mestre" a esta aula, un docente de apoio a media xornada, entre as 9 e as 11.30 horas.

Mentres a propaganda oficial do Partido Popular e a Xunta de Galicia falan, en palabras do conselleiro de Educación, de que este curso 2024-2025 é "o de maior modernización nos últimos trinta anos", destacando a baixada "histórica" das ratios de alumnos e alumnas por clase, unha nova ponderación dos estudantes con discapacidade, contando por dous ou por tres a efectos de ratios en función do seu grado de discapacidade ou melloras nas condicións do persoal docente, o certo é que a realidade dos centros educativos de Pontevedra dista moito desa visión idílica que nos pretenden vender Alfonso Rueda e o seu goberno.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Como vai o Goberno da Xunta atender as demandas existentes na aula de 5º curso de ensino infantil do CEIP Xunqueira 2 de Pontevedra?

2.Ten previsto o desdobre da aula de 5º curso de ensino infantil do CEIP Xunqueira 2 de Pontevedra, con un ou unha docente a tempo completo en cada aula e o reparto equitativo entre ambas dos nenos e nenas?

CSV: BOPGDSPGTsAM1UIGh8Z-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo
Parlamentario
Socialista

Parlamento de Galicia, 17 de setembro de 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 17/09/2024 11:31:08**

**Julio Abalde Alonso na data 17/09/2024 11:31:20**

**Silvia Longueira Castro na data 17/09/2024 11:31:33**

CSV: BOPGDSPGTRAMUHGhsZ-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2024 12:26:56
Nº Rexistro: 11380
Data envio: 17/09/2024 12:26:56.074

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Carmen Rodríguez Dacosta** e **Silvia Longueira Castro**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** na **Comisión Permanente non Lexislativa da CRTVG**.

A Corporación Radio Televisión de Galicia dispón dun convenio colectivo do ano 2015. O referido convenio encóntrase totalmente desactualizado e por iso foi denunciado pola parte social a finais de 2023.

Desde o inicio das negociacións ata o 1 de setembro de 2024 os representantes dos traballadores e a representación do ente público mantiveron un total de sete xuntanzas. A última, programada para mediados do mes de xullo aínda non se levou a cabo despois de recibir o comité de empresa un aviso de adiamento.

No que vai de ano, apenas se avanzou no novo texto, e a CRTVG non está disposta a asumir a maior parte das propostas que lle achega a parte social, unha delas, incluída no programa da UXT, que se comprometeu a recuperar a xornada laboral de 35 horas á semana, e que a empresa nega acolléndose a que a normativa non cambiou, e que se axustan ás medidas en vigor.

Por outra banda, están pendentes de negociar as licenzas retributivas, non retributivas e excedencias, adiado o capítulo dedicado ao cadro de persoal. Provisión das vacantes. Contratación. Período de proba. Promoción interna ou o Concurso de traslados, a mobilidade funcional ou a estrutura retributiva.

CSV: BOPGDSPG-BAMRQtqt7-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

É máis, a estas alturas a parte empresarial aínda non trasladou á parte social a masa salarial para poder levar a cabo estas negociacións.

Este grupo parlamentario entende que por parte da entidade pública non existe vontade negociadora porque coa entrada en vigor da nova lei de Rueda, de medios públicos, non todo o persoal vai xogar cas mesmas regras, e a pretensión e a externalización de contidos e servizos. De feito no anteproxecto de lei que se presenta, no art. 46, que reproducimos, fala de convenios colectivos en plural.

Artigo 46. Persoal laboral

*1. O persoal ao servizo da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia réxese:*

*a) Polas disposicións aplicables do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, e da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego de Galicia.*

*b) Polo texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, e as demais normas de dereito laboral.*

***c) Polos convenios colectivos.***

*d) Polo correspondente contrato de traballo…*

Por iso, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Entende a CRTVG que un convenio colectivo que data do ano 2015 está desfasado e precisa de actualización inmediata?

CSV: BORISDRG-GAWRGZ7-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

2. Cando foi a última reunión da mesa negociadora do convenio colectivo da CRTVG?

3. Por que se aprazou a reunión da mesa negociadora programada para mediados de Xullo e a mediados de setembro inda non se ten convocado?

4. Cales son os puntos que impiden aos representantes do ente público chegar a un acordo co comité de empresa e asinar un novo convenio colectivo?

5. Por que o anteproxecto de lei no seu artigo 46 fala de convenios colectivos en plural?

6. O aprazamento da reunións da mesa negociadora e a falta de vontade negociadora da CRTVG está orixinada pola entrada do anteproxecto de lei de medios públicos?

Parlamento de Galicia, 17 de setembro de 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Rodríguez Dacosta na data 17/09/2024 11:36:06**

**Silvia Longueira Castro na data 17/09/2024 11:36:17**

CSV: BORSUDPG-3AN2G5Z-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2024 13:41:47
Nº Rexistro: 11392
Data envio: 17/09/2024 13:41:47.407

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Alexandra Fernández Gómez** e **Luis Bará Torres**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a necesidade dun gran pacto pola vivenda protexida en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 10 xuño o goberno da Xunta anunciou a aprobación da Estratexia galega de solo residencial coa que se pretenderían construír 20.000 vivendas protexidas e outras 5.000 vivendas libres.

Nas declaración posteriores ao Consello da Xunta, o presidente do goberno aseguraba que este compromiso contaba cunha programación dividida en dúas fases. Unha primeira, entre 2025 e 2028, centrada na xestión de solo, isto é, nas cuestión relativas á planificación, adquisición de solo e acordos cos concellos. E só despois comezaría a seguinte fase, a relativa á execución de obras de urbanización, a comercialización das parcelas e á construción das edificacións. No tocante a esta segunda fase, o goberno non concreta ningunha estimación temporal. É dicir, que a Xunta anuncia 20.000 vivendas protexidas nun tempo ilimitado, que poderían ser 20, 30 ou 40 anos.

En realidade o que se conclúe desta planificación é que, de cara a esta lexislatura, o compromiso limítase á planificación e adquisición de solos. Unha labor que o executivo estima que non comezará neste 2024, senón que queda adiado até o ano que vén.



CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Máis alá destas xeneralidades, non fica claro se a estratexia vai consistir en que en 2028 a Xunta tería xa adquirido os 3,3 millóns de metros cadrados de solo que estima precisar para a construción desas 20.000 vivendas, e que non sería até despois cando se comecen os traballos para a súa urbanización e construción. Ou, se pola contra, para o ano 2028 o executivo prevé ter adquirida só unha parte dos solos e continuar posteriormente co proceso de adquisición de forma simultánea co de urbanización.

Como se pode observar, este anuncio, polo de pronto, non pasa de ser unha declaración de intencións vaga, que ademais empata e se refunde con anuncios que xa viñan de lonxe. En realidade parte do anunciado non se trata dun novo compromiso, senón que incorpora a ese cómputo xeral todos os solos que xa estaban previstos para desenvolver. En concreto hai 3.452 vivendas que na maior parte dos casos levan anos pendentes de desenvolvemento sen que nos últimos 15 anos se fixeran avances. Exemplo disto son as 1.600 vivendas previstas no PAU de Navia en Vigo. Neste caso trátase dun desenvolvemento urbanístico que leva agardando anos no caixón da Xunta. Así, durante os últimos anos a Xunta vén realizando anuncios en cada exercicio orzamentario de investimento e desenvolvemento destes solos, pero a realidade é que aínda está lonxe de cumprirse. Agora estas 1.600 vivendas volven computarse no anuncio de 20.000 novas vivendas protexidas. Por tanto, podemos concluír que moitas destas vivendas serán vivendas novas cando se realicen, pero non son compromisos novos, senón unha serie de proxectos que a Xunta mantivo paralizados.

Outra cuestión chave é a localización destas novas vivendas protexidas previstas. A Conselleira fala de que xa foi elaborado un estudo urbanístico para determinar a localización, pero este non é público, nin tampouco foron facilitados máis datos. A única información publicada pola Xunta é que apenas hai unha estimación de distribución territorial desas 20.000 vivendas por áreas urbanas (Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo, Santiago, Ferrol, Vilagarcía de Arousa). Para unha maior concreción remítese a unha primeira etapa de planificación na que se delimitarán os



CSV: BORISDB3-FAUJUHS-Z-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2024 13:41:47
Nº Rexistro: 11392
Data envio: 17/09/2024 13:41:47.407

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ámbitos de actuación. Para iso, aseguran que se terá en conta dous criterios. Por unha banda a demanda acreditada a través do Rexistro Único de Demandantes de Vivenda; doutra, os criterios e obxectivos xerais das Directrices de Ordenación do Territorio.

A pesar desta inconcreción, podemos xa concluír que a Xunta só contempla aplicar esta estratexia nas áreas urbanas. Unha lóxica que choca coas propias DOT nas que di basearse, xa que estas establecen precisamente a importancia que ten na estrutura territorial galega o sistema urbano intermedio, que constitúe o segundo escalafón na xerarquía do sistema urbano e que ten grande importancia para as estratexias de integración e fortalecemento territorial. A exclusión destes ámbitos da política de vivenda protexida colisiona co rol que lles asigna as DOT como localizacións chave para o equilibrio territorial e a cohesión social, para a prevención do despoboamento e como referencias territoriais ao redor das cales organizar crecementos residenciais e áreas de centralidade.

Por último, tamén existen dúbidas sobre o papel que a Xunta de Galiza prevé asignarlle aos concellos. Nos últimos tempos existe unha pulsión por parte da Xunta de Galiza de derivar as súas competencias en materia de vivenda aos concellos, esixindo investimentos e medidas que os concellos non poden asumir. De aí que a nota de prensa emitida polo goberno active as alertas sobre un posible novo intento, por parte da Xunta, de trasladar responsabilidades sobre o desenvolvemento deste solo aos Concellos, cando especifica que os concellos deberán achegar parte dos fondos necesarios para a súa execución.

Por todo o expresado anteriormente, neste anuncio percíbese indefinición e falla de compromisos concretos. Ademais a Xunta de Galiza ten nas súas mans moitas ferramentas normativas que poderían contribuír a aumentar as reservas de solo, pero non as está aplicando, nin tampouco tras este anuncio parece haber intención de facelo.



CSV: BORISDPGFAMJUHnSZ-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2024 13:41:47
Nº Rexistro: 11392
Data envio: 17/09/2024 13:41:47.407

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Máis alá do titular para os medios non hai unha reflexión sobre o modelo de vivenda protexida que precisa este país nin cal debe ser o camiño para logralo.

Dende o Bloque Nacionalista Galego cremos necesario pasar da política de propaganda a unha política en materia de vivenda con visión estratéxica, ao redor da cal tecer grandes acordos de país para avanzar decididamente na accesibilidade á vivenda, na cohesión social e territorial, nas respostas ao reto climático, na resiliencia fronte aos ciclos inmobiliarios e na progresiva ampliación do parque público.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Cales son as conclusións do estudo urbanístico realizado para determinar a localización das vivendas protexidas anunciadas?

- Vai a Xunta de Galiza facelo público?

- Existe algunha documentación sobre a Estratexia galega de solo residencial?

- Cal?

- Vaina facer pública?

- Prevé realizar un Plan sectorial que planifique a vivenda protexida en Galiza?

- Vai a Xunta de Galiza a excluír os ámbitos que non fan parte das 7 grandes cidades da política de vivenda protexida?

- Que criterios vai empregar a Xunta para escoller a localización de solos?

- Por que a Xunta de Galiza non realiza modificacións normativas tendentes a ampliar as reservas de vivenda protexida e a súa función social?

- Que prezos está a pagar a Xunta de Galiza por metro cadrado en VPA?

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2024 13:41:47
Nº Rexistro: 11392
Data envio: 17/09/2024 13:41:47.407

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cal é o prezo medio por metro cadrado que supón para a Xunta a promoción directa de VPP?

- Cre necesario a Xunta de Galiza revisar o actual modelo de vivenda protexida?

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2024

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**
**Luís Bará Torres**
Deputada e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Alexandra Fernández Gómez na data 17/09/2024 13:29:26**

**Luis Bará Torres na data 17/09/2024 13:29:38**

CSV: BORISDPG-FAQJIJIJn5Z-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 11404
Data envio: 17/09/2024 16:18:42.849

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Paulo Ríos Santomé** e **Luís Bará Torres**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a situación do transporte público no comezo do curso académico concretamente na liña Cangas-Pontevedra.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Neste comezo de curso atopámonos co agravamento dos incumprimentos e caos co que se desenvolve o sistema público de transporte por estrada de Galiza. Son moitos os casos e puntos do país nos que nos últimos días se veñen recollendo queixas dos usuarios e usuarias do servizo, con autobuses que non chegan ás paradas e nos horarios indicados e tamén moitas persoas que non poden acceder ao servizo por falta de prazas.

Isto, sen dúbida, acontece por unha mala planificación e falta de recursos por parte das empresas concesionarias dos contratos de transporte ante unha Xunta de Galiza que ven permitindo estas prácticas e situacións no pasado recente e no presente.

O transporte público debe ser unha peza chave no desenvolvemento dun país como Galiza, cunha forma de habitar o territorio particular que precisa dunhas conexións útiles e áxiles para que os usuarios e usuarias deste servizo poidan utilizalo no desenvolvemento normal da súa vida, sexa para acudir a aulas, postos de traballo, citas médicas ou para a realización de calquera procedemento administrativo.

CSV: BORISUDCGAVWV8Iy9ge4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 11404
Data envio: 17/09/2024 16:18:42.849

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Son moitas as queixas recollidas nos últimos anos por parte dos usuarios e usuarias, que demandan que as empresas concesionarias cumpran cos contratos que teñen asinados coa administración pública, e que esta tome medidas para garantir este cumprimento.

Moitos tamén son os exemplos que se poden poñer, onde os incumprimentos sistemáticos por parte das empresas concesionarias están a producir molestias e prexuízos nos usuarios e usuarias do transporte público.

Lonxe de solucionar a situación, a Xunta de Galiza, ven esixindo diferentes reforzos alá onde a presión popular foi suficiente para que isto acontecese, mais estes reforzos non veñen a solucionar os problemas, xa que nin son reais, nin fan que se cheguen ás cotas que marcan os contratos e nin moito menos se habilitan mecanismos para superalas alá onde sería necesario.

Recentemente asistimos a unha situación de risco potencial nos vehículos que fan a liña Cangas-Pontevedra, na comarca do Morrazo, onde un número importante de usuarios e usuarias víanse obrigadas a facer un traxecto dunha duración considerable, así como tamén nunha liña na que se alcanza unha velocidade considerable, de pé e excedendo as prazas dispoñibles no propio vehículo, todo isto por unha falta de prazas debido á mala planificación por parte da Xunta de Galiza.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

1. É consciente a Xunta de Galiza das deficiencias no servizo público de transportes agravadas co inicio do curso?



CSV: BOPGDSPG-AVAQ0yQre-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 11404
Data envio: 17/09/2024 16:18:42.849

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza para esixirlles ás empresas concesionarias o cumprimento rigoroso dos contratos en vigor?

3. Que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza para favorecer a competencia no sector?

4. É coñecedora a Xunta de Galiza do número de queixas dos usuarios e usuarias do servizo de transporte público?

5. Como valora a Xunta de Galiza a realización dun traxecto como é o Cangas-Pontevedra, superando amplamente as prazas do vehículo facendo o traxecto de pé?

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2024

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**
**Luís Bará Torres**
Deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Paulo Ríos Santomé na data 17/09/2024 16:12:16**

**Luis Bará Torres na data 17/09/2024 16:12:28**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2024 17:11:40
Nº Rexistro: 11408
Data envio: 17/09/2024 17:11:40.699

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Montserrat Valcárcel Armesto**, **Olalla Rodil Fernández**, **Paulo Ríos Santomé** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre as medidas necesarias a tomar en materia de infraestruturas e seguridade viaria nas estradas LU-530, LU-612 e LU-232 no concello de Lugo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza conta cunha importante rede de estradas que comunica os principais núcleos de poboación coas cidades galegas.

No caso de Lugo, na zona periurbana, as estradas LU-530 (Lugo–A Fonsagrada), LU-612 (Lugo–Portomarín) e LU-232 (Lugo–Friol), que forman parte da rede galega, requiren da Xunta de Galicia unha actuación que garanta a seguridade non só dos vehículos, senón tamén dos peóns que día a día a utilizan nos seus desprazamentos habituais.

A estrada da Fonsagrada conta cunha intensidade media diaria de 10.311 vehículos no seu punto de medida máis próximo ao barrio de Castelo. Este barrio, que está dividido polo percorrido da vía, está a contar cunha importante mobilización veciñal para reclamar melloras, como unha nova limitación de velocidade (pasando a 50 Km/h en lugar dos 70 Km/h actuais), xunto coa instalación de pasos de peóns para evitar que as persoas, especialmente as de avanzada idade ou con problemas de mobilidade teñan que cruzar para chegar ás paradas de bus.



CSV: BORISDPG-RMZU0H3Ht-Z4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2024 17:11:40
Nº Rexistro: 11408
Data envío: 17/09/2024 17:11:40.699

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As estradas de Portomarín e de Friol, malia que contan cunha mellor limitación da velocidade nos núcleos de poboación, teñen tamén deficiencias á hora de facilitar o acceso ás paradas de bus urbano.

No caso da LU-612, só se atopa un paso de peóns ao comezo do percorrido, na intersección coa Estrada Vella de Santiago, dificultando o acceso da veciñanza de Piúgos e do resto de núcleos de poboación ás paradas de bus, mentres que a LU-232 non conta con ningún paso de peóns, malia que esta estrada conta con cruzamentos do Camiño Primitivo.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Como valora a Xunta de Galicia a inseguridade na estrada LU-530 sen pasos de peóns que garantan a seguridade da veciñanza do barrio de Castelo?

Como valora a Xunta de Galicia a inseguridade na estrada LU-612 sen pasos de peóns que garantan a seguridade da veciñanza do barrio de Piúgos para ter un acceso seguro ás paradas de bus da zona?

Como valora a Xunta de Galicia a inseguridade na estrada LU-232 onde non hai un paso de peóns axeitado nun punto de cruce do Camiño Primitivo?

Entende necesario a Xunta de Galicia, tal como demanda a veciñanza, que na LU-530 á altura do barrio de Castelo se reduza a velocidade e se instalen dous pasos de peóns á altura das paradas de bus e poder comunicar as dúas beiras do barrio de Castelo?

Entende tamén a demanda no barrio de Castelo de poder comunicarse cunha beirarrúa que una San Eufrasio co Carqueixo?



CSV: BOPGDSPG-RMQUDKhz4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2024 17:11:40
Nº Rexistro: 11408
Data envío: 17/09/2024 17:11:40.699

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2024

Asdo.: **Montserrat Valcárcel Armesto**

**Olalla Rodil Fernández**

**Paulo Ríos Santomé**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Montserrat Valcárcel Armesto na data 17/09/2024 17:04:46**

**Olalla Rodil Fernández na data 17/09/2024 17:05:04**

**Paulo Ríos Santomé na data 17/09/2024 17:05:22**

**Luis Bará Torres na data 17/09/2024 17:05:33**

CSV: BOPGDSPG-RMQ0HDMz94
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# Á MESA DO PARLAMENTO

**Lara Méndez López** e **Carmen Rodríguez Dacosta**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

Na Comisión 7ª do pasado 13 de setembro debatiamos sobre a necesidade de que a Xunta de Galicia permita ás persoas titulares de explotacións agrarias a opción de tramitación de calquera expediente de forma presencial.

Dende o noso grupo parlamentario estamos de acordo con que se recupere a tramitación presencial tal e como amosamos en dita comisión. Pero tamén é certo que a tendencia é ir camiñando para acadar unha transición á dixitalización da Administración.

A Xunta de Galicia leva anos desmantelando as oficinas agrarias comarcais, o que provoca que xa non se tramitan alí moitos dos trámites que se viñan realizando dende décadas, que non se reducen soamente a ter un rexistro presencial, senón que atinxe a temas tan importantes e complexas como plans de mellora, incorporación de mozas e mozos por citar dúas das máis importantes e complexas na súa tramitación.

Fai uns anos, un gandeiro acudía a unha oficina agraria e a propia Administración lle facía un estudo económico que era imprescindible para a solicitude dun plan de mellora ou unha incorporación, cousa que hoxe ten que facer a propia persoa interesada, ben pagando a un técnico pola súa conta ou acudindo a unha organización profesional agraria, que son as que veñen asumindo o traballo que vai abandonando a Administración autonómica, sen

CSV: BORSUDCG-BRRUG-jsZ-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2024 10:24:52
Nº Rexistro: 11424
Data envío: 18/09/2024 10:24:52.301

que esta lles transfira recursos económicos para que o custe non recaia sobre os gandeiros e agricultores.

A Xunta de Galicia utilizou a pandemia como escusa para facer o cambio radical da forma analóxica á dixital, sen ter en conta as limitacións de cobertura, de equipos, e sobre todo, de formación en dixitalización dos habitantes do rural.

Dende o PSdeG entendemos que isto debe ser un proceso e mentres non se solvente as eivas existentes (cobertura, equipos, formación), ten que convivir a tramitación presencial con medidas que contribúan a facer esta transición de xeito ordenado e sen prexuízo para a persoa administrada.

É dicir, trátase de facer unha transición tranquila, acompañada, tutelada, do analóxico ao dixital.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten previsto a Xunta de Galicia poñer en marcha unha liña de axudas para compra de equipos informáticos ás persoas habitantes das zonas rurais e nomeadamente a explotacións gandeiras e agrícolas?
2. Conta a Xunta de Galicia a posta en marcha de cursos de formación para que estes podan aprender a manexar eses equipos e a tramitar de xeito electrónico o que precisen?
3. Contempla a Xunta de Galicia que nas oficinas agrarias, efectivamente se podan rexistrar de xeito presencial o que se precise, pero que se poña a disposición nestas oficinas tamén, equipos informáticos que poidan ser utilizados polas persoas interesadas, e coa axuda dun traballador da Administración, poidan xerar as solicitudes, os trámites, os impresos…. O que sexa, para que despois poda ser presentado

CSV: BOPGDSPG-BDRrUGvsj-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

telematicamente nese momento coa axuda da persoa funcionaria, e así aprendan a facelo para nun futuro, entón si, podan facelo eles mesmos nas súas casas?

4. Estuda a Xunta de Galicia transferir recursos ás Organizacións profesionais agrarias que asumen o traballo que, por desleixo e por ese paulatino desmantelamento das oficinas agrarias comarcais que leva a cabo a Xunta de Galicia, deixa de facer a Administración e recae nalgunhas xestorías, pero fundamentalmente nesas OPA?

Santiago de Compostela, 17 de setembro do 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Lara Méndez López na data 18/09/2024 09:54:32**

**Carmen Rodríguez Dacosta na data 18/09/2024 09:54:41**

CSV: BOPGDSPGBmk0G5jz4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2024 10:26:02
Nº Rexistro: 11430
Data envío: 18/09/2024 10:26:02.222

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Lara Méndez López, Julio Ernesto Abalde Alonso** e **Patricia Iglesias Rey**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Galicia recibiu 29,38 millóns de euros na convocatoria de fondos NEXTGENERATION, Compoñente 14: Plan de modernización e competitividade do sector turístico, para a transformación verde, enerxética e dixital dos destinos así como para a mellora da súa competitividade.

O reparto de fondos realizouse mediante 10 plans de sustentabilidade a entidades locais e 3 accións de cohesión ACD Rehabilitación de recursos emblemáticos do litoral galego, ACD Senda Litoral de Galicia, ACD Revalorización de portos e actividades náutico deportivas, que realiza a Xunta de Galicia.

Os convenios asinados no segundo semestre 2022 entre a Axencia de Turismo de Galicia e os destinos locais que supedita que a 31 de decembro de 2024 débese xustificar o cumprimento do fito de execución do 75 %.

Sen embargo a demora na sinatura dos convenios, a falta de medios dos concellos e, en moitos casos, a tramitación de permisos sectoriais para a realización dos investimentos non fai posible o cumprimento de dito escenario e así foi trasladado pola maioría dos destinos á Xunta de Galicia nas comisións de seguimento de maio e xuño.

CSV: BOPGDSPGRWMHKsZ-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2024 10:26:02
Nº Rexistro: 11430
Data envio: 18/09/2024 10:26:02.222

Desde a Secretaría de Estado de Turismo trasladouse ás CC.AA unha interpretación máis flexible do fito do 50 % a 31 de decembro de 2024 así como o recordatorio de que a data de finalización dos proxectos pode chegar ao primeiro trimestre do 2026.

É necesario axilizar e dar prioridade a modificación dos convenios pendentes para actualizar as actuacións a realizar en cada caso. É necesario axilizar e priorizar a tramitación das prórrogas dos Plans e dar soporte técnico a aqueles concellos que se atopan en niveis baixos de execución por falta de medios técnicos para realizar as contratacións e desenvolver a carga e validación de documentación na plataforma cofee.

Débese aproveitar o encontro de destinos, Axencia de Turismo de Galicia e Secretaría de Estado de Turismo do 19 de setembro na Cidade da Cultura para tomar un acordo na liña de garantir a execución dos fondos concedidos a Galicia, debe ser a Xunta de Galicia quen debe activar os mecanismos para axilizar e garantir a xestión.

É necesario saber que porcentaxe dos 29,38 millóns de euros terá executados Galicia a 31 de decembro de 2024 incluídas as accións de cohesión que xestiona o goberno autonómico e non unicamente a execución de cada plan de sustentabilidade das entidades locais.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten previsto a Xunta de Galicia axilizar e priorizar a tramitación das prórrogas dos plans de sustentabilidade?
2. Contempla a Xunta de Galicia dar soporte técnico a aqueles concellos que se atopan en niveis baixos de execución por falta de medios

CSV: BORISDC3VAMHUKxZ-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

técnicos para realizar as contratacións e desenvolver a carga e validación de documentación na plataforma cofee?

Santiago de Compostela, 17 de setembro do 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Lara Méndez López na data 18/09/2024 10:09:28**

**Julio Abalde Alonso na data 18/09/2024 10:11:19**

**Patricia Iglesias Rey na data 18/09/2024 10:11:37**

CSV: BOPGDSPG-YWMHCksZ-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2024 10:54:45
Nº Rexistro: 11434
Data envio: 18/09/2024 10:54:45.418

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Daniel Castro García** e **Cristina Fernández Davila**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de que a Xunta de Galiza resolva as eivas provocadas no CEIP Castro de Ouro no concello Alfoz.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 16 de setembro no concello de Alfoz a ANPA do CEIP Plurilingüe Castro de Ouro decidiu concentrar ás familias e aos seus fillos e fillas diante do centro escolar ao ver como a Consellaría de Educación incumpría claramente as súas promesas no que ten a ver cos agrupamentos previstos no curso 2024/2025. Do mesmo xeito e por se fose pouco, tamén decidía suprimir a praza de especialista en Pedagoxía Terapéutica.

Ante esta diminución da calidade educativa e ao ver como a Xunta de Galiza desoe de maneira deliberada as peticións dos e das afectadas faise necesario que o goberno galego resolva estas eivas de xeito inmediato.

Por esta razón, desde o Bloque Nacionalista Galego vemos como inxusta esta situación xa que o propio acordo de agrupamentos indicaba que se podería agrupar o alumnado de primaria pertencente a distinto ciclo nunha mesma unidade cando o número sexa igual ou inferior a 12, pola contra no CEIP Plurilingüe Castro de Ouro contan con 15 alumnos nun dos agrupamentos e ademais é necesario avaliar unha realidade que é a de que aínda que noutro agrupamento hai xustamente 12 alumnos e alumnas, tense que estudar se algún deles ten necesidades específicas de apoio

CSV: BORISUDPGRAINMbGhr2-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2024 10:54:45
Nº Rexistro: 11434
Data envío: 18/09/2024 10:54:45.418

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

educativo, un feito que modificaría o ratio, todo isto agravado pola decisión da Xunta de eliminar a especialista en Pedagoxía Terapéutica coa que contaba o centro.

Alén disto, é necesario ter en conta que estamos a falar dun centro situado nun concello rural, polo que se fai máis difícil de entender que a Xunta de Galiza non teña nin a máis mínima intención de favorecer o asentamento de familias no rural galego, introducindo medidas que provocan o efecto contrario.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Vai a Xunta de Galiza recuperar a praza de especialista en Pedagoxía Terapéutica no CEIP Plurilingüe Castro de Ouro de Alfoz?

- Esta disposta a Xunta de Galiza a non levar a cabo os agrupamentos do alumnado de diferentes ciclos educativos no CEIP Plurilingüe Castro de Ouro de Alfoz, ao contar este co alumnado suficiente segundo os acordos asinados?

Santiago de Compostela, 18 de setembro 2024

Asdo.: **Daniel Castro García**
**Cristina Fernández Davila**
Deputado e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**



CSV: BORISDECRNMBGvsZ4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2024 10:54:45
Nº Rexistro: 11434
Data envio: 18/09/2024 10:54:45.418

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Daniel Castro García na data 18/09/2024 10:41:47**

**Cristina Fernández Davila na data 18/09/2024 10:42:21**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2024 11:02:32
Nº Rexistro: 11437
Data envio: 18/09/2024 11:02:32.819

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Alexandra Fernández Gómez**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a ausencia de contestación á pregunta parlamentar relativa á celebración e resultados dos convenios asinados dende 2020 pola Xunta de Galiza co Consello Avogacía Galega sobre a intromisión non consentida en vivendas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 27 de maio de 2024, reiterando solicitudes realizadas anteriormente, dende o grupo parlamentar do BNG interesamos que a Xunta de Galiza informara, entre outros extremos, sobre:

> Cal é o número de procedementos penais ou civís tramitados nos órganos xudiciais galegos por intromisión non consentida de vivenda de persoa física en cada un dos anos que van entre 2015 e 2020, con expresa indicación do órgano xudicial de que se trate ou do concello no que se produciu a intromisión?
>
> Cantas, en que datas e cal era o contido das consultas atendidas en virtude do convenio asinado entre o IGVS eo CAG no ano 2020, e cal era a concreta localidade da vivenda ocupada?
>
> Cantas, en que datas e cal era o contido das consultas atendidas en virtude do convenio asinado entre o IGVS eo CAG nos anos 2022 e 2023, e cal era a concreta localidade da vivenda ocupada e ou sobre a que existía risco de perda?



CSV: BORISDRG-RYDDLCJys2-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Reconvertida a pregunta oral en pregunta escrita por finalización do período de sesións, a Xunta de Galiza contestou por medio da Consellaría de Vivenda e Planificación de Infraestruturas sen dar resposta ás cuestións formuladas. En concreto, mediante escrito con número 9370 no rexistro de entrada do Parlamento de Galiza a Xunta de Galiza limitouse a indicar que:

*"A Lei 12/2023, do 24 de maio, de vivenda establece como obrigatorio un procedemento de intermediación prexudicial no caso de certos desaloxos. Concretamente, naqueles desafiuzamentos de vienda nos que o demandante sexa un gran tenedor e o demandado sexa unha persoa en situación de especial vulnerabilidade.*

*No que respecta á comunidade autónoma de Galiza, a Xunta estableceu o procedemento de intermediación a través do Convenio asinado entre o Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) e o Consello da Avogacía Galega (CAG). O servizo de intermediación préstase a través do Instituto Galego de Mediación e Arbitraxe (INGALMAR), dependente do CAG, e os colexios da avogacía de Galiza, a través dos seus respectivos servizos de mediación.*

*Con este convenio asegúrase a prestación do servizo"*

Como evidencia a resposta transcrita na súa integridade, a Xunta de Galiza máis unha vez incumpre o seu deber de facilitar a información solicitada, sen que conste razón que o podera impedir, polo que dende o grupo parlamentar do BNG a fin de coñecer, de existir, a razón do incumprimento por parte da Xunta de Galiza do seu deber legal que implica a vulneración dun deber fundamental e reiterando a solicitude realizada no seu día, formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:



CSV: BOPGDSPG-RyAOUILys-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2024 11:02:32
Nº Rexistro: 11437
Data envío: 18/09/2024 11:02:32.819

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera a Xunta de Galiza que a contestación realizada da resposta ás preguntas formuladas?

Entende que o incumprimento do disposto no art. 9 do Regulamento do Parlamento de Galiza permite o exercicio do dereito/deber de control da acción de Goberno que ten conferido o Parlamento?

Cal é o número de procedementos penais ou civís tramitados nos órganos xudiciais galegos por intromisión non consentida de vivenda de persoa física en cada un dos anos que van entre 2015 e 2020, con expresa indicación do órgano xudicial de que se trate ou do concello no que se produciu a intromisión?

Cantas, en que datas e cal era o contido das consultas atendidas en virtude do convenio asinado entre o IGVS eo CAG no ano 2020, e cal era a concreta localidade da vivenda ocupada?

Cantas, en que datas e cal era o contido das consultas atendidas en virtude do convenio asinado entre o IGVS eo CAG nos anos 2022 e 2023, e cal era a concreta localidade da vivenda ocupada e ou sobre a que existía risco de perda?

No Convenio recentemente asinado entre o IGVS e o CAG incluíuse a realización da preceptiva intermediación ou conciliación para a admisión a trámite de demandas de desafiuzamento de grandes tenedoras fronte á persoas en situación de vulnerabilidade, en base a que informes valorou a Xunta de Galiza o custe da prestación deste servizo en toda Galiza?

Contemplou a Xunta de Galiza a realización deste servizo por medio de recursos propios?



CSV: BORISURG-RAVU4Gy-Ysz-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera a Xunta de Galiza importante fomentar a recurso a actos de solución pacífica de conflitos cando o desafiuzamento pode ser instando por persoas, físicas ou xurídicas, que non teñan a condición de grandes tenedoras?

Por que razón/s a a prestación de garda semanal no asesoramento ao que se refire nos diferentes convenios valorouse en 750 € no ano 2022, 820 € no 23 e 620 no 24?

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2024

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**
**Alexandra Fernández Gómez**
Deputado e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/09/2024 11:00:21**

**Alexandra Fernández Gómez na data 18/09/2024 11:01:50**

CSV: BORISDG-RAIU1Gy3-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2024 11:13:07
Nº Rexistro: 11441
Data envio: 18/09/2024 11:13:07.998

**Á Mesa do Parlamento**

**Raquel Arias Rodríguez, Encarna Amigo Díaz, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle** e **Cecilia Vázquez Suárez,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

A Xunta de Galicia ven de incrementar en máis dun 60% o orzamento inicial do Bono Concilia Familia na convocatoria deste ano 2024, ata acadar os 2,6 millóns de euros. O Consello da Xunta avaliou un informe sobre estas axudas, que están pensadas para facilitar a conciliación ás familias con nenos de ata 13 anos nas que os dous proxenitores traballan, ou un único proxenitor no caso das familias monoparentais.

O obxectivo deste programa é que os pais e as nais poidan atender as súas necesidades de conciliación de carácter puntual, por exemplo: por enfermidade ou cuestións laborais; ou durante os períodos de vacacións escolares.

As contías das achegas poden ser de 500 euros por unidade familiar para a contratación dunha persoa empregada do fogar ou servizos de atención á infancia a domicilio; ou de 200 euros por cada neno para o pago de campamentos ou doutros recursos de conciliación, como ludotecas ou espazos infantís. Polo tanto, unha familia con tres fillos pode percibir unha axuda de ata 600 euros.

Por outra banda, amplíase a axuda a todos os nenos que cumpren os 13 anos en 2024 e faise máis sinxela a solicitude para axilizar a súa tramitación e pagamento.

CSV: BOPGDSPG-RWnHDAs5Z4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A previsión da Xunta de Galicia é chegar a unhas 13.500 familias galegas neste novo inicio do curso, case 3.000 máis que as beneficiadas na convocatoria do exercicio pasado.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que vai a supor para as familias galegas o incremento en máis dun 60% do orzamentos inicial do Bono Concilia Familia na convocatoria deste ano 2024, ata acadar os 2,6 millóns de euros?

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Raquel Arias Rodríguez na data 18/09/2024 11:06:59**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 18/09/2024 11:07:16**

**Víctor Baladrón Lamas na data 18/09/2024 11:07:23**

**Nicole Grueira Fernández na data 18/09/2024 11:07:35**

**Dolores Hermelo Piñeiro na data 18/09/2024 11:07:47**

**Argimiro Marnotes Fernández na data 18/09/2024 11:08:00**

**Noelia Pérez López na data 18/09/2024 11:08:13**

**Ethel Vázquez Mourelle na data 18/09/2024 11:08:29**

**Cecilia Vázquez Suárez na data 18/09/2024 11:08:48**

CSV: BOPGDSPG-Ka4HDAb6Z4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2024 11:26:16
Nº Rexistro: 11448
Data envío: 18/09/2024 11:26:16.394

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Lara Méndez López, Julio Ernesto Abalde Alonso** e **Patricia Iglesias Rey**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Cada vez son máis voces as que se suman á necesidade de implementar a chamada 'taxa turística', son os alcaldes e alcaldesas as que falan da situación moitas veces extrema dos seus concellos, sobre todo na época estival. Cada concello ten as súas propias peculiaridades e particularidades e, polo tanto, son os alcaldes e as alcaldesas as que mellor coñecen a súa realidade.

O presidente da Xunta de Galicia mostrou as súas reticencias á taxa pola imaxe non desexada e non real de mostrar unha Galicia masificada, e que isto podería ir en detrimento do turismo de Galicia.

A realidade é que non se trata de que sexa unha medida disuasoria para mermar o turismo en Galicia, senón de ofrecer máis calidade nos servizos públicos e incluso aplicar medidas para axudar ao sector turístico para que sexa máis sostible. Hoxe en día, ata os propios turistas aceptan a taxa como unha forma de aliviar a presión e contribuír aos gastos sobrevindos que teñen que asumir os concellos. A maioría dos turistas concordan na necesidade de regular os excesos turísticos.

Con isto no só gañarán os concellos senón tamén os propios turistas desfrutando máis dos espazos, e da súa experiencia co noso territorio.

Son moitos os concellos que duplican e incluso triplican a súa poboación nas épocas vacacionais (verán, nadal, semana santa, carnaval, distintas pontes ao

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2024 11:26:16
Nº Rexistro: 11448
Data envio: 18/09/2024 11:26:16.394

longo do ano) e isto leva implícito un sobrecusto nas arcas municipais que teñen que asumir en solitario. Estamos a falar de sobrecusto no control do trafico, xestión de residuos, mantemento zoas verdes, mantemento do mobiliario, alumeado, deterioro do medio natural, consumo de auga, máis persoal e un largo etc.

Isto provoca un problema para prestar adecuadamente estes servizos, tanto no relativo á xestión da prestación como na súa propia calidade dos mesmos. O que fai que os e as rexedoras municipais dende a responsabilidade incrementen os recursos económicos, materiais e humanos co obxectivo de ofrecer uns óptimos servizos e unha boa percepción da zona que visita. Porque na propia imaxe dos concellos vai tamén que as persoas visitantes repitan o seu lugar vacacional e que falen ben da experiencia vivida. Imaxe que non só afecta aos propios concellos senón tamén a imaxe de Galicia.

Actualmente, este costes adicionais o teñen que asumir as administracións locais en solitario e, polo tanto, ese sobrecusto o teñen que sufragar en definitiva a veciñanza de cada municipio.

Partimos da realidade de que cada concello ten a súa singularidade e non todos asumen o mesmo porcentaxe de visitantes. Cada un ten unha realidade distinta polo que non sería una demanda conxunta, pero si que deberían ter a capacidade de decidir se aplican ou non a taxa turística.

CSV: BOPGDSPG-SAR2U6iHsZ-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2024 11:26:16
Nº Rexistro: 11448
Data envio: 18/09/2024 11:26:16.394



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Contempla a Xunta de Galicia delegar aos concellos a decisión de aplicar a taxa turística baixo un marco xeral establecido pola propia Xunta de Galicia da man dos concellos ao ser os que mellor coñecen a realidade dos seus territorios?

Santiago de Compostela, 18 de setembro do 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Lara Méndez López na data 18/09/2024 10:51:19**

**Julio Abalde Alonso na data 18/09/2024 10:51:28**

**Patricia Iglesias Rey na data 18/09/2024 10:51:37**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2024 12:33:49
Nº Rexistro: 11460
Data envio: 18/09/2024 12:33:49.061

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Daniel Castro García** e **Montserrat Prado Cores**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a necesidade de recuperar a atención médica no Centro de Saúde de Trabada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai case un ano os e as habitantes do concello de Trabada veñen sufrindo unha situación moi grave no que respecta ao seu Centro de Saúde. Todo isto dentro dun contexto sanitario na nosa comarca que leva anos sendo moi deficiente.

A xubilación no ano 2023 dun dos facultativos de Trabada non foi substituída en ningún momento por parte do SERGAS, co que durante todo este tempo un só médico dos dous que constitúen o seu plantel tivo que asumir a totalidade da carga de traballo do Centro de Saúde.

Se isto fose pouco hai que entender que Trabada é un concello moi extenso, cunha poboación moi avellentada, moi disperso e cunha distancia entre núcleos poboacionais bastante grande. Por estes motivos a súa poboación, cunha grande porcentaxe de maiores de 65 anos, é altamente demandante de atención médica e de coidados de enfermería, con moitos casos de atención domiciliaria nos que hai que invertir moito tempo.

É por iso que malia que a poboación é de 1100 habitantes, faise absolutamente imprescindible contar cos dous facultativos todos os días e a tempo completo.



CSV: BORISDRPG-6AMUKGh4Z-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2024 12:33:49
Nº Rexistro: 11460
Data envio: 18/09/2024 12:33:49.061

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alén disto, o concello de Trabada conta tamén cunha residencia de maiores de 39 prazas da que se debe ocupar o persoal médico e de enfermería do Centro de Saúde, polo que a carga de traballo aumenta significativamente e non pode en ningún momento quedar o Centro de Saúde sen o seu persoal sen substituir, sendo imprescindibles os dous médicos e a enfermeira/o todos os días e durante todo a quenda.

Por se isto fose pouco, a ausencia do único médico que hai actualmente durante o mes de agosto produciu numerosas situacións deficitarias, xa que foi substituído únicamente durante dous días á semana e durante unhas horas cada día. Nalgunha ocasión durante este mes, á ausencia total de médicos que xa se viña dando varios días á semana, sumouse a ausencia da enfermeira, quedando o centro sen persoal sanitario e obrigando a unha enfermeira do Centro de Saúde de Ribadeo a desprazarse ata Trabada para paliar a situación.

Ante esta situación as veciñas e veciños de Trabada exixironlle ao SERGAS e ao Goberno da Xunta que asuma a súa responsabilidade e os compromisos que está a publicitar día si e día tamén nos medios de comunicación en grandes publirreportaxes que logo quedan niso, en meras palabras.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Considera a Xunta de Galiza que a atención sanitaria está garantida no Centro de Saúde do concello de Trabada?

- Vai a Xunta de Galiza cubrir de xeito inmediato e permanente as dúas prazas coas que está dotado o Centro de Saúde de Trabada?



CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2024 12:33:49
Nº Rexistro: 11460
Data envío: 18/09/2024 12:33:49.061

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2024

Asdo.: **Daniel Castro García**

**Montserrat Prado Cores**

Deputado e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Castro García na data 18/09/2024 12:28:46**

**María Montserrat Prado Cores na data 18/09/2024 12:30:56**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2024 13:03:49
Nº Rexistro: 11463
Data envio: 18/09/2024 13:03:49.960

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

**Rubén Lorenzo Gómez, Encarna Amigo Díaz, María Deza Martinez, Miguel Fidalgo Iglesias, María Felisa Rodríguez Carrera, Ángel Rodríguez Conde, Cristina Sanz Arias, Borja Verea Fraiz e Miguel Ángel Viso Dieguez** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión 6ª Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.**

A actividade económica da fábrica de aluminio de Alcoa, en San Cibrao, representa o 30% do PIB da comarca da Mariña converténdoa no principal motor económico e de forza laboral da zona.

Con todo, nos últimos anos a súa continuidade está risco, entre outros motivos, como manifestou a compañía polos “exorbitantes prezos da enerxía”. Polo tanto, parece necesario un marco eléctrico estable e competitivo para a gran industria electrointensiva, con medidas comparables ás que se ofrecen noutros estados da Unión Europea nos que a sensibilidade a favor desta industria é maior, conscientes do valor estratéxico que representa.

Por ese motivo, tanto desde o Grupo Parlamentario Popular como desde o propio Goberno galego vense alertando da necesidade da modificación do Estatuto dos Consumidores Electrointensivos. Neste sentido, coñeciamos que o pasado 12 de setembro, a Xunta de Galicia solicitaba a convocatoria da comisión de seguimento de Alcoa ao máis alto nivel, coa presenza de dous ministros, para tratar entre outras demandas esta.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

- Ten coñecemento a Xunta de Galicia se o Goberno de España vai dar unha solución enerxética á fábrica de Alcoa?

Santiago de Compostela, 18 de setembro 2024.

**Asinado dixitalmente por:**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 18/09/2024 13:00:44**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 18/09/2024 13:01:12**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2024 13:03:49
Nº Rexistro: 11463
Data envio: 18/09/2024 13:03:49.960

PP | PARLAMENTO DE GALICIA

**María Deza Martínez na data 18/09/2024 13:01:22**

**Miguel Fidalgo Iglesias na data 18/09/2024 13:01:35**

**Ángel Rodríguez Conde na data 18/09/2024 13:01:50**

**María Felisa Rodríguez Carrera na data 18/09/2024 13:02:00**

**Cristina Sanz Arias na data 18/09/2024 13:02:33**

**Borja Verea Fraiz na data 18/09/2024 13:02:55**

**Miguel Ángel Viso Diéguez na data 18/09/2024 13:03:14**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2024 13:39:09
Nº Rexistro: 11468
Data envio: 18/09/2024 13:39:09.042

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Ariadna Fernández González** e **Olalla Rodil Fernández**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a escola infantil Scientia Lalín.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No concello de Lalín, onde se superan os 20000 habitantes e se chega case ás 500 crianzas menores de 3 anos, a conciliación non é tarefa doada actualmente. A existencia de dúas escolas infantís Galiña Azul dependentes da Xunta de Galiza, non é suficiente, como ven denunciando reiteradas veces o BNG, para darlle a atención gratuíta a todos aqueles nenos e nenas cuxos pais precisan de apoio para a conciliación e aos que a dita promesa de gratuidade por parte da Consellería de Política Social non chega. É unha costume xa, que haxa familias que quedan na lista de agarda e logo sen praza na capital Dezá, coma ocorreu neste curso, onde 20 menores de 3 anos quedaron sen praza no centro Pontiñas e outros 3 na escola emprazada no Polígono Lalín 2000, situando a Lalín coma a única vila da comarca onde se da este caso, con 128 prazas dispoñibles de carácter público para este curso xa iniciado ao sumar as das dúas escolas antes citadas.

A presenza dunha escola infantil de carácter privado na vila, Scientia Lalín, paliou en certa medida a grave eiva dos servizos públicos ate o de agora, aínda que non estivo exenta de problemas no pasado que se resolveron, en moitos casos, por a boa vontade e responsabilidade para coas familias dos e das traballadoras, aínda cando as súas condicións laborais non eran debidamente respectadas.

CSV: BORISDDGHRVO8U9n5Z-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2024 13:39:09
Nº Rexistro: 11468
Data envío: 18/09/2024 13:39:09.042

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A adquisición por parte de Scientia School do colexio Sagrado Corazón no 2020 a través dunha poxa levada a cabo en Vigo por valor de 2,7 millóns de euros, remataba cunha longa loita entre o persoal do centro e os antigos propietarios e facía presaxiar unha nova etapa para a empresa, onde a nova xerencia se comprometía a conservar ao persoal existente e ordenar a situación do colexio en xeral, dentro do cal se encadraba, a estes efectos, a escola infantil.

A situación non mudou en exceso co paso dos meses e, xa chegados ao curso pasado, no ano 2023, os problemas polo atraso das nóminas das traballadoras comezou a ser a tónica habitual da empresa, que se foi estendendo no tempo ata o momento actual, no que algunhas delas acumulan ata 4 meses de atraso no ingreso do seu salario. Dadas estas condicións, unha vez iniciado o curso escolar, as crianzas son atendidas por dúas profesionais, unha mestra de nova incorporación e unha traballadora considerada persoal educativo de apoio, aínda que na páxina do RUEPPS, que é un censo público das entidades prestadoras de servizos sociais e dos centros e programas autorizados no territorio do noso país, figuran actualmente 6 persoas entre mestras, persoal de apoio e educadoras. As cifras ofrecidas neste censo, que deben estar actualizadas en todo momento para unha boa planificación, control e ordenación das entidades e os servizos, non son reais dende fai meses, xa que os propietarios non foron capaces, ou non tiveron intención, algo que descoñecemos, de cubrir as baixas das traballadoras, nin de incorporar persoal para eses postos vacantes ao reincidir nos impagos, de xeito que a rotación de persoal é continua no centro, incumpríndose así os rateos durante meses e tamén unha vez comezado o período de curso.

No citado rexistro RUEPPS, ademais de non ser veraces os datos correspondentes ao persoal da escola infantil, tampouco son reais o número de crianzas matriculadas nin o seu horario de apertura, xa que non está ofrecendo servizo de tarde, tendo a última actualización dito rexistro no mes de febreiro do presente ano. Nestes momentos, dos 30 nenos e nenas que gozaban do servizo e que eran atendidos unicamente por dúas profesionais, só asisten 15, xa que a propia escola reduciu o



CSV: BOPGDSPGRJOuG8Jnf2-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2024 13:39:09
Nº Rexistro: 11468
Data envio: 18/09/2024 13:39:09.042

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

servizo ao non contar máis que cunha mestra para atendelos, coas conseguintes protestas das familias, que foron avisadas no momento, sen deixar prazo para redistribuílos ou buscar solucións para a conciliación, polo que moitos pais e nais tiveron que ausentarse do traballo por incapacidade de xestionar sen tempo a nova por parte da empresa.

A situación das familias lalinenses en canto á conciliación é dramática nestes momentos, precisando atención e solucións por parte do concello e da Consellería de Política Social, á que se lle solicita información sobre a inspección que estaba programada na escola durante este mes e da que non se teñen novas, descoñecendo se esta se levou a cabo e, de ser así, cal foi a súa resolución, xa que necesitan garantías de que as crianzas poidan ser atendidas debidamente.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

1. Que solucións de conciliación se lle ofreceron ás familias das crianzas matriculadas na escola infantil Scientia Lalín tras coñecerse que non gozarían do servizo pactado?

2. Que cantidade de diñeiro recibiu a empresa prestadora do servizo de escola infantil no curso 23/24 e no presente 24/25?

3. Cando foi a última vez que se inspeccionou a Scientia Lalín por parte da Consellería de Política Social? Eran conscientes das eivas existentes en canto ao persoal e aos materiais?



CSV: BOPGDSPGGRVJdRg6s7-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Recibiu a Xunta de Galiza información sobre o impago de nóminas ao persoal da escola infantil Scientia Lalin ao tratarse dunha empresa prestadora de servizos sociais que recibe diñeiro público para tal fin? Se foi así, que medidas se tomaron?

5. Recibiu a Xunta de Galiza información por parte do Concello de Lalín sobre a situación de dita escola infantil e a posible eiva que terían na localidade en canto á conciliación no comezo do actual curso?

6. É veraz a información que manexan as familias de que a inspección programada na escola infantil foi suspendida?

7. Onde se recolocarán as crianzas que están sen servizo na actualidade?

8. Considera a Consellería de Política Social que no concello de Lalín son precisas máis prazas de escola infantil pública para resolver que cada ano queden sen praza crianzas?

9. Que medidas vai tomar a Xunta de Galiza para recuperar o diñeiro que recibiu a empresa propietaria por prestar uns servizos que non está prestando?

10. Descoñecía a Xunta de Galiza a situación da escola infantil Scientia Lalín?

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2024

Asdo.: **Ariadna Fernández González**
**Olalla Rodil Fernández**
Deputadas do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPG-KVOd8Gjs-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2024 13:39:09
Nº Rexistro: 11468
Data envio: 18/09/2024 13:39:09.042

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Ariadna Fernández González na data 18/09/2024 13:21:59**

**Olalla Rodil Fernández na data 18/09/2024 13:22:07**

CSV: BORISDPRPGHRVADM8hQjeis7Z-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo
Parlamentario
Socialista

# Á MESA DO PARLAMENTO

**Carmen Rodríguez Dacosta** e **Silvia Longueira Castro**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG**.

A CRTVG segue un proceso externalizador que o Grupo Parlamentario Socialista xa denunciou en anteriores iniciativas. O último exemplo acontece co programa "A Revista", que segundo informacións de que dispón o Comité Intercentros o plató e realización seguirán sendo da CRTVG, namentres se van externalizar a produción, redacción e a presentación do mesmo.

Son dúas produtoras externas as que se farán cargo do novo espazo, que se vai emitir na TVG a partir do próximo 16 de setembro e que pasará a chamarse "O termómetro".

1. O Papaventos (pertencente a La Cometa TV, produtora que traballa para Telemadrid.. (que se encargará da produción, xornalistas e presentadora)
2. Sete e Media (aporta os equipos para os directos)

Xunto con estas produtoras, vai coexistir a figura de Produtora Delegada, persoal da CRTVG e que terá por cometido servir de vínculo entre os servizos que competen ás produtoras e a parte técnica que conserva o persoal da CRTVG.

O Comité Intercentros advirte problemas que se poden dar de cesión ilegal de traballadores, como xa aconteceu no pasado, e apunta incumprimento do actual marco normativo, en concreto facendo referencia ao estipulado no art. 35 da Lei de medios 9/2011, que impide a cesión da produción e realización de programas informativos a terceiros, así como o que se recolle na sección III do

CSV: BORISDGSRADHOR1-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 11477
Data envio: 18/09/2024 16:25:29.800

Grupo
Parlamentario
Socialista

Mandato Marco da CRTVG de 29 de decembro de 2015, nos artigos. 30 e 31, referidos ás liñas estratéxicas e obxectivos de produción dos medios públicos de Galicia.

Polo exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. A que se debe a decisión da Corporación Radio e Televisión de Galicia de externalizar o espazo “A Revista “ cando teñen aos seus redactores e redactoras sen funcións asignadas.

2. Non entende a entidade que a citada externalización provocará demandas por cesión ilegal de traballadores?

3. Garante a CRTVG , con este *modus operandi*, o cumprimento do actual marco normativo, en concreto o estipulado no artigo 35 da Lei de medios 9/2011?

Santiago de Compostela, 18 de setembro do 2024

**Asinado dixitalmente por:**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30
@PSdeG

**Carmen Rodríguez Dacosta na data 18/09/2024 16:24:29**

**Silvia Longueira Castro na data 18/09/2024 16:24:41**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2024 17:42:17
Nº Rexistro: 11490
Data envío: 18/09/2024 17:42:17.960

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Carmen Rodríguez Dacosta** e **Silvia Longueira Castro**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** solicitan a esa Mesa a seguinte **corrección de erros** nos documentos con número de rexistro **11477** e **11478**.

**Corrección de erros**

No segundo parágrafo da exposición de motivos, onde di: “2. Sete e Media...”; debe dicir: “2.Setemedia...”.

Santiago de Compostela, 18 de setembro do 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Rodríguez Dacosta na data 18/09/2024 17:41:32**

**Silvia Longueira Castro na data 18/09/2024 17:41:41**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2024 16:34:15
Nº Rexistro: 11484
Data envío: 18/09/2024 16:34:15.481

Grupo
Parlamentario
Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Patricia Iglesias Rey, Julio Ernesto Abalde Alonso, María Elena Espinosa Mangana** e **Lara Méndez López**, deputadas e deputado pertencentes **ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos**.

Por parte do Goberno de España, o total axudas de MITECO para proxectos en transición xusta en Galicia (en resolución Definitiva) foi de 111,9 millóns de euros (81,2 millóns de euros As Pontes, 30,6 millóns de euros Meirama), que mobilizará 390 millóns de euros de investimento.

O Fondo de Transición Xusta (FTX) dotado con 111 millóns de euros, busca xerar un impacto económico e social positivo nas zonas afectadas pola denominada transición climática, que se corresponde coa provincia da Coruña, en concreto coas centrais de Meirama e das Pontes, prestando apoio aos territorios e ás persoas traballadoras afectadas e promovendo unha transición socioeconómica equilibrada.

As pemes son as principais destinatarias, sendo o obxectivo identificar grandes proxectos que impulsen as iniciativas desas pequenas e medianas empresas para, de modo conxunto, conformar un plan de desenvolvemento territorial sostible.

A pesar do apoio do Goberno de España coas comarcas afectadas polo peche das centrais térmicas das Pontes e Meirama, con especial apoio á xeración de postos de traballo para colectivos de interese, a falta de apoio do Goberno galego coas zonas afectadas é un feito a día de hoxe.

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2024 16:34:15
Nº Rexistro: 11484
Data envio: 18/09/2024 16:34:15.481

Nunha nota de prensa do 14 de xuño de 2023 o anterior director do Igape e a anterior secretaria xeral de Industria, que participaron no Comité de Política Industria da Xunta de Galicia, afirmaban que durante os próximos meses estaba prevista a posta en marcha de distintas liñas do FTX. Así, os representantes autonómicos subliñaron que Galicia era a comunidade que máis avanzada está nos trámites de desenvolvemento do fondo.

Pois ben, logo dese anuncio o Goberno galego deses 111 millóns de euros do FTX, que son xestionados directamente pola Xunta de Galicia (para A Coruña, o 12,82 % do FTX para España) unicamente convocou o 20 de maio de 2024 (logo dun ano) a única e primeira convocatoria de axudas do FTX para impulsar a mellora da sustentabilidade enerxética no sector industrial da provincia da Coruña. Achegas cuxo importe ascende a 7 millóns de euros que serán financiados co Fondo de Transición Xusta.

Por todo o exposto anteriormente, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Cando ten previsto o Goberno galego convocar o resto de axudas do Fondo de Transición Xusta para favorecer ás comarcas afectadas polo peche das centrais térmicas das Pontes e Meirama?

Santiago de Compostela, 18 de setembro do 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Iglesias Rey na data 18/09/2024 14:23:15**

CSV: BORISDOCSBAXWUGH-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Julio Abalde Alonso na data 18/09/2024 14:23:26**

**Elena Espinosa Mangana na data 18/09/2024 14:23:43**

**Lara Méndez López na data 18/09/2024 14:23:55**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Patricia Iglesias Rey, Julio Ernesto Abalde Alonso** e **Lara Méndez López**, deputadas e deputado pertencentes **ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Por parte do Goberno de España, o total axudas de MITECO para proxectos en transición xusta en Galicia (en resolución Definitiva) foi de 111,9 millóns de euros (81,2 millóns de euros As Pontes, 30,6 millóns de euros Meirama), que mobilizará 390 millóns de euros de investimento.

O Fondo de Transición Xusta (FTX) dotado con 111 millóns de euros, busca xerar un impacto económico e social positivo nas zonas afectadas pola denominada transición climática, que se corresponde coa provincia da Coruña, en concreto coas centrais de Meirama e das Pontes, prestando apoio aos territorios e ás persoas traballadoras afectadas e promovendo unha transición socioeconómica equilibrada.

As pemes son as principais destinatarias, sendo o obxectivo identificar grandes proxectos que impulsen as iniciativas desas pequenas e medianas empresas para, de modo conxunto, conformar un plan de desenvolvemento territorial sostible.

A pesar do apoio do Goberno de España coas comarcas afectadas polo peche das centrais térmicas das Pontes e Meirama, con especial apoio á xeración de postos de traballo para colectivos de interese, a falta de apoio do Goberno galego coas zonas afectadas é un feito a día de hoxe.
Nunha nota de prensa do 14 de xuño de 2023 o anterior director do Igape e a anterior secretaria xeral de Industria, que participaron no Comité de Política

CSV: BORISUBPG-BTMJCM-7-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Industria da Xunta de Galicia, afirmaban que durante os próximos meses estaba prevista a posta en marcha de distintas liñas do FTX. Así, os representantes autonómicos subliñaron que Galicia era a comunidade que máis avanzada está nos trámites de desenvolvemento do fondo.

Pois ben, logo dese anuncio o Goberno galego deses 111 millóns de euros do FTX, que son xestionados directamente pola Xunta de Galicia (para A Coruña, o 12,82 % do FTX para España) unicamente convocou o 20 de maio de 2024 (logo dun ano) a única e primeira convocatoria de axudas do FTX para impulsar a mellora da sustentabilidade enerxética no sector industrial da provincia da Coruña. Achegas cuxo importe ascende a 7 millóns de euros que serán financiados co Fondo de Transición Xusta.

Por todo o exposto anteriormente, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Cando ten previsto o Goberno galego convocar o resto de axudas do Fondo de Transición Xusta para favorecer ás comarcas afectadas polo peche das centrais térmicas das Pontes e Meirama?

Santiago de Compostela, 18 de setembro do 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Iglesias Rey na data 18/09/2024 13:55:15**

**Julio Abalde Alonso na data 18/09/2024 13:55:25**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Lara Méndez López na data 18/09/2024 13:55:34**

Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2024 17:47:27
Nº Rexistro: 11494
Data envio: 18/09/2024 17:47:27.409

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Secundino Fernández Fernández**, **Luís Bará Torres**, **Sonia Vidal Lamas**, **Montserrat Valcárcel Armesto** e **Ariadna Fernández González**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre a admisión da caste de uva Godello na Denominación de Orixe Rueda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A caste de uva Godello e unha variedade autóctona branca que ten como característica principal o seu pequeno e compacto acio, cunha maduración precoz. Os seus viños son moi elegantes, afroitados, glicéricos e con corpo. Estamos ante a variedade branca máis abundante das D.O. Valdeorras, Monterrei e Ribeira Sacra sendo por suposto preferente nestas D.O. igual que na D.O. Ribeiro na D.O. Rias Baixas. Esta caste está alcanzando unha grande sona e a súa produción e valor vai en aumento ano tras ano. Estamos polo tanto ante a variedade por excelencia das D.O. Valdeorras e Monterrei e que marca o bo presente e futuro destas zonas vitícolas

A importancia económica na D.O. Monterrei explícase do seguinte xeito: nesta D.O. do total da produción 6.931.621 kg (datos do 2023), un 71,7 % son brancas, e dese porcentaxe un 75 % son da variedade Godello. Se facemos os cálculos temos 3.725.000 kg de Godello.

Na D.O. Valdeorras se falamos de viño, os últimos datos son dunha produción da caste de Godello duns 3.600.000 litros cualificados, dun total de 5.010.952 de litros de viño cualificado.



CSV: BORRSUPGAFAYMUHG7-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2024 17:47:27
Nº Rexistro: 11494
Data envio: 18/09/2024 17:47:27.409

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No caso da D.O. Ribeira Sacra ten un importancia menor con 700.000 kg dun total de 6.600.000 kg, xa que nesta D.O. prevalecen as castes tintas, concretamente a Mencía. Porén a súa importancia vai en aumento ante a crise que está a ter a comercialización do viño tinto.

Estes datos indican perfectamente que esta caste é a base fundamental da viticultura e do viño das D.O. Monterrei e Valdeorras, e a principal nas castes brancas da Ribeira Sacra.

Como manifestaba o presidente do consello regulador da D.O. de Valdeorras, Rodríguez Castellanos: "*Os números dannos a razón sobre o que levamos anos dicindo, a uva Godello ten unha calidade excepcional, non é so unha moda pasaxeira, se non que xa se atopa no podio dos grandes viños a nivel mundial*".

Até aquí todo ben, temos unha variedade ou caste apreciada, recoñecida, valorada cunha produción axeitada, con bos prezos, con futuro esperanzador e cun mercado que aprecia este viño e con boa demanda. Viticultores, adegas e todo o conxunto do sector contento coa evolución dos viños Godello. Fóra dos limites administrativos de Galiza esta uva tamén ten certa importancia na D.O. do Bierzo. Nesta D.O. veciña de Valdeorras a produción total é de 11.681.000 kg (ano 2023); dos cales o 16,7 % é godello, e dicir aproximadamente 1.950.000 kg de Godello.

Até aquí todo dentro dunha situación normal a efectos produtivos e de valoración desta uva tan importante e de tanto valor para estas D.O. galegas, e tamén con representación noutras D.O. como Ribeira Sacra, Ribeiro e Rias Baixas.

Este éxito produtivo e comercial desta caste de uva e o viño Godello parece que trouxo "envexas" e gañas de aproveitar o tirón deste viño.

CSV: BORSUPDGAEYMUHGS4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2024 17:47:27
Nº Rexistro: 11494
Data envio: 18/09/2024 17:47:27.409

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Recentemente a Junta de Castela León autorizou a inclusión desta caste na Denominación de Orixe Rueda. Unha inclusión que espertou un forte malestar na D.O. Bierzo, que viu a medida como un intento por subirse ao carro dunha uva que está de moda. Esta forte contestación da D.O. Bierzo pode chegar incluso aos tribunais posto que en declaracións públicas ameazaron con chegar até onde faga falla para defender a exclusividade desta caste de uva. Engaden ademais que, nesta disputa, contan co apoio das denominacións de orixe galegas onde esta uva é tamén autóctona: Valdeorras, Monterrei e Ribeira Sacra. O problema desta autorización non é polo tanto menor.

A D.O. Rueda está enfocada principalmente ao viño branco, neste momento a variedade verdejo é a súa caste de referencia. Esta denominación de orixe ten unha produción de 130.069.770 kg de uva branca, datos do 2023, produce polo tanto 15 veces mais uva branca e viño que as tres D.O. galegas (Valdeorras, Monterrei e Ribeira Sacra). Unha elevadísima produción que podería supor un elemento moi perigoso para as viticultoras e viticultores galegos, adegas e todo o conxunto das D.O.

Ante esta situación, que pode ser perigosa nun futuro próximo para as D.O. galegas, a Consellería do Medio Rural e Xunta de Galiza permanece calada; que se saiba non fixo ningunha xestión, non tomou ningunha medida, non se pronunciou publicamente apoiando as D.O. galegas e defendendo os nosos viños.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

• Ten constancia a Xunta de Galiza da autorización da caste ou variedade Godello por parte da Junta de Castela León a D.O. Rueda?



CSV: BORSUDOAEYMUHG54
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

• Fixo a Xunta de Galiza algunha xestión, intervención para que esta caste autóctona de Galiza non se autorice para a D.O. Rueda?

• Cal e motivo polo que a Xunta de Galiza non tomou medidas para defender as nosas D.O. ante esta actuación da Junta de Castela León de autorizar a variedade Godello na D.O. Rueda?

• Como valora a Xunta de Galiza a autorización desta uva na D.O. Rueda?

• Comunicouse a responsábel da Consellería do Medio Rural cos consellos reguladores da D.O. Valdeorras, Monterrei e Ribeira Sacra para poder tomar medidas conxuntas para minimizar a posíbel repercusión negativa desta medida?

• Coñece a Xunta de Galiza se os consellos reguladores da D.O. galegas fixeron algunha xestión sobre este tema?

• Vai a Xunta de Galiza elaborar algún estudo sobre as repercusións desta autorización nas D.O. galegas?

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2024

Asdo.: **Secundino Fernández Fernández**
**Luis Bará Torres**
**Sonia Vidal Lamas**
**Montserrat Valcárcel Armesto**
**Ariadna Fernández González**
Deputados e deputadas G.P. do BNG



CSV: BORISDDGAEYMUHGG54
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2024 17:47:27
Nº Rexistro: 11494
Data envio: 18/09/2024 17:47:27.409

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Secundino Fernández Fernández na data 18/09/2024 17:36:36**

**Luis Bará Torres na data 18/09/2024 17:36:57**

**Sonia Vidal Lamas na data 18/09/2024 17:37:06**

**Montserrat Valcárcel Armesto na data 18/09/2024 17:37:26**

**Ariadna Fernández González na data 18/09/2024 17:37:43**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2024 18:09:18
Nº Rexistro: 11501
Data envio: 18/09/2024 18:09:18.767

bng
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas** e **Brais Ruanova Vilas-Boas**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre o proxecto de creación dunha planta de fundición de chatarra de aluminio no concello de Coirós.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 24 de agosto o DOG publicaba un anuncio polo que se sometía a información pública a solicitude de autorización ambiental do proxecto para unha planta de fundición de chatarra de aluminio situada no parque empresarial de Pedra Partida, concello de Coirós. O titular desta planta é Aluminios Cortizo SL.

O concello de Coirós é un concello de 1.923 habitantes (INE 2023), parte da Reserva da Biosfera das Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo e que ten unha parte incluída na rede Natura 2000, que é a que se corresponde ás concas dos ríos Mendo e Mandeo e unha microrreserva de anfibios, que custodia a entidade de custodia do territorio Fragas do Mandeo.

Ademais de ser un concello rural, onde agricultura sobre todo a horta ten certa importancia, Coirós conta cun parque empresarial, o polígono de Pedra Partida, onde se compatibilizan usos industriais con terciarios ou de servizos. O sector forestal en Coirós ten unha incidencia importante tamén dentro da economía produtiva.

A empresa Aluminios Cortizo instalouse hai pouco tempo no polígono empresarial de Coirós, solicitando no seu momento autorización como centro xestor de residuos non perigosos en Coirós. A actividade consiste até o momento na valorización

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2024 18:09:18
Nº Rexistro: 11501
Data envio: 18/09/2024 18:09:18.767

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de chatarra de aluminio mediante un proceso de tratamento mecánico, consistente nunha fase de. trituración e unha fase posterior de clasificación de chatarra. O proceso realizase integramente no interior da nave na que se instalaron sistemas de filtrado de partículas.

O proxecto que agora presenta Aluminios Cortizo "consiste na modificación do proceso de trituración existente para ampliar a súa capacidade, pasando das actuais 60 toneladas/día a unha capacidade trituración final de 360 toneladas/día". Ademais propón unha reforma. da actividade que consiste na instalación neste lugar dunha fase adicional do proceso recuperación, consistente en fundición de aluminio, que será o principal proceso desenvolvido na planta porque procederá á reciclaxe de chatarra de aluminio. (mediante tratamento en fornos de fundición) para a obtención de tocho de aluminio. Por outra banda, amplíase a capacidade actual dunha das etapas da tratamento mecánico existente (etapa de trituración), e, por motivos de seguridade, a fase de trituración o corte con cizalla realizarase no exterior da nave".

Desde o BNG consideramos que hai algúns aspectos do proxecto que deben ser obxecto de explicación detallada.

Por exemplo, as distancias ás vivendas que se mencionan no proxecto son bastantes inexactas, o que xera desconfianza e transmite a sensación de minimizar de xeito premeditado o impacto que a actividade industrial poida xerar no medio ambiente e nas persoas da contorna. Non debemos esquecer que Coirós é un concello eminentemente residencial e que nas proximidades do emprazamento da planta de Cortizo, nun radio de 2 quilómetros, hai varios núcleos de poboación nos que viven máis de 1.000 persoas.

Outra das cuestións que merece ser examinada con detalle é o consumo de auga, que segundo o proxecto presentado pola empresa será dun volume equivalente ao 76% do consumo previsto para toda a poboación de Coirós, dato que faría necesario buscar alternativas para evitar comprometer o subministro de auga a domicilios e empresas.



CSV: BOPGDSPG-BAMKUG6-Z-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra banda, o proceso de trituración con cizalla realizarase no exterior das naves alegando motivos de seguridade no traballo, mais tamén se indica que este proceso xerará po que se emitira á atmosfera e/ou que será arrastrado pola auga de choiva.

A maiores, ao trasladar esta actividade ao exterior, e sumado a que a actividade da fábrica será de 24 horas e ao incremento de tráfico no polígono e vías de acceso, suporá un aumento significativo no ruído xerado.

A importancia deste ruído non debe ser minimizada alegando que se sitúa nun "polígono industrial", xa que se trata dun polígono empresarial con usos permitidos para actividades terciarias e de servizos. O ruído xerado polo tráfico da A6 ou a N VI non é comparábel porque se reduce notablemente no horario nocturno.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

- Ten pensado reunirse a Xunta con representantes do Concello de Coirós e máis con representantes veciñais para explicar os pormenores deste proxecto industrial?

- Considera necesario corrixir as distancias que figuran na solicitude de autorización entre a situación da futuro complexo industrial e os núcleos de poboación e instalacións de servizos?

- Valora a necesidade de reducir o consumo de auga implantando un sistema de aproveitamento da auga da choiva, e dotarse dunha nova fonte de captación de auga velando pola seguridade dos recursos hídricos?

- Entende que están recollidos todos os procesos susceptíbeis de emitir po á atmosfera ou ruído?



CSV: BOPGDSPG-BAWKU3sZ-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2024 18:09:18
Nº Rexistro: 11501
Data envio: 18/09/2024 18:09:18.767

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Valora a importancia de mellorar a monitorización dos focos de fumes, ampliando os elementos a controlar?

- Prevé o goberno da Xunta incluír novas medidas de control que reforcen a autorización ambiental?

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2024

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
**Brais Ruanova Vilas-Boas**
Deputada e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 18/09/2024 18:05:03**

**Brais Ruanova Vilas-Boas na data 18/09/2024 18:05:10**

CSV: BORISDPG-BAMKU86Z-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2024 18:26:01
Nº Rexistro: 11507
Data envío: 18/09/2024 18:26:01.754

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Cristina Fernández Davila** e **Ariadna Fernández González**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de especialistas para dar unha atención educativa de calidade a todo o alumnado do CEIP "Mestre Ramiro Sabell Mosquera" de Ponteareas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Neste comezo de curso as reclamacións dos centros educativos por falta de profesorado e especialistas para o alumnado NEAE (PT e AL), son numerosas. Pero a inmensa maioría delas non están sendo atendidas nin pola Inspección Educativa, nin pola Delegación Territorial de Educación en Pontevedra, seguramente por ter ordes claras de austeridade total e redución dos cadros de profesorado nos centros públicos.

Entre elas está a necesidade de persoal docente (para complementar a baixada do horario dos e das mestres ás 23 h lectivas semanais), así como especialistas para poder atender como é debido ao alumnado máis vulnerable, aquel con Necesidades Específicas de Apoio Educativo, como é o caso do CEIP "Mestre Ramiro Sabell Mosquera" de Ponteareas. Un centro de Infantil e Primaria, que tan só nesta última etapa, de 12 aulas completas, hai 33 alumnos/as que precisan especialistas PT e AL.

Este centro sempre foi referente dunha atención exemplar para o alumnado NEAE, a mesma Inspección era consciente do bo traballo do equipo de orientación da escola e das melloras innovadoras que se implementaran nela en colaboración coa Concellería de Ensino Municipal. Cuestións que foron interrompidas hai uns anos pola negativa de implicación da Consellaría.



CSV: BORISDPGHBAYMKdKh2-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2024 18:26:01
Nº Rexistro: 11507
Data envio: 18/09/2024 18:26:01.754

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A situación neste curso é preocupante para as familias, ás que se lles está advertindo os primeiros días de clase que os seus fillos e fillas non van dispoñer dos recursos e apoios que necesitan para poder enfrontar o seu avance nas distintas etapas educativas.

Aínda en peor situación atópase o alumnado de Infantil, xa que os recursos se retiran primeiro nesa etapa por non ser obrigatorios legalmente. Un erro tremendo, cando é ben coñecida que unha atención temperá a nivel transversal ante problemas diversos deste tipo de alumnado vai ser fundamental para a adquisición de hábitos, corrección de actitudes, impulso educativo, control emocional...

Temos exemplos como o dunha nai que, con impotencia, narra a situación do seu fillo que chega novo ao CEIP. Está matriculado nunha aula de 5º Infantil procedente dun centro onde tiña semanalmente 5 h cunha PT e outras 5 coa AL, e este curso lle din que non vai ter ese apoio porque os recursos dos que dispón o centro non son suficientes para a totalidade de casos que o precisan, malia ter documentación sanitaria e educativa que apoia as súas necesidades.

A ANPA do centro e mesmo a FANPO (Federación de Anpas da Comarca Condado-Paradanta e Louriña) agora que son conscientes da situación tan precaria e que tanto prexudica a unha boa parte do alumnado do centro educativo, está estudando tomar medidas para que a súa demanda sexa escoitada pola Delegación Territorial ou mesmo pola Consellaría de Educación.

Non é comprensible que mentres estas situacións se repiten a diario por decenas nos centros educativos de vilas e cidades neste comezo de curso, o Conselleiro de Educación siga alardeando de ter contratado o maior número de profesorado e especialistas da historia. Sacando peito de datos e máis datos que segundo el, apoia a mellor situación do ensino público nas últimas décadas.



CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2024 18:26:01
Nº Rexistro: 11507
Data envio: 18/09/2024 18:26:01.754

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tendo en conta o acordo asinado en outubro de 2023 entre a Consellaría de Educación e algúns sindicatos, a situación das aulas deberan estar mellorando: control do número de alumnos/as nas aulas, mingua do horario lectivo das e dos mestres, alumnado NEAE ocupando o lugar de 2 ou 3 prazas (segundo o grao de discapacidade), etc.

Pero a realidade é outra ben diferente, ben o saben os pais e nais do CEIP Ramiro Sabell Mosquera. Se a situación continúa como nos primeiros días de curso, a dirección do centro deberá deixar sen a atención que merecen os alumnos/as NEAE. Mais non queren que un centro de referencia como é este CEIP para numerosas familias, se vexa prexudicado coas medidas de recortes que aplica ano tras ano a Consellaría de Educación, en lugar de dotar de maiores e mellores recursos aos centros e ao alumnado. Como fan sempre, deixan de lado e sen recursos ao alumnado máis vulnerable e que máis o precisa: neste caso ao de infantil e aos que precisan atención específica educativa.

Nun momento onde o material tecnolóxico e dixital abunda en todas as escolas, resulta curioso que non se conte con algo tan básico como o profesorado necesario para impartir as distintas materias e para dar o apoio imprescindible e pautado ao alumnado NEAE, algúns deles cunha gran discapacidade.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 4ª:

Vai a Consellaría de Educación reforzar o cadro de persoal definitivo no CEIP "Mestre Ramiro Sabell Mosquera de Ponteareas" aumentando o número de mestres/as e de especialistas en Pedagoxía Terapéutica e Audición e Linguaxe, para poder atender



CSV: BORISDGFBAJIIMKZ4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2024 18:26:01
Nº Rexistro: 11507
Data envio: 18/09/2024 18:26:01.754

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

con total garantía a todo o alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo do CEIP?

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2024

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**
**Ariadna Fernández González**
Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Cristina Fernández Davila na data 18/09/2024 18:21:50**

**Ariadna Fernández González na data 18/09/2024 18:22:00**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2024 09:46:31
Nº Rexistro: 11516
Data envio: 19/09/2024 09:46:31.195

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas** e **Cristina Fernández Davila,** deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de atender as demandas do CPI Castro Baxoi de Miño (A Coruña).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Este curso escolar comezou no CPI Castro Baxoi de Miño coas demandas educativas pendentes de cursos anteriores.

A comunidade educativa leva xa desde finais do curso pasando reiterando publicamente a necesidade de que o goberno da Xunta atenda as deficiencias deste CPI, comezando polas que teoricamente estaban comprometidas.

Estamos ante un centro educativo que medra en matrícula, xa que Miño é un dos escasos concellos galegos que segue a medrar en poboación, como polo de atracción de nova veciñanza procedente das comarcas da Coruña e Ferrol, así como receptor tamén de inmigración.

Malia todo, o goberno non dá resposta á comunidade educativa de Miño, tal e como viñeron manifestando en sucesivas mobilizacións que aínda continúan a día de hoxe, unha vez comezado o curso.

A eliminación de 2 profesores, a desatención ao alumnado con NEAE, a necesidade de afrontar diversas obras pendentes na infraestrutura e nas propias aulas do



CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2024 09:46:31
Nº Rexistro: 11516
Data envio: 19/09/2024 09:46:31.195

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

colexio é unha realidade ben coñecida, que mesmo evidenciamos nesta cámara a pasada lexislatura desde o BNG.

A todo isto, cómpre engadir o feito de a Consellería de Educación estar a autorizar que non se imparta a totalidade do horario escolar; cada día o alumnado ten que renunciar a ter unha sesión completa porque o PP prioriza os intereses particulares do transporte escolar.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Considera o goberno que está a dar unha atención educativa de calidade ao alumnado do CPI Castro Baxoi de Miño?

- Vai o goberno restituír o profesorado eliminado e amplialo, se for preciso, para atender as necesidades educativas do alumnado do CPI Castro Baxoi de Miño?

- Como vai dar resposta ás obras pendentes no centro, imprescindíbeis para unha atención educativa de calidade?

- Comprométese o goberno galego a levar a cabo as obras de mellora necesarias? En que prazos?

- Como xustifica a Xunta que o alumnado se vexa obrigado a perder unha parte do horario lectivo para satisfacer os intereses do transporte escolar?

- Comprométese a que o alumnado recupere o horario lectivo legal neste curso 2024/2025?

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2024



CSV: BORISUDP3-R7W40MS4-Z-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2024 09:46:31
Nº Rexistro: 11516
Data envio: 19/09/2024 09:46:31.195

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Cristina Fernández Davila**

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 19/09/2024 09:37:37**

**Cristina Fernández Davila na data 19/09/2024 09:42:41**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2024 10:20:07
Nº Rexistro: 11529
Data envio: 19/09/2024 10:20:07.044

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Xosé Manuel Golpe Acuña**, **Ramón Fernández Alfonzo** e **Brais Ruanova Vilas-Boas**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, relativa á valoración do goberno galego sobre o canon eólico, os seus resultados e previsións a medio prazo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza impulsou no ano 2009 a Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galiza e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

Esta lei  foi modificada unilateralmente e sen diálogo sectorial ou social dez veces, a maioría a través do subterfuxio da lei de acompañamento dos orzamentos, introducía un novo mecanismo para teoricamente repercutir parte da riqueza da actividade eólica na sociedade g alega, compensando o seu impacto ambiental. Porén, a realidade foi ben distinta. Por unha banda, é necesario sinalar que tal e como xa foi advertido durante a súa tramitación, renunciar á participación pública directa de beneficios do sector era un erro histórico. Por outra banda, para alén de que o seu carácter ambiental é relativo, hai que dicir que a lei do sector eléctrico estatal en vigor dende 1997 abría xa a porta a encarecer a tarifa nunha autonomía ou concello no caso de contar con tributos sobre o sector. Esta posibilidade converteuse en imposición coa reforma impulsada en 2013.



CSV: BOPGDSPGVRXeMAUHIx2-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2024 10:20:07
Nº Rexistro: 11529
Data envio: 19/09/2024 10:20:07.044

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Resultado diso, Galiza chegou a pagar a tarifa eléctrica máis cara do estado ao repercutírense nela os suplementos territoriais do ano 2013 após de diferentes sentenzas xudiciais en favor do lobby eléctrico.

Canto máis tempo pasa, é máis evidente a eiva de concepción e funcionamento do canon eólico, tanto pola súa formulación inicial como polo uso que o goberno da Xunta fai del á hora de repartir o recadado. Unha recadación, por certo, que nunca chegou a acadar as expectativas previstas e que vai perdendo peso ano a ano.

O canon eólico arbitrado pola Xunta de Galiza grava o número de aeroxeradores establecendo un tramo exento e tres tramos con pagamentos unitarios crecen-tes segundo se incrementa o número de aeroxeradores. Dito imposto fornece, excluídos os gastos de xestión, o denominado Fondo de Compensación Ambiental, que se reparte por dúas vías . Unha, para os municipios directamente afectados polas instalacións dos aeroxeradores e as súas poligonais e infraestruturas. Outra, para a totalidade dos concellos galegos, por vía competitiva. A lei direcciona as actuacións financiábeis para aquelas " comprendidas en aplicacións orzamentarias que teñan entre as súas finalidades a protección do medio e do contorno natural, a súa conservación, reposición e restauración, así como o fomento da investigación dirixida á mellora na eficiencia do aproveitamento dos recursos das enerxías renovables". Anual-mente a Xunta emite unha orde mediante a cal regula os criterios de repartición e estable as bases reguladoras e a convocatoria das subvencións do Fondo de Compensación Ambiental en réxime de concorrencia non competitiva e concorrencia competitiva, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida. A contía aproximada adoita rondar os 11 millóns de euros, a metade aproximadamente do recadado polo canon eólico.

Este sistema de reparto, crea distorsións dentro dos concellos que contan no seu territorio con instalacións eólicas, chagando a percibir menos do 30% do recadado por este sistema dentro do seu territorio.



CSV: BOPGDSPG-RXeMAUGH-2-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2024 10:20:07
Nº Rexistro: 11529
Data envio: 19/09/2024 10:20:07.044

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Outra das eivas detectadas ten que ver co destino dos fondos. Despois de case quince anos de vixencia do Fondo de Compensación Ambiental, hai concellos que non atopan destino para inverter a partida que lles corresponde.

Entre os moitos problemas deste modelo cabe sinalar a previsión de progresiva redución na recadación por mor das transformacións no sector, que grazas ao desenvolvemento tecnolóxico conta con aeroxeradores con cada vez máis potencia e que levan a que polo tanto moitos parques teñan un número menor dos que se precisarían anteriormente para xerar ese volume. Así mesmo, o avance nas repotenciacións leva tamén a unha progresiva redución de aeroxeradores nos parques máis antigos e, polo tanto, á redución na recadación. Polo tanto, é evidente que e sta non é a forma máis adecuada de retornar á sociedade unha compensación polo impacto xerado, pois é decrecente nun non contexto no que paradoxalmente está a aumentar.

Polo tanto é necesario que o goberno galego faga unha profunda avaliación da situación e dialogue cos axentes afectados para introducir mudanzas na estrutura de recadación e reparto do canón eólico e fondo de compensación ambiental.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

1. Vai rectificar o goberno galego e impulsar a participación pública no sector eólico como mecanismo para que unha parte dos beneficios xerados polo vento galego retornen ao pobo galego?

2. Considera o goberno galego necesario mudar o obxecto de gravame do canon eólico para adaptarse á nova realidade do sector?



CSV: BORSUDGVXKMUGH-24
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2024 10:20:07
Nº Rexistro: 11529
Data envio: 19/09/2024 10:20:07.044

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Porque o goberno galego non busca outro mecanismo, como podería ser a potencia?

4. Considera o goberno galego que os concellos afectados pola expansión eólica están suficientemente compensados?

5. Asume o goberno galego a necesidade de garantir por lei que os tributos autonómicos non poidan repercutirse na factura das persoas consumidoras?

6. Ten pensado o goberno galego modificar as regras de reparto e uso do fondo de compensación ambiental?

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2024

Asdo.: **Xosé Manuel Golpe Acuña**
**Ramón Fernández Alfonzo**
**Brais Ruanova Vilas-Boas**
Deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Golpe Acuña na data 19/09/2024 10:14:58**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 19/09/2024 10:15:07**



CSV: BORISDECVRXMUGH-2-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Brais Ruanova Vilas-Boas na data 19/09/2024 10:15:16**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2024 10:32:21
Nº Rexistro: 11531
Data envío: 19/09/2024 10:32:21.785

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Cristina Fernández Davila** e **Mercedes Queixas Zas**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, , sobre o impulso que debe dar a Xunta de Galiza, a través da Consellaría de Educación, ao proxecto de Ensino Musical en Galiza da Fundación Groba.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O ponteareán Rogelio Groba Groba naceu na parroquia de Guláns, en Ponteareas, no ano 1930 e dedicou a práctica totalidade da súa vida á música, dándolle a Galiza un pulo importante á chamada "música culta". Primeiro como instrumentista na Banda de Música Unión de Guláns, logo como director da mesma con só 17 anos, e de moitas outras bandas, coros e orquestras. Posteriormente exerceu como profesor no Conservatorio Superior de Música de A Coruña, do que foi director durante máis de vinte anos, e fundou varios conservatorios dentro da xeografía galega.

Mais o seu gran legado é o da composición. O Mestre Groba compuxo máis de 720 obras, moitas delas aínda sen seren estreadas, converténdose nun dos compositores máis prolíficos de todo o Estado español. No seu repertorio pódense atopar sinfonías, concertos, cantatas, suites, ballets, obras para coro, música de cámara, para piano solista, orquestra de cordas, banda sinfónica ou un réquiem e seis óperas.

Da súa discografía destacan as gravacións realizadas pola orquestra de Cámara de Stuttgart ou as realizadas pola London Symphony Orchestra, co coro London Voices ou co violinista Pedro León como solista, ambos baixo a dirección do propio Groba. Tamén cabe destacar as gravacións realizadas pola Orquestra de Cámara Galega.



CSV: BORISOPC3AAQUFG4Z-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2024 10:32:21
Nº Rexistro: 11531
Data envio: 19/09/2024 10:32:21.785

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Autor de ensaios e libros, foi membro do Instituto José Cornide de Estudos da Coruña, da Real Academia Galega de Belas Artes, e da Real Academia de San Fernando, en Madrid. Ademais, dende o 2002 presidía a Fundación Rogelio Groba, clasificada "De interese cultural" e "De interese galego" pola Xunta de Galicia, e creada para protexer, estudar e difundir a obra do Mestre.

Desde 1990, Rogelio Groba dedicouse unicamente á creatividade musical, ámbito no que foi recoñecido co Premio Internacional de Composición Dante Luini organizado pola Radio Television Suisse Romande (1973), o Premio de la Crítica Gallega (1979), o Premio Xunta de Galicia de Cultura (1992), a Medalla Castelao (1995), ou o Premio Internacional de Composición Auditorio de Galicia (2004).

Malia todo isto, a súa labor pedagóxica en Galiza é dun valor incalculable, non só pola creación de conservatorios en todo o País, senón tamén polo material educativo que deixou no seu legado.

A día de hoxe, os estudantes de música en Galiza empregan obras de grandes compositores como repertorio de estudo, que aínda que valiosas no aspecto técnico, están afastadas das raíces e tradicións musicais galegas. Consciente desta carencia, Rogelio Groba, dedicou gran parte da súa vida a desenvolver un conxunto de materiais educativos adaptados para seren utilizados dende as primeiras etapas da aprendizaxe e ao longo de todo o currículo da ensinanza regrada en Galiza, cun obxectivo claro, que os futuros músicos se formen tendo en conta a súa propia cultura e vivencias.

Por iso, a Fundación Rogelio Groba, creada no ano 2002, ten como misión principal a preservación, protección e difusión do legado musical e pedagóxico do compositor. No seu compromiso coa educación musical, a Fundación propón que o material didáctico desenvolvido polo mestre Groba, sexa utilizado como recurso nos centros educativos galegos.



Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Fundación considera que este material é clave para ofrecer unha alternativa enriquecedora aos estudantes de música, permitindo que aprendan non só os aspectos técnicos, senón que se empapen da súa propia historia musical e cultural a través do folclore galego. Sendo unha prioridade que axudaría a preservar a tradición musical galega e a fornecer a identidade cultural dos estudantes.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Vai a Xunta, a través da Consellaría de Educación, impulsar o uso de materiais didácticos e pedagóxicos creados polo compositor ponteareán, Rogelio Groba Groba, como "Tipoloxías" ou "Once Baladas Galegas", como recursos valiosos para a ensinanza musical do alumnado en Galiza?

- Vai asinar un convenio coa Fundación Groba para acadar este obxectivo, así como para levar aos centros educativos ou aos Concellos (para varios centros), actividades complementarias que reforcen a figura de Rogelio Groba como o gran compositor galego recoñecido a nivel nacional e internacional, así como dar a coñecer a súa música ao alumnado (en forma de obradoiros, concertos, aulas didácticas, teatro, exposicións...)?

Santiago de Compostela, 19 de setembro 2024

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**
**Mercedes Queixas Zas**
Deputadas do G.P. do BNG



CSV: BOPGDSPGGvnAIU0FG-sZ-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2024 10:32:21
Nº Rexistro: 11531
Data envio: 19/09/2024 10:32:21.785

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Cristina Fernández Davila na data 19/09/2024 09:40:10**

**Mercedes Queixas Zas na data 19/09/2024 09:40:22**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Patricia Iglesias Rey, María Elena Espinosa Mangana e Julio Ernesto Abalde Alonso**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos**.

En aplicación da Lei 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF) e de conformidade co seu artigo 15, o Consello de Ministros aprobou, o pasado 12 de decembro de 2023, o Acordo polo que se fixan os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o conxunto das administracións públicas e de cada un dos seus subsectores para o período 2024-2026, así como o límite de gasto non financeiro dos orzamentos do Estado para 2024.

Este acordo establece un obxectivo de déficit para todas as administracións do Estado do 3 % do PIB en 2024 (2,7 % en 2025 e 2,5 % en 2026). Un acordo e uns obxectivos, lembremos, que foron aprobados por Bruxelas.

O documento, que recibiu o visto e prace de Bruxelas, recolle o obxectivo do 3 % de déficit distribuído por subsectores dun xeito máis estrito para as comunidades autónomas e entidades locais, esixindo ás comunidades autónomas equilibrio orzamentario e ás entidades locais un superávit orzamentario de +0,2 %.

O Goberno de España tentou durante estes anos de goberno dar maior marxe de financiamento ás comunidades autónomas, que son as que garanten o estado do benestar. Son as competentes en prestar os servizos públicos básicos de sanidade, educación e protección social. E, neste mesmo sentido,

CSV: BORISDOGAAMdUo6z84
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

aprobouse unha senda de estabilidade que supón unha flexibilidade nos obxectivos para as comunidades autónomas e entidades locais.

Deste xeito, fronte ao obxectivo inicial de equilibrio orzamentario para todas as comunidades autónomas, proponse un déficit do 0,1 % en 2024, tal e como se propón no Consello de Política Fiscal e Financeira, obtendo informe favorable na súa sesión do 11 de decembro. Nas entidades locais, tal e como propón a Comisión Nacional de Administración Local (CNAL), os concellos e outras entidades locais xa non terían que acadar un superávit do 0,2 % en 2024 e situaríanse en equilibrio orzamentario.

Trátase, polo tanto, dunha marxe adicional para comunidades autónomas e entidades sociais de tres décimas máis, equivalente a máis de 4.570 millóns de euros (4.573,2 millóns), que recae na Administración Xeral do Estado:

- Unha décima máis de marxe para as comunidades autónomas: máis de 1.500 millóns de euros adicionais de marxe orzamentaria.
- Dúas décimas máis de marxe para as entidades locais: máis de 3.000 millóns de euros adicionais de marxe orzamentaria.

Pero a pesar da flexibilidade para comunidades autónomas e entidades locais, que estas medidas significan, o PP tanto no Congreso dos Deputados como no Senado uniu os seus votos cos da extrema dereita ata en 3 ocasións para rexeitar estes acordos, a pesar de que a quen máis prexudica é aos gobernos autonómicos e locais.

O 10 de setembro de 2024, volveu o Consello de Ministros a aprobar os Obxectivos de Estabilidade e débeda pública para o conxunto de Administracións Públicas durante o período 2025-2027 e fixou o teito de gasto para este ano. Tratase da mesma senda de estabilidade que o Executivo

CSV: BORISDPGAFMVkMCeG24
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

acordou o pasado 16 de xullo de 2024 que o Congreso dos Deputados non apoiou posteriormente.

Polo tanto, os/as socialistas galegos esiximos ao goberno galego que vele polos intereses dos galegos/as. E a primeira esixencia que reclamamos é a lealdade institucional e a colaboración entre administracións e empresas para traballar todos xuntos e con vontade de cooperación para dar mellores respostas ás necesidades que expoñen os sectores produtivos da nosa sociedade, indicou.

Neste senso, temos que advertir aos galegos/as que o risco que suporía non contar con orzamentos o próximo ano e apelou a todas as forzas políticas a "que acorden e fagan posible as contas que este país necesita. Se non aprobamos o teito de gasto, Galicia perde dunha tacada 422 millóns de euros e alguén llo tería que explicar despois aos galegos e galegas.

É dicir, o PP vota en contra dun acordo do Goberno de España, que prexudica claramente os intereses económicos da nosa Comunidade Autónoma e, polo tanto, dos 2.699.424 de habitantes.

En definitiva, o resultado dun novo rexeitamento de PP e Vox á senda da estabilidade, leva consigo a redución da capacidade de financiamento vía déficit que terán as comunidades autónomas e entidades locais.

Unha redución da capacidade de gasto que terá a Comunidade Autónoma de Galicia nas súas contas públicas, xa que agora terán que pasar a contemplar nelas un equilibrio orzamentario para 2024, fronte a marxe inicial de 0,1 % de déficit. Unha situación que prexudicará claramente á cidadanía de Galicia.

CSV: BOPGDSPGAFvMdk6e6784
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Amosa o Goberno galego o seu apoio ao derradeiro Acordo de Goberno de España polo que se fixan os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o conxunto das administracións públicas e de cada un dos seus subsectores para o período 2024-2026?
2. Vai Goberno galego a informar sobre os prexuízos económicos do boicot do PP en Madrid á senda da estabilidade nos orzamentos galegos?
3. Vai o Goberno galego a explicar no Parlamento galego porque o Partido Popular apoia conceder menos capacidade de gasto nas competencias que son propias das comunidades autónomas, e que repercuten no benestar da cidadanía e no tecido produtivo no noso país?

Santiago de Compostela, 19 de setembro do 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Iglesias Rey na data 19/09/2024 12:57:32**

**Elena Espinosa Mangana na data 19/09/2024 12:57:42**

**Julio Abalde Alonso na data 19/09/2024 12:57:50**

CSV: BORISDPGARTAMdee6c234
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo
Parlamentario
Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Patricia Iglesias Rey, Julio Ernesto Abalde Alonso** e **Silvia Longueira Castro**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

Os/as socialistas de Galicia queremos facer fronte aos recortes e denunciar publicamente que a Consellería de Educación non está a cumprir as ratios establecidas para a asignación de profesores de Audición e Linguaxe e Pedagoxía Terapéutica nos concellos da Costa da Morte. A maioría destes recortes afectan a nenos e nenas con Necesidades Específicas de Apoio Educativo.

Como grupo parlamentario, os/as socialistas queremos presentar unha denuncia formal ante o Parlamento galego, poñendo de manifesto o que consideramos unha infracción grave das ratios acordadas pola Consellería de Educación do goberno galego.

O Goberno galego, que ostenta a competencia exclusiva en materia de educación, ten a obriga de garantir a igualdade para todos os nenos, con ou sen necesidades educativas especiais. Con todo, mentres estas necesidades medran, os recursos non o fan ao mesmo ritmo, mantendo os niveis de hai 10 anos.

A atención á diversidade é fundamental, pero as nais e pais atópanse sempre con unhas medidas esquecidas e as que só podemos socorrernos ante as carencias dos nosos cativos e cativas.

Segundo a asociación Paseniño e as ANPA de Cee, Laxe, Sardiñeiro, O Pindo e Muxía, os centros educativos están a verse especialmente afectados polos recortes, que repercuten directamente na calidade educativa dos seus fillos.

CSV: BOPGDSPG-6zIMf9Ssz-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

As familias asegúrannos que a situación é insostible, especialmente tendo en conta, por exemplo, que non se cumpre a normativa actual na que ningún curso que tivese entre 20 e 25 alumnos/as no curso pasado podía ter máis dos que tiña. Que tanto o alumnado repetidor como o alumnado con discapacidade recoñecida conta de maneira especial nestas ratios.

No DOG do 26 de outubro publícase a orde que regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. O capítulo V trata sobre os recursos necesarios para garantir a equidade e a inclusión, considerando tanto os recursos de tipo material como os de tipo profesional. Cos recortes en horas de A.L (Audición e Linguaxe) ou que o docente teña que ser compartida con ata 3 centros educativos, non están a cumprir os dereitos dos nenos e nenas da Costa da Morte.

Unha das cuestións que máis preocupa á comunidade educativa da Costa da Morte é o  feito de que, unha vez máis, os recortes afecten de maneira máis intensa ao rural.

A Asociación Paseniño xunto coas ANPA de toda a Costa da Morte solicitan ás autoridades educativas que adopten medidas inmediatas para garantir unha educación inclusiva, xusta e de calidade. Non se trata só do presente, estamos defendendo o futuro de toda unha xeración. O Goberno galego debe atender as peticións das nais e pais e responder adecuadamente. A loita polo rural é un obxectivo clave das nosas familias.

Ademais, os pais e nais denuncian que se lles priva de acceso a información crucial sobre os seus fillos, sendo sempre os últimos en recibila.

Non debemos esquecer que os recursos de Audición e Linguaxe (AL) e Pedagoxía Terapéutica (PT) son para todo o alumnado, non só para nenos con necesidades específicas. Todos temos dereito a unha educación que nos dé os recursos necesarios para que sexa inclusiva e igualitaria.

En definitiva, o compromiso dos /as socialistas é firme coa súa petición e non pararemos ata que se cumpran os acordos establecidos.

CSV: REXISTRO-gc2AMFU9BBsZ-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2024 13:13:33
Nº Rexistro: 11545
Data envio: 19/09/2024 13:13:33.536

De forma particular na comarca da Costa da Morte, queremos expresar as carencias nos centros educativos que tanto as ANPA como as familias estannos a achegar:

- Os 3 centros educativos do concello de Muxía teñen profesores de A.L. e P.T(pedagoxía terapéutica) compartido. A redución de horas chega a ser de 18h semanais a prestar servizo nun só dos colexio 12 horas.
- En Laxe non teñen mestre de A.L., pasaron de 1 a ter 0. E polo volume de novos casos de nenos con necesidades de apoio educativo, por ratio piden un 2º P.T.
- No colexio de Sardiñeiro, en Fisterra, non se cubriu a praza asignada de mestre de P.T., polo que o centro vese na obriga de xuntar cativos de 1º de Primaria con rapaces de 6º.
- No colexio Vila de Cee a día 17 de Setembro, o segundo P.T. adxudicado non chegou o centro. Fáltalles un mestre de reforzo en primaria, prometido pola anterior inspectora de zona.
- Na escola do Pindo o mestre de P.T. pasa a media xornada, e non contan con especialista en A.L.

CSV: BOPGDSPG-6AuHf9Bbs-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2024 13:13:33
Nº Rexistro: 11545
Data envio: 19/09/2024 13:13:33.536

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Vai a Consellería de Educación cumprir de forma urxente- pois xa comezou o curso escolar 24/25- coas ratios establecidos na normativa vixente para dotar de forma permanente a todos os centros educativos da Costa da Morte con persoal docente especializado Audición e Linguaxe (AL) e Pedagoxía Terapéutica (PT), para atender a diversidade educativa e se poida garantir unha educación pública de calidade inclusiva e igualitaria no noso país?

Santiago de Compostela, 19 de setembro do 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Iglesias Rey na data 19/09/2024 13:08:02**

**Julio Abalde Alonso na data 19/09/2024 13:09:21**

**Silvia Longueira Castro na data 19/09/2024 13:09:31**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2024 13:51:45
Nº Rexistro: 11550
Data envio: 19/09/2024 13:51:45.616

PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

**Miguel Ángel Viso Diéguez, Cristina Campero Dorado, Encarna Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta oral en Comisión 7ª Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes.**

A Xunta de Galicia vén de ampliar en 1,7M€, ata os 5M€ en total, os fondos da convocatoria de axudas para financiar actuacións de eficiencia enerxética no sector agropecuario galego, coa previsión de chegar a un cento de beneficiarios.

Ata o momento, esta liña de apoios convocada no ano 2021 beneficiou un total de 72 empresas, autónomos, comunidades de regadío e asociacións de produtores en Galicia cun importe de 3,2M€ que van xerar un investimento asociado de 10,7M€. Agora, tal e como publicou o 1 de agosto o DOG, a contía amplíase en 1,7M€ máis cos que se estima poder apoiar outras 28 actuacións máis.

En concreto, os apoios, de ata un máximo de 1M€ por expediente, van destinados a promover actuacións de eficiencia enerxética nas explotacións agropecuarias e á renovación das instalacións de regadío e dos equipos de bombeo que lle permitan reducir o consumo final de enerxía un mínimo dun 10% e abaratar así, a factura eléctrica.

Cóbrense, por exemplo, actuacións sobre a envolvente térmica que reduzan a demanda de calefacción e refrixeración dos edificios agropecuarios (fachadas, cubertas, xanelas), incluíndo solucións bioclimáticas. Tamén sobre as instalacións térmicas de calefacción, refrixeración, ventilación e auga quente sanitaria, como poden ser as destinadas aos procesos de pasteurizacaión e conservación de produtos perecedoiros, á climatización de naves de gando e invernadoiros, refrixeración en procesos de fermentación do viño, etc., así como para o aproveitamento de calores residuais e novas redes de calor.

Tamén se incentiva a implantación de enerxías renovables térmicas como enerxía solar térmica, biomasa, enerxía xeotérmica, enerxía ambiente (aerotermia ou hidrotermia),



CSV: BORISDPCGAMHDUA74
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

bombas de calor ou unha combinación de todas elas. A reforma ou substitución de instalacións de iluminación interior e iluminación exterior. E a renovación de motores para accionamentos mecánicos e outros servizos propios destas actividades.

No que respecta aos sistemas de regadío, as axudas cobren a substitución de grupos de bombeo por outros máis eficientes enerxeticamente; a implantación de variadores de frecuencia e arrancadores estáticos; o emprego de sistemas de regulación, control e monitoraxe da rede de rega que contribúan de forma directa ao aforro de enerxía; ou a instalación ou substitución de baterías de condensadores para mellorar a eficiencia enerxética das instalacións eléctricas das estacións de bombeo. Non serán elixibles aquelas actuacións que contribúan ao incremento no consumo de auga ou da superficie regable.

Para as empresas, a axuda non pode superar o 35 % do custo subvencionable da actuación, que se incrementa un 20 % no caso de axudas concedidas a pequenas empresas, e un 10 % no caso de medianas empresas.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en comisión:

-Que valoración fai a Xunta de Galicia desta convocatoria de axudas?

Santiago de Compostela, a 19 de setembro de 2024

CSV: BORISUPCGAMRDUA74
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2024 13:51:45
Nº Rexistro: 11550
Data envio: 19/09/2024 13:51:45.616

PARLAMENTO DE GALICIA

**Asinado dixitalmente por:**

**Miguel Ángel Viso Diéguez na data 19/09/2024 13:49:09**

**Cristina Campero Dorado na data 19/09/2024 13:49:21**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 19/09/2024 13:49:35**

**José Mato Díaz na data 19/09/2024 13:49:42**

**Enrique Barreiro Sánchez na data 19/09/2024 13:49:59**

**Cecilia Vázquez Suárez na data 19/09/2024 13:50:23**

**Ángel Rodríguez Conde na data 19/09/2024 13:50:34**

**Juan Manuel Casares Gándara na data 19/09/2024 13:50:47**

**Nicole Grueira Fernández na data 19/09/2024 13:51:00**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2024 16:49:45
Nº Rexistro: 11563
Data envío: 19/09/2024 16:49:45.620

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paloma Castro Rey, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

A Administración autonómica ten a obriga de promoción e garantía dos dereitos humanos, a atención ás persoas con discapacidade e á promoción da súa autonomía persoal, e isto implica atender as necesidades daquelas persoas que requiren apoios para desenvolver as actividades da vida diaria, acadar unha maior autonomía persoal e poder exercer plenamente os seus dereitos de cidadanía.

O Real decreto 888/2022, do 18 de outubro, establece o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grado de discapacidade, o establecemento dos baremos aplicables, así como a determinación dos órganos competentes.

No seu artigo 10. regula a tramitación de urxencia destes procedementos incluíndo nas causas que a xustifican que concorran motivos de interese público que así o aconsellen, entre outras as relacionadas coa saúde, a violencia de xénero, a esperanza de vida ou outras de índole humanitaria. O que implica que os prazos se reducirán á metade.

Galicia ten competencias no desenvolvemento deste procedemento e estas veñen reguladas na Orde do 25 de novembro de 2015 pola que se regula o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grado de discapacidade, e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes (modificada pola Orde do 3 de abril de 2017)

CSV: BOPGDSPG-3R0vPUGms-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Esta orde no seu art.16 regula tamén os procedementos considerados urxentes e no caso das mulleres vítimas de violencia de xénero a inclusión a condiciona á existencia dun procedemento aberto, xudicial ou administrativo, relativo a violencia de xénero, que se poida ver afectado polo recoñecemento e cualificación do grado de discapacidade.

No informe da Valedora do pobo 2023 presentado hai uns días alértase da situación de discriminación que pode implicar este requisito xa que condiciona a celeridade á pendencia dun proceso.

Dende o Grupo Socialista compartimos a reflexión da valedora na que afirma que por unha banda, as mulleres con discapacidade poden verse sometidas a unha discriminación múltiple polo feito de seren mulleres, de padeceren discapacidade e por seren vítimas de violencia de xénero.

E por outra, un dos factores esenciais para facer efectivos os dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero é a rápida valoración da súa posible discapacidade, de tal forma que, en caso de resultar positiva, accedan canto antes aos correspondentes beneficios.

Por iso, pedimos ao Goberno da Xunta que modifique a Orde do 25 de novembro de 2015 pola que se regula o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grado de discapacidade, e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes (modificada pola Orde do 3 de abril de 2017) para dar prioridade a todas as persoas que acrediten ser vítimas de violencia de xénero, sen condicionala á existencia dun proceso pendente que poida quedar condicionado.

Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2024 16:49:45
Nº Rexistro: 11563
Data envio: 19/09/2024 16:49:45.620

Ante esta situación, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Como vai o Goberno galego atender a recomendación da Valeduría do Pobo en relación co procedemento de declaración de discapacidade de vítimas de violencia de xénero?

2 Vai modificar o artigo 16 da Orde do 25 de novembro de 2015 pola que se regula o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grado de discapacidade, e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes (modificada pola Orde do 3 de abril de 2017)?

Santiago de Compostela, 19 de septiembre de 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 19/09/2024 16:20:56**

**Elena Espinosa Mangana na data 19/09/2024 16:21:05**

**Silvia Longueira Castro na data 19/09/2024 16:21:15**

CSV: BOPGDSPG-zRX0PHCnz-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2024 16:57:25
Nº Rexistro: 11567
Data envio: 19/09/2024 16:57:25.786

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Mercedes Queixas Zas, Iria Taibo Corsanego** e **Montserrat Prado Cores,** deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a demanda urxente de completas as prazas de persoal sanitario do SERGAS no COF de Orillamar da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Grupo Parlamentar do BNG recibimos resposta escrita ás preguntas formuladas en relación á necesidade de cubrir a totalidade das prazas de persoal sanitario do COF de Orillamar da Coruña.

Este centro, xunto co do Ventorrillo, son moi recoñecidos pola súa atención e coidado da saúde sexual e reprodutiva das mulleres. Dous centros referentes na área sanitaria da Coruña a respecto do asesoramento anticonceptivo e educación afectivo-sexual, da asistencia de anticoncepción de urxencia, na oferta de terapias de parella con problemas afectivo-sexuais, na interrupción legal da xestación ou na xestión do duelo perinatal.

No entanto, a calidade na atención médica dos dous COF da Coruña leva anos sufrindo recortes de persoal e desatención por parte do goberno da Xunta.

Tal e como fixemos constar desde o BNG nunha batería de iniciativas rexistradas nesta cámara o 11 de xuño de 2024, o COF de Orillamar, das dúas prazas de xinecoloxía coas que está dotado este servizo, apenas dispón dunha praza ocupada con carácter fixo desde 2020, é dicir, catro anos cunha oferta de atención médica reducida á metade e apenas ofertada en momentos puntuais e intermitentes.



CSV: BORISUDG-RZMKXCmeZ-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2024 16:57:25
Nº Rexistro: 11567
Data envio: 19/09/2024 16:57:25.786

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As consecuencias dunha oferta médica incompleta como esta xustifica a acumulación de 80 mulleres en listaxe de agarda e a imposibilidade de programar citas para atender a saúde sexual e reprodutiva das pacientes.

O goberno do PP na Xunta, en vez de actuar conforme as súas competencias e obrigas para resolver a insuficiente atención sanitaria co persoal estatutario, opta por remitirnos unha resposta escrita negando tal afirmación e indicando que "tódalas prazas de persoal sanitario do Sergas están actualmente cubertas con persoal estatutario".

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 5ª:

Cando vai dotar o goberno, con carácter definitivo, a praza vacante de xinecoloxía no COF de Orillamar?

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2024

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
**Iria Taibo Corsanego**
**Montserrat Prado Cores**
Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 19/09/2024 16:54:25**



CSV: BORISDGeRMXXzsZ-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2024 16:57:25
Nº Rexistro: 11567
Data envio: 19/09/2024 16:57:25.786

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Iria Taibo Corsanego na data 19/09/2024 16:56:09**

**María Montserrat Prado Cores na data 19/09/2024 16:56:40**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2024 17:22:24
Nº Rexistro: 11572
Data envio: 19/09/2024 17:22:24.438

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Iria Carreira Pazos, Olalla Rodil Fernández** e **Montserrat Valcárcel Armesto,** deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre as graves afirmacións feitas por parte do xefe de servizo de Pneumoloxía do HULA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vén de ser publicada nun xornal galego unha entrevista ao xefe de servizo de Pneumoloxía do HULA na que se fan unhas graves aseveracións. Nela, o señor Pérez de Llano mostra a súa preocupación polas múltiples queixas que se dan por parte do sector médico, desprezando as reclamacións efectuadas polos seus dereitos laborais coma a libranza das gardas, ou descualificando co termo de "baixistas profesionais". Todas estas afirmacións realízaas, segundo as súas palabras, pola preocupación que ten polas pacientes, mais desprezando o impacto que puidera ter sobre a atención que se lles proporciona por parte de persoal que non cumpre os descansos mínimos.

Estamos nunha grave situación na sanidade pública galega, na que pacientes e profesionais están a sufrir as consecuencias das políticas tomadas por parte do Partido Popular na Xunta de Galiza. Profesionais que padecen unha grande precariedade laboral en termos xerais, e que nos últimos anos están vendo como se suceden as ameazas contra os seus dereitos, con xornadas laborais alongadas e sobrecargadas, ou con denegación de permisos de vacacións ou días de libre disposición. E fronte a esta situación, vemos como desde unha xefatura de servizo, que cómpre lembrar que se trata dun cargo de responsabilidade, se aproveita a proxección pública para emitir mensaxes

CSV: BOPGDSPGhbZAUIEf0BXA4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2024 17:22:24
Nº Rexistro: 11572
Data envio: 19/09/2024 17:22:24.438

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

claramente degradantes para as profesionais da sanidade pública galega, contrarias incluso a calquera recoñecemento dos dereitos laborais.

A estas alturas, varias centrais sindicais teñen amosado a súa indignación por estas declaracións, demandando accións por parte do Sergas e a Consellería de Sanidade. Indignación que desde o BNG compartimos, agravada pola inacción do goberno galego.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

– Que valoración fai o goberno galego das declaracións realizadas polo xefe de servizo de Pneumoloxía do HULA?

– Comparte a valoración de que a raíz do problema que atravesa a sanidade pública galega é a "falta de vocación de servizo" e que "os médicos se queixan demasiado"?

– Cal é a opinión do goberno galego sobre a libranza das gardas de 24h? Considera que é un dereito de todo o persoal, incluíndo o persoal residente? Está garantido ese dereito na sanidade pública galega?

– Que valoración fai das gardas de 24h? Que consideración ten sobre o impacto que poden supor sobre a saúde das profesionais? E sobre a atención proporcionada ás pacientes?

– Cando vai cesar ao xefe de servizo de Pneumoloxía do HULA?

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2024



CSV: BORISDPCGZMDEM2D0234
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2024 17:22:24
Nº Rexistro: 11572
Data envio: 19/09/2024 17:22:24.438

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

**Montserrat Valcárcel Armesto**

**Olalla Rodil Fernández**

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iria Carreira Pazos na data 19/09/2024 17:17:56**

**Montserrat Valcárcel Armesto na data 19/09/2024 17:20:53**

**Olalla Rodil Fernández na data 19/09/2024 17:21:25**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Lara Méndez López** e **Carmen Rodríguez Dacosta**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

A Consellería de Medio Rural conta con seis centros de formación agraria asentados en distintas provincias co fin de adaptarse ás características da zona. Converténdose en centros de referencia e aproveitar os recursos do lugar así como para que reverta o coñecemento no territorio de referencia. Estes centros de formación e experimentación agraria son os de Guísamo, Becerreá, Sergude, Ribadeo, Monforte e Lourizán.

Dende o ano 2018 as funcións e competencias en materia de formación, innovación e investigación deste centros formativos, son asumidos pola Axencia Galega da Calidade Alimentaria.

Dende estes centros se ofertan cursos de formación regradas e non regradas, coñecidas tamén como formación continua. Dirixida a agricultores e gandeiros cunha compoñente práctica moi importante, así tamén cursos básicos ou de especialización dedicados ao sector agrogandeiro coa finalidade de adaptarse ás necesidades de cada momento.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que tipo de usos se están a facer destes centros de formación e experimentación agraria?

CSV: BOPGDSPG-RAUUgKrs7-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2024 17:32:34
Nº Rexistro: 11579
Data envio: 19/09/2024 17:32:34.912

2. Cal é a tendencia en canto a número de alumnado e a cursos ofertados que teñen os centros?
3. Cal foi o orzamento dedicado en 2023, o estado de execución deste ano en curso e cal é a previsión orzamentario para o ano 2025?
4. Estúdase por parte da Xunta de Galicia diversificar estes centros tanto na súa oferta formativa como nos usos dos mesmos?

Santiago de Compostela, 19 de setembro do 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Lara Méndez López na data 19/09/2024 17:28:40**

**Carmen Rodríguez Dacosta na data 19/09/2024 17:28:49**

CSV: BORISUDO3-RAUUGRs-Z-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2024 17:43:45
Nº Rexistro: 11584
Data envío: 19/09/2024 17:43:45.095

PARLAMENTO DE GALICIA

**A Mesa do Parlamento**

**Carmen Pomar Tojo, Rubén Lorenzo Gómez, José Luis Ferro Iglesias, Victor Baladrón Lamas, Julio García Comesaña, Patricia García González, Dolores Hermelo Piñeiro, Raúl Santamaría González e Borja Verea Fraiz** deputados e deputadas **do Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª Educación e Cultura .**

O audiovisual galego atravesa un dos seus mellores momentos, desenvolvendo importantes proxectos e incluso poñendo os ollos mais alá das nosas fronteiras. Motivo polo cal, as Medallas de Galicia de 2024 premiaron o traballo deste sector.

Luis Tosar, Zaza Ceballos e a Academia Galega do Audiovisual foron os premiados, máis detrás destes recoñecementos agóchase todo un sector que constitúe unha importante plataforma de promoción da nosa cultura e da nosa lingua, chegando a converterse nos últimos anos nunha importante fonte de riqueza e de xeración de emprego dentro da nosa Comunidade.

Tendo isto en conta, cómpre que a acción das administracións públicas axude de maneira decidida a seguir promocionando un sector en alza, a través de distintas iniciativas que permitan o seu crecemento progresivo e a súa internacionalización.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular, formulan as seguintes preguntas:

1.-Que axudas ten posto en marcha a Xunta de Galicia para o sector do audiovisual?

2.-Que beneficios tiveron para a promoción da cultura e da lingua?

Santiago de Compostela, 19 de setembro 2024.

CSV: BORISUPCGRMVQF634
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2024 17:43:45
Nº Rexistro: 11584
Data envio: 19/09/2024 17:43:45.095

PARLAMENTO DE GALICIA

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Pomar Tojo na data 19/09/2024 17:40:15**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 19/09/2024 17:40:30**

**Borja Verea Fraiz na data 19/09/2024 17:40:39**

**José Luis Ferro Iglesias na data 19/09/2024 17:41:01**

**Víctor Baladrón Lamas na data 19/09/2024 17:41:13**

**Julio García Comesaña na data 19/09/2024 17:41:21**

**Patricia García González na data 19/09/2024 17:41:42**

**Dolores Hermelo Piñeiro na data 19/09/2024 17:41:52**

**Raúl Santamaría González na data 19/09/2024 17:43:16**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2024 17:44:35
Nº Rexistro: 11589
Data envio: 19/09/2024 17:44:35.985

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Iago Suárez Fernández**, **Paulo Ríos Santomé** e **Luis Bará Torres**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre os novos problemas nos desvíos viarios após a caída da LU-651 no Courel.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Após a caída da vía LU-651 hai máis de dous anos, a poboación da Serra do Courel vén sufrindo un prexuízo moi considerable por non poder circular con normalidade por unha estrada de vital importancia para esa zona do país.

Inexplicablemente, esta situación arrástrase durante dous anos, algo do que desde o BNG estamos certos que non acontecería se se tratase dunha cidade ou dunha vila máis poboada. Mais isto non é todo; hai meses a estrada LU-651 volveu ter erros estruturais polo que foi necesario fechala novamente, desviando todo o tránsito, incluído o transporte escolar, por unha estrada realmente perigosa e con tramos tremendamente estreitos e que mesmo pasan por debaixo de vivendas.

Nos últimos días, unha furgoneta ficou atrapada nun destes tramos provocando o corte do tráfico polo que toda a poboación do concello de Folgoso do Courel quedou atrapada. Por sorte, esta furgoneta non quedou atrapada durante os horarios do transporte escolar polo que non houbo que lamentar prexuízos neste ámbito. Mais, de novo, isto non é todo. O desvío está en tan mal estado que o luns día 16 de setembro un bus que transportaba crianzas ao colexio Poeta Uxío Novoneira rebentou un pneumático.



CSV: BORSUDPGJFAM2UC6-5Z-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2024 17:44:35
Nº Rexistro: 11589
Data envío: 19/09/2024 17:44:35.985

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Urxe que a Xunta de Galiza actúe xa, sen escusas e sen desculpas, para arranxar dunha vez por todas a LU-651 e deixar de menosprezar a poboación da Serra do Courel.

Por todo o exposto anteriormente formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

-Vai arranxar dunha vez por todas a LU-651 a Xunta de Galiza?

-Se ten pensado arranxar a vía, cando prevé facelo o Goberno galego?

-Que resposta dá a Xunta ás familias das crianzas que teñen que ir en transporte escolar polo perigoso desvío?

-Por que deixou a Xunta que isto siga a acontecer mesmo despois do inicio do curso académico?

-Vai pedir desculpas o Goberno galego á poboación da Serra do Courel polo prexuízo derivado destes problemas viarios?

-Por que segue a Xunta sen investigar a caída da LU-651?

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2024

Asdo.: **Iago Suárez Fernández**

**Paulo Ríos Santomé**

**Luis Bará Torres**

Deputados do G.P. do BNG



CSV: BORISDSPGFAMZ6G6Z-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2024 17:44:35
Nº Rexistro: 11589
Data envio: 19/09/2024 17:44:35.985

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Suárez Fernández na data 19/09/2024 17:36:54**

**Paulo Ríos Santomé na data 19/09/2024 17:36:58**

**Luis Bará Torres na data 19/09/2024 17:37:47**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2024 18:07:37
Nº Rexistro: 11594
Data envio: 19/09/2024 18:07:37.702

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Noa Presas Bergantiños** e **Olalla Rodil Fernández**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á valoración, conclusión e actuacións que vai impulsar o goberno galego coñecidos os datos respecto da evolución da violencia sexual en Galiza que recolle o "Informe sobre violencias sexuais 2023" remitido á Cámara Galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mes de setembro de 2024, o goberno galego remitía á Cámara Galega, en cumprimento da Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, o

"Informe sobre violencias sexuais 2023". Este informe é froito do consenso parlamentario e complementa o Informe Xeral sobre violencia para abordar con singularidade unha das formas de violencia machista contra as mulleres, que e á violencia sexual. Desta forma, permítenos ter unha análise histórica e abrir reflexións sobre a súa evolución e as actuacións que cómpre impulsar desde as distintas institucións.

Este informe recolle como os datos galegos seguen a tendencia rexistrada no ámbito do Estado: no ano 2023 aumentan os delitos sexuais rexistrados, na liña histórica que só se alterou na pandemia. A excepción é o delito de provocación, todo os demais aumentan. De forma específica, sinálase que os dous últimos anos os aumentos foron maiores, que agresión e abuso sexual e agresión e abuso sexual con penetración son os delitos máis numerosos e que, da mesma maneira que cos feminicidios, na análise por



CSV: BOPGDSPG-RXIMU6sz-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

meses, no conxunto do Estado hai estacionalidade, con máis delitos nos meses de verán. Porén, no ano 2023 en Galiza rómpese esta tendencia e os datos son máis homoxéneos, cun importante reponte no último trimestre. Canto aos lugares, maioritariamente as agresións son cometidas en "vivendas e anexos" (máis da metade dos delitos) aínda que se fai notar o aumento de delitos cometidos en "recintos e establecementos".

No que atinxe ao estudo das vitimizacións, 9 de cada 10 vítimas son mulleres. A fenda é menor nos delitos de provocación, pornografía de menores (aínda así, máis mulleres) e promoción prostitución novas tecnoloxías (novo delito). Por idades os homes son máis no tramo de menores de 13. Esta situación desminte con datos as posicións regresivas que a dereita está a impulsar no ámbito do Estado que busca vitimizar os homes e deslexitimar a violencia machista como algo estrutural e froito do patriarcado. Canto ao perfil dos agresores, un 93% son homes e cabe sinalar que delitos como o da prostitución contribúen a aumentar a porcentaxe de mulleres, que nalgunha tipoloxía delictiva é mesmo inexistente.

Cabe sinalar que, atendendo aos datos, no 2023 aumentan as vitimizacións de mulleres estranxeiras. Se no 2022 o 79,1% das vitimizacións son de persoas nacionais do Estado español, representando un 20,9% as vitimizacións de persoas estranxeiras, no 2023 as cifras son 73,80% e 26,20% respectivamente. Aumenta, tamén a porcentaxe de agresores estranxeiros, aínda que maioritariamente son de nacionalidade do Estado español.

A posición de Galiza respecto do Estado mantense nos índices dos últimos anos: se no 2022 representaba o 4.15% do total estatal e era a oitava comunidade autónoma con máis número de delitos contra a liberdade e indemnidade sexual, no 2023 segue sendo a oitava do Estado cun 4,23%.

En Galiza ascende a cifra a 811 rexistros, 162 máis que o ano anterior (+20%), o maior número e o maior aumento de toda a serie histórica (desde 2016) e debemos ter



CSV: BORISUDPQ-9XIMU-VBIEZ-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2024 18:07:37
Nº Rexistro: 11594
Data envio: 19/09/2024 18:07:37.702

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

en conta estimación de que só chegan a denunciarse un 20% das agresións que potencialmente se comenten.  Como sinalabamos máis arriba, a diferenza doutros anos e a diferenza da tendencia no Estado, 2023 representa unha evolución trimestral bastante "equilibrada" entre os trimestres, pese a que os datos estatais si amosaban estacionalidade. Comparando os datos de 2023 coas cifras que xa coñecemos dos dous primeiros trimestres de 2024 que xa coñecemos, son cifras similares ás do 2023. No primeiro trimestres, 190 feitos coñecidos fronte a 191 e no segundo, 408 fronte a 405 no 2024.

Esta información estatística, e a súa comparativa, son importantes para coñecermos a dimensión crecente deste tipo de violencia machista, mais é preciso tamén afondar máis no aspecto cualitativo, recadando a información e impresións que poden darse en foros de participación e cooperación como nas Mesas interinstitucionais ou no Observatorio Galego contra a violencia machista.

Así mesmo, é preciso facer unha planificación dos recursos galegos para a atención da violencia sexual que sexa máis ambicioso, pois comparando os datos do Informe de 2023 cos anteriores a conclusión é clara: hai campañas que están xa esgotadas e compren ser revisadas para dar un novo impulso ou ser substituídas, como a de Agresións Off, e outros programas que, sendo moi importantes, requiren de ser reforzados para chegar a máis usuarias e usuarios porque malia aumentar os rexistros de violencia sexual, mantéñense conxelados en cifras similares ano a ano.

Galiza foi pioneira á hora de visibilizar a violencia sexual e conceptuala, con rango de lei, como unha forma de violencia machista e de dominación contra a muller. Adiantámonos á aprobación do Convenio de Istambul e ao Estado español, que demorou anos en ratificalo e máis dunha década en introducir legalmente esta conceptualización e comezar a arbitrar recursos que no noso país existen desde hai anos, como as axudas económicas.



CSV: BOPGDSPG-xM1lUJ6sz-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2024 18:07:37
Nº Rexistro: 11594
Data envío: 19/09/2024 18:07:37.702

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É, polo tanto, nun contexto de aumento do coñecemento da violencia sexual e de cuestionamento por parte da dereita máis reaccionaria, unha responsabilidade colectiva reforzar e mellorar os programas relacionados coa violencia sexual recollendo a aprendizaxe da experiencia e atendendo aos indicadores que hoxe coñecemos.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Como valora o goberno galego o medre das cifras de violencia sexual e o menor medre do número das usuarias dos recursos?

Que medidas de ampliación dos recursos vai impulsar o goberno galego para que as medidas de recuperación para as vítimas de violencia sexual cheguen a máis persoas?

E para intensificar as medidas de prevención?

Vai reformar a campaña Agression OFF debido á baixada do seu alcance? En que sentido?

Cales son as razóns para que o Programa de intervención con mulleres vítimas de abuso e violencia sexual chegue máis ou menos a un número similar de usuarios e usuarias? Que medidas valora para o ampliar?

E canto ao Programa de Detección e identificación de situacións contra a liberdade e indemnidade sexual en mulleres con discapacidade? Que valoración fai? Considera necesario reforzalo para ampliar as persoas usuarias?



CSV: BORISDPC-RAMJU6SZ-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2024 18:07:37
Nº Rexistro: 11594
Data envio: 19/09/2024 18:07:37.702

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que valoración lle merece ao goberno galego o programa de intervención con nenos, nenas e adolescentes vítimas de abuso sexual? Cal foi a evolución de 2022 a 2023, xa que no Informe non inclúe datos comparables?

Por que o programa Re-incorpórate non se amplía se a valoración é positiva? Valora a Xunta, cando menos, triplicalo? Por que motivos?

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2024

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**
**Olalla Rodil Fernández**
Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 19/09/2024 18:02:43**

**Olalla Rodil Fernández na data 19/09/2024 18:06:51**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa ás causas de que o 44% d@s profesionais que rematan a formación MIR non queden en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vimos de coñecer a través dun medio de comunicación que dos 350 Médic@s Interno Residente ( MIR) que remataron a súa formación no Sergas no ano 2023 só quedaron 199, o 56%, polo que a cifra dos que marcharon é de 151.

Remataron 246 de especialidades hospitalarias é só quedaron 133, é dicir o 54%; e dos 104 que remataron Medicina de Familia, só continuaron 66, o 63%, marcharon o 37%.

Estes datos son demoledores, e poñen en evidencia o que vimos denunciando dende fai anos, que non chega con formar máis profesionais se logo non se fidelizan na sanidade pública. A información pon de manifesto, mais unha vez, a mentira permanente na que está instalado o Partido Popular, que na vez de tomar medidas para solucionar o déficit de profesionais na sanidade pública galega, pon todos os esforzos en crear un relato fraudulento das causas.

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2024 18:10:17
Nº Rexistro: 11602
Data envío: 19/09/2024 18:10:17.340

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Non é suficiente con reclamar máis prazas, se @s profesionais no teñen condicións laborais dignas, se non se prestixia a sanidade pública, se non se establecen os criterios para que as ratios permitan unha atención de calidade.

O Partido Popular non planificou nin a curto, nin medio nin longo prazo, a pesares das moitas veces que lle advertimos do que ía acontecer se non tomaban medidas, levamos no BNG anos demandando medidas para garantir o relevo xeracional, dado o altísimo número de xubilacións que se ían producir e a resposta foi sempre caso omiso.

É imprescindíbel que a Xunta poña en marcha todas as actuacións que garantan crear as condicións para:

- Que se cubran todas as prazas de formación que se ofertan no MIR

- Non renuncien unha vez escollida

- Non se dean á fuga unha vez rematan a formación.

É inaceptábel que o Sergas centre a solución en que @s mesm@s profesionais traballen máis horas, máis días e máis anos. @s profesionais non poden traballar nunhas condicións de continua emerxencia e a poboación precisa que teñan tempo e condicións para prestarlle unha atención sanitaria de calidade.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Cal coida que é a causa de que o 44% dos profesionais que remataron no ano 2023 a formación de Médic@s Intern@s Residentes (MIR) non quedaran en Galiza?



CSV: BORISUDGNRAMTVGh5Z-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2024 18:10:17
Nº Rexistro: 11602
Data envio: 19/09/2024 18:10:17.340

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Parécelle casualidade que ano tras ano @s profesionais que rematan o MIR non acepten contratos no Sergas?

Que avaliación fai ao respecto?

Que alternativa lles oferta @s galeg@s diante da escaseza de facultativ@s de Medicina de Familia e Comunitaria, pediatras, enfermeiras...?

A que agarda o Sergas para presentar un Plan de Ordenación de Recursos Humanos a partir do cal presentar un plano de redimensionamento e estabilidade do cadro de persoal?

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2024

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
**Iria Carreira Pazos**
Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 19/09/2024 18:05:48**

**Iria Carreira Pazos na data 19/09/2024 18:06:05**



CSV: REXISDRPGNRAMTVGh5Z-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

## 1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

### 1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

### 1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

### 1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

### 1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

### 1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

### 1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

### 1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

## 2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

### 2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

### 2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

### 2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

### 2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

## 3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

## 4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

### 4.1. INFORMACIÓNS

## 4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS

CSV: BOPGDSPG-RAMIUGhsZ-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
**PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-RAMIUGhsZ-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/